

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE

FÍSICA Y QUÍMICA

EDUCACIÓN SECUNDARIA

CURSO 2013-2014

CPI DE XANCEDA

INTRODUCCIÓN

Despois de varios anos de implantación da reforma educativa, a experiencia demostrou a necesidade de dotar de maior concreción a todos os currículos de Ensino Secundario e de actualizalos nos aspectos científico e didáctico.

Por iso, foron aprobadas no Real Decreto 3473/2000 e no decreto 133/2007 as modificacións das ensinanzas mínimas na ESO, co fin de adecuar os currículos das comunidades autónomas á realidade científica e social que viven os estudantes nos inicios do novo milenio.

Iso supón a necesidade de adquirir unhas aprendizaxes suficientemente actualizados e acordes cos cambios acaecidos nos últimos anos. O dobre carácter terminal e preparatorio da etapa implica garantir unha formación básica e favorecer un conxunto de aprendizaxes que contribúan tanto á inserción do alumnado no mundo laboral como á continuidade en posteriores.

SITUACIÓN ACTUAL DA ETAPA

Nos últimos anos foise configurando unha nova forma de entender a educación. Para adaptarnos a estes cambios, temos que crear unhas pautas de aprendizaxe, considerando a Educación Secundaria Obrigatoria unha etapa na que se persegue que os alumnos e as alumnas alcancen, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e disciplina.
- Prepararse para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral.
- Formarse para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns e cidadás.
- Adquirir os elementos básicos da cultura, especialmente en aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico.

O obxectivo prioritario desta etapa é preparar os adolescentes para ser futuros cidadáns dunha sociedade democrática e tecnoloxicamente avanzada.

Tanto en 1º e 2º como 3º e 4º da ESO adoptan a "área" como unidade e instrumento organizador do currículo, encargado de articular en obxectivos e contidos as intencións globais que expresan os obxectivos xerais da etapa.

As áreas curriculares que imparte este departamento na ESO son as seguintes:

- Ciencias da Natureza.
- Bioloxía e Xeoloxía
- Física e Química
- Ámbito Científico en Diversificación Curricular de 3º e 4º de ESO

A ordenación e organización da Educación Secundaria Obrigatoria está condicionada pola súa dobre intencionalidade:

- a) Procurar que os mozos asimilen criticamente os elementos culturais básicos do seu tempo, preparándose para desempeñar os seus deberes e exercer os seus dereitos na sociedade actual.
- b) Facilitar as bases que permitan unha formación posterior, a través do Bacharelato ou da Educación Técnico-Profesional.

A Educación Secundaria Obrigatoria, se ben adquire un valor terminal claro, leva consigo, ao mesmo tempo, un valor preparatorio, por canto debe asegurar aos alumnos e ás alumnas o paso á Educación postobrigatoria sen ningún tipo de discriminación.

Iso sitúa o profesorado desta etapa educativa na necesidade de deseñar un currículo presidido polos seguintes criterios básicos:

1. A Educación Secundaria Obrigatoria debe asegurar a adquisición dos saberes que configuran a bagaxe necesaria de toda persoa, articulando o básico e común para todos os mozos coas particularidades da comunidade galega, da área local e do propio centros educativo.
2. A Educación Secundaria Obrigatoria debe contemplar unha progresiva diferenciación dos contidos curriculares, co fin de asegurar un equilibrio axeitado entre o principio de comprensividade, por un lado, e o principio de satisfacción dos distintos intereses, motivacións e capacidades dos alumnos e as alumnas, por outro.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

A Educación Secundaria Obrigatoria coincide, dende o punto de vista do desenvolvemento dos estudantes, coa adolescencia. Nestes anos, os escolares experimentan un proceso de cambio especialmente significativo. Arredor dos doce anos advértense cambios importantes na personalidade do alumnado. Estes cambios, que afectan tanto ao seu desenvolvemento físico e intelectual coma ao ámbito afectivo, constituirán os trazos máis característicos da adolescencia.

Os adolescentes viven, pois, cambios afectivos, cognitivos e sociais de grande transcendencia neste período da súa vida. Por unha parte, prodúcese un maior impulso nas súas relacións sociais, advertíndose unha integración social máis profunda no seu grupo de amigos/as-compañeiros/as. Por outra, nestes anos apréciase o comezo dun proceso de independencia respecto á súa familia. O adolescente comeza xa a ter as súas propias ideas, actitudes e valores, os cales lle permiten conformar a súa auténtica identidade persoal e social.

A estas transformacións habemos de engadir os cambios non menos importantes que se producen no ámbito cognitivo e intelectual. A partir dos doce anos, os alumnos e as alumnas desenvolven un tipo de pensamento de carácter abstracto, que permite a realización de operacións lóxico-formais e a resolución de problemas máis complexos.

Os alumnos e as alumnas posúen unha maior capacidade de razoamento, de formulación e comprobación de hipótese, de argumentación, reflexión, análise e exploración das variables que interveñen nos fenómenos. Este tipo de pensamento adoita consolidarse en torno aos dezaseis anos. É nesta etapa cando se adquire e se consolida o pensamento abstracto formal

nos alumnos e as alumnas.

Na adquisición deste tipo de pensamento desempeñan un papel esencial os profesores e as profesoras, en canto mediadores da aprendizaxe. Nós debemos situar os alumnos ante situacións e experiencias que lles esixan un razoamento hipotético-dedutivo, o recoñecemento dos datos, variables e elementos implicados nunha situación-problema, a elaboración de hipótese e estratexias para a resolución de problemas, a comprensión da información (verbal e non verbal) e a comprobación sistemática das hipóteses establecidas.

A Educación Secundaria é, así mesmo, unha etapa na que os alumnos e as alumnas deben ser convenientemente introducidos no método científico. Ao final da devandita etapa, os alumnos e as alumnas estarán en condicións de comprender os elementos básicos que constitúen o método científico: observación, formulación de hipótese, dedución de consecuencias e verificación de resultados.

Outra característica do desenvolvemento evolutivo durante a adolescencia é o crecente interese dos alumnos e as alumnas polo seu ámbito físico-social. Iso esixe iniciais no coñecemento profundo das relacións sociais, así como proporcionarlles unha educación acorde co sistema de valores establecidos. A construción da propia identidade, a aceptación das posibilidades e os límites do propio corpo, a asimilación e a elaboración de significados culturais, así como o desenvolvemento dun nivel aceptable de autoestima, son aspectos dunha importancia capital a estas idades. Por este motivo, non poden ser esquecidos pola acción dos docentes.

En suma, os alumnos e as alumnas destas idades experimentan os cambios propios da adolescencia, que levan consigo, á súa vez, procesos de reconstrución persoal neste momento transcendental do seu desenvolvemento.

FINALIDADES EDUCATIVAS DO PROXECTO CURRICULAR

Tendo en conta a situación actual da etapa, presentamos este documento, enfocándoo como un Proxecto no que se perseguen os seguintes obxectivos:

1. O pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.
2. O desenvolvemento de hábitos intelectuais e habilidades técnicas de traballo, así como a adquisición de coñecementos científico-técnicos e humanísticos.
3. A formación para participar activamente na vida sociocultural da súa comunidade, así como o fomento de actitudes de cooperación e solidariedade.
4. O desenvolvemento das capacidades creativas e do espírito crítico e o fomento da igualdade de dereitos entre os sexos; o rexeitamento a todo tipo de discriminación e o respecto a todas as culturas.
5. A formación no respecto á pluralidade lingüística e cultural de España e na defensa do medio.

As devanditas finalidades poderán ser concretadas e/ou matizadas por este departamento, en función das peculiaridades do Centro. Para iso, temos como marco de referencia o ordenamento xurídico vixente:

Neste proxecto, e tal como sinala a lexislación educativa actual en referencia a ESO, a distribución de obxectivos, contidos e os criterios de avaliación de cada unha das áreas curriculares realízase por cursos.

O PROXECTO CURRICULAR

1. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

Se ben cada unha das áreas que compoñen o currículo da Educación Secundaria establece os seus propios obxectivos xerais, todas as áreas curriculares teñen como marco de referencia os obxectivos xerais da etapa. Estes obxectivos identifícanse coas capacidades que os alumnos e as alumnas han de desenvolver ao longo da etapa, como resultado da acción educativa intencionalmente planificada.

Os obxectivos da ESO caracterízanse polos seguintes trazos distintivos:

- Defínense como capacidades intelectuais ou cognitivas, afectivas ou morais, motoras, de relación interpersonal e de inserción social.
- Son o referente básico para planificar a práctica docente, ao orientar a selección e a secuencia dos contidos educativos e a realización das actividades ou tarefas.
- Han de entenderse como instrumentos que guían o proceso de ensino-aprendizaxe, constituíndo a referencia clave para revisar e regular o currículo.
- Fan referencia a diversos tipos de aprendizaxes (conceptuais, procedimentais e actitudinais).
- Admiten sucesivos niveis de concreción. Así, os obxectivos xerais da etapa concrétanse nos obxectivos de área, coa intención de precisar a achega que, dende cada unha das áreas, debe facerse para contribuír ao desenvolvemento das capacidades, definidas nos obxectivos xerais da etapa.

Os devanditos obxectivos xerais da ESO cumpren tres funcións fundamentais:

1. Definen as metas que se pretenden alcanzar.
2. Axudan a seleccionar os contidos e os medios didácticos.
3. Constitúen o referente indirecto da avaliación.

Os alumnos e as alumnas ao longo da Educación Secundaria Obrigatoria deberán alcanzar os seguintes obxectivos:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de

desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

k) Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade.

2. CONTIDOS

O termo "*contidos*" fai referencia expresa a aqueles elementos culturais o coñecemento dos cales se considera especialmente relevante para potenciar e promover o desenvolvemento integral do alumnado. Dous aspectos esenciais destacan na consideración dos contidos

educativos: a) o papel da sociedade para determinar o que merece ser aprendido, e b) o carácter instrumental dos contidos.

A Constitución Española establece, no seu artigo 27, que as ensinanzas mínimas deben ser comúns a todos os alumnos e procurar a continuidade, progresión e coherencia da aprendizaxe.

O obxectivo non é outro que atender á diversidade, calquera que sexa a necesidade educativa que o alumnado puidese presentar..

Os contidos son o conxunto de informacións que, dentro de cada programación, se ensinan e apréndense ao longo do proceso educativo. O desenvolvemento das capacidades humanas concrétase na adopción dos distintos tipos de contido. Os devanditos contidos son tanto máis axeitados e funcionais canto mellor contribúen a alcanzar os obxectivos propostos.

- ¿Para que ensinar? Obxectivos.
- ¿Que ensinar? Contidos.
- ¿Como ensinar? Metodoloxía.
- ¿Como aprenderán os alumnos? Actividades ou tarefas.
- ¿Con que ensinar? Medios e recursos didácticos.
- ¿Como analizar os procesos de ensino? Avaliación.

Por outro lado, un termo tan amplo como contidos abrangue non só os aspectos puramente conceptuais, senón tamén os procedimentais e os actitudinais. As actividades ou experiencias de aprendizaxe son o conxunto de tarefas ou actuacións de toda índole que os alumnos e as alumnas deben realizar para alcanzar os obxectivos previstos e adquirir os contidos seleccionados. É importante dispoñer dun amplo e variado repertorio de actividades, para atender sen dificultades engadidas, ao estilo e ao ritmo de aprendizaxe de cada alumno ou alumna. Con iso, non obstante, non se pretende homoxeneizar os tempos de actividade e as tarefas propiamente ditas. Un mesmo tempo educativo pode e debe permitir a realización de actuacións diversas nun mesmo grupo de alumnos e alumnas.

Para a selección de actividades ou experiencias de aprendizaxe, seguimos os seguintes criterios:

- Validez; isto é, relación entre experiencia e conduta desexada.
- Comprensividade; xa que os diferentes tipos de aprendizaxe esixen distintos tipos de experiencias.
- Variedade; para cubrir diferentes intereses, modalidades de aprendizaxe, ritmo de traballo, etc.
- Adaptación ao nivel xeral do desenvolvemento individual e do grupo.
- Estruturación en redes ou constelacións ao redor dun plan xeral.

- Continuidade dentro da mesma competencia; entre a experiencia escolar e a extraescolar, dentro do mesmo tempo escolar.
- Relevancia para a vida cotiá do alumnado; xa que, xeralmente, o alumnado aprende para responder ás súas necesidades.
- Participación; a planificación conxunta evita a aprendizaxe parcial.

Ademais, diferenciamos varios tipos de actividades segundo a súa finalidade:

1. *Actividades previas e de motivación.* Tratan de descubrir as ideas, os intereses, as necesidades, etc. dos alumnos, e as alumnas sobre os contidos que se van traballar. Con elas, suscítase a curiosidade intelectual e a participación de todos nas tarefas educativas.
2. *Actividades de desenvolvemento.* Son aquelas que as unidades de programación prevén con carácter xeral para todo o alumnado.
3. *Actividades de reforzo.* Para aqueles alumnos e alumnas os ritmos de aprendizaxe das cales sexan máis lentos (alumnado con necesidades educativas especiais), é imprescindible a programación de actividades de reforzo que, de acordo coas súas características, faciliten o desenvolvemento das súas capacidades.
4. *Actividades de ampliación.* Son aquelas que posibilitan aos alumnos e ás alumnas seguir avanzando nos seus procesos de aprendizaxe unha vez que realizaron satisfactoriamente as tarefas propostas nunha unidade de programación. Haberían de deseñarse para alumnos e alumnas con ritmos de aprendizaxe "rápido".
5. *Actividades de avaliación.* O profesorado debe deseñar estas actividades, sen que poidan ser percibidas polos alumnos e as alumnas como diferenciadas, para readaptar permanentemente os procesos educativos.

3. METODOLOXÍA

A organización do proceso de ensino esíxenos adoptar estratexias didácticas e metodolóxicas que orienten a súa intervención educativa. Con iso, non se pretende homoxeneizar a nosa acción, senón coñecer, e, se é posible, compartir os enfoques metodolóxicos que se van utilizar na aula.

Ademais das decisións últimas que tomamos en torno aos criterios para a organización do ambiente físico (espazos, materiais e tempos), os criterios de selección e utilización dos recursos didácticos, os criterios para determinar os agrupamentos dos alumnos, etc.

Este Proxecto Curricular tivo en conta, a teoría da aprendizaxe significativa e que se poden resumir nos seguintes aspectos:

1. Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.
2. Asegurar a construción de aprendizaxes significativas.
3. Facer que o alumnado constrúa aprendizaxes significativas por si mesmo.
4. Facer que o alumnado modifique progresivamente os seus esquemas de coñecemento.

5. Incrementar a actividade manipulativa e mental do alumnado.

Cando se formula como ensinar na Educación Secundaria, débese adoptar unha metodoloxía que asegure que as aprendizaxes dos alumnos e as alumnas sexan verdadeiramente significativas.

Asegurar unha aprendizaxe significativa supón asumir unha serie de condicións, que podemos resumir nos seguintes puntos:

- a) O contido debe ser potencialmente significativo, tanto dende o punto de vista da estrutura lóxica da disciplina (ou área) coma no que concirne á estrutura psicolóxica do alumnado.
- b) O proceso de ensino-aprendizaxe debe conectar coas necesidades, intereses, capacidades e experiencias da vida cotiá dos alumnos e as alumnas. Neste sentido, a información que recibe o alumno ha de ser lóxica, comprensible e útil.
- c) Deben potenciarse as relacións entre as aprendizaxes previas e as novas.
- d) Os alumnos e as alumnas deben ter unha actitude favorable para aprender significativamente. Así pois, han de estar motivados para relacionar os contidos novos con aqueles que adquiriron previamente.
- e) As interaccións de profesorado e alumnado e de alumnos con alumnos facilitan a construción de aprendizaxes significativas. Ao mesmo tempo, favorecen os procesos de socialización entre os alumnos e as alumnas.
- f) É importante que os contidos escolares se agrupen en torno a núcleos de interese para o alumnado e que se aborden en contextos de colaboración e dende ópticas con marcado carácter interdisciplinar.

4. AVALIACIÓN

A avaliación é unha actividade imprescindible nas tarefas docentes. Toda acción educativa debe ir acompañada dun proceso que valore e introduza propostas de mellora e que guíe e informe aos participantes (profesorado, alumnado,...) sobre o desenvolvemento dos procesos educativos e das súas posibles modificacións, para conseguir con éxito os obxectivos que se propoñen.

Dende unha concepción actualizada, a avaliación aparece como un instrumento ao servizo do proceso de ensino e aprendizaxe, integrada no quefacer diario da aula e do centro educativo. Ademais, debe ser o punto de referencia na adopción de decisións que afectan á intervención educativa, á mellora do proceso e ao establecemento de medidas de reforzo educativo ou de adaptación curricular.

A aprendizaxe dos alumnos e as alumnas será un dos obxectivos da avaliación educativa, pero non o único. Iso non quere dicir que a avaliación deba abandonarse ou non poida formularse con rigor, senón que non pode tratarse dun modo illado, pois forma parte do proceso educativo.

A avaliación identifícase coas seguintes características:

Debe ser continua. A avaliación é un elemento inseparable do proceso educativo. Está inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe co fin de detectar as dificultades no momento en que se producen, descubrir as súas causas e, en consecuencia, adaptar as actividades de ensino e aprendizaxe.

Debe ser integradora. O carácter integrador da avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria esixe ter en conta as capacidades xerais establecidas nos obxectivos da etapa, a través das expresadas nos obxectivos das distintas áreas e materias. A avaliación da aprendizaxe dos alumnos nesta etapa educativa será, pois, continua e integradora, aínda que diferenciada segundo as áreas e materias do currículo.

Debe ser formativa, cualitativa e contextualizada. A avaliación estará vinculada ao seu ámbito e a un proceso concreto de ensino e aprendizaxe.

5. TRATAMENTO DOS CONTIDOS TRANSVERSAIS

A Educación en Valores e os Contidos Transversais (en diante, CT) non estiveron nunca ausentes do currículo escolar.

Este Proxecto Curricular ten presente que os obxectivos esenciais da educación actual non se limitan á formación cultural do seu alumnado, senón que inclúen, ademais, a formación cívico-ética dos alumnos e as alumnas en todos aqueles valores aos que aspira a sociedade. De aí que o desenvolvemento do Proxecto Curricular nas distintas áreas que configuran a etapa da Educación Secundaria Obrigatoria teña en conta non só aspectos conceptuais e/ou habilidades ou procedementos que o alumnado debe adquirir, senón tamén as actitudes, os valores e as normas que será aconsellable traballar dende o punto de vista educativo.

A Educación en Valores perfílase como a resposta máis axeitada e inmediata que o noso sistema educativo ofrece unha educación democrática e plural. Conscientes diso, este Proxecto Curricular contempla os CT como eixes vertebradores dunha Educación en Valores.

Consciente da súa contribución á formación integral dos alumnos e as alumnas, este Proxecto Curricular ten en conta a transversalidade dos valores. Estes concíbense como o conxunto de contidos pertencentes a campos do coñecemento moi diversos, que deben ser abordados cun enfoque multidisciplinar e que se aprecian de xeito integrado tanto nos obxectivos coma nos contidos de todas as áreas e materias que conforman o currículo da ESO.

En suma, o Proxecto Curricular asume e trata os Contidos Transversais e a Educación en Valores non como un anexo ou complemento, senón como algo inherente e intrínseco ao propio Proxecto e que podemos resumir nos seguintes ámbitos:

- Educación Moral e Cívica.
- Educación para a Paz, a Solidaridade e os Dereitos Humanos.
- Educación para a Saúde.
- Educación para a Igualdade entre os Sexos.
- Educación Ambiental.
- Educación Afectivo-Sexual.

- Educación do Consumidor.
- Educación Vial.
- Educación para a Interculturalidade.
- Educación para os Medios de Comunicación.

6. ATENCIÓN A DIVERSIDADE

O feito diferencial que caracteriza á especie humana é unha realidade insalvable que condiciona todo proceso de ensino-aprendizaxe. En efecto, os alumnos e as alumnas son diferentes no seu ritmo de traballo, estilo de aprendizaxe, coñecementos previos, experiencias, etc. Todo iso sitúanos na necesidade de educar en e para a diversidade.

A expresión "*atención á diversidade*" non fai referencia a un determinado tipo de alumnos e alumnas (alumnos e alumnas problemáticos, con deficiencias físicas, psíquicas ou sensoriais, etc.), senón a todos os escolarizados en cada clase do centro educativo. Isto supón que a resposta á diversidade dos alumnos e as alumnas debe garantirse dende o mesmo proceso de planificación educativa. De aí que a atención á diversidade se articule en todos os niveis (centro, grupo de alumnos e alumnas e alumno concreto).

Así, o Proxecto Curricular de etapa configúrase como o primeiro nivel de adaptación do currículo. O carácter opcional dalgunhas áreas no último ano, o progresivo carácter optativo ao longo da etapa, os distintos graos de adaptación individualizada, o reforzo educativo, as adaptacións curriculares, a diversificación curricular e os programas de garantía social son os elementos que constitúen unha resposta aberta e flexible aos diferentes problemas que se formulan no proceso educativo.

Para atender á diversidade, dispónse de dous tipos de vías ou medidas: medidas ordinarias ou habituais e medidas específicas ou extraordinarias. As medidas específicas son unha parte importante da atención á diversidade, pero deben ter un carácter subsidiario. As primeiras e máis importantes estratexias para a atención á diversidade adoptaranse no marco do centro e de cada aula concreta.

Neste sentido, en canto ao currículo como primeira medida ordinaria de atención á diversidade, temos diversos niveis de adaptación curricular.

Presentamos a continuación o desenvolvemento de cada unha das áreas curriculares que imparte este departamento no Ensino Secundario Obrigatorio.

ÁREA DE CIENCIAS

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

As ciencias da natureza contribúen á adquisición das competencias básicas desde a organización das materias que integran a área, da súa estrutura conceptual, da metodoloxía utilizada e das actitudes e valores que promove.

- A comunicación, nos ámbitos da comprensión e expresión, tanto oral como escrita, constitúe un eixe fundamental no proceso de ensino e aprendizaxe do coñecemento científico, contribuindo ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.

Nesta área trátase de desenvolver a capacidade de comprensión cando se fan lecturas de textos científicos e o alumnado aprende a diferenciarlos doutros que non son científicos, cando se contrastan materiais escritos e audiovisuais de diferentes fontes, tanto descritivos como argumentativos, nun proceso que pasa pola identificación dos conceptos e ideas principais, a interpretación do papel que desempeñan segundo o contexto e as relacións que se establecen entre eles. Na resolución de problemas débese estimular a lectura comprensiva a través da contextualización da situación, da identificación dos conceptos que aparecen e das relacións que se establecen entre os ditos conceptos e os datos.

- No ensino da área a expresión oral e escrita busca a coherencia e precisión no uso da linguaxe, tanto no nivel descritivo como no interpretativo. Trabállase a expresión cando se emiten hipóteses, contrástanse ideas, acláranse significados sobre conceptos ou procesos científicos en contextos diferentes, realízanse sínteses, elabóranse mapas conceptuais, extráense conclusións, realízanse informes ou organízanse debates onde se fomenten actitudes que favorezan a mellora na expresión oral e escrita, a confianza para expresarse en público, o saber escoitar, o contrastar opinións e ter en conta as ideas dos demais.

- Contribúe esta área ao desenvolvemento da competencia matemática, dado que o coñecemento científico se cuantifica grazas á linguaxe matemática. O emprego de números, símbolos, operacións e relacións entre eles forman parte da metodoloxía científica e constitúen unha base importante para a comprensión de leis e principios.

Na realización de investigacións sinxelas, traballos prácticos ou resolucións de problemas desenvólvense capacidades para identificar e manexar variables, para organizar e representar datos obtidos de maneira experimental, para a interpretación gráfica das relacións entre eles, para realizar operacións con números e símbolos, para atopar as solucións correctas, para cuantificar as leis e principios científicos e para utilizar estratexias básicas na resolución. Nas ciencias da natureza emprégase o razoamento matemático como apoio cara a unha mellor comprensión das relacións entre conceptos.

- A competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico recae de xeito importante sobre esta área na cal o alumnado aprende os conceptos básicos que lle permitan a análise, desde diferentes eidos do coñecemento científico, da materia, dos seres vivos, dos fenómenos naturais, das súas transformacións, dos seus efectos sobre o ambiente e a saúde, dos cambios e dos obxectos tecnolóxicos.

- A área de ciencias da natureza contribúe á competencia de tratamento da información e competencia dixital, xa que se traballan habilidades para identificar, contextualizar, relacionar e sintetizar a información procedente de diferentes fontes e presentada en diversas linguaxes propias das tecnoloxías da información e comunicación, como os buscadores pola internet, documentos dixitais, foros, chats, mensaxaría, xornais dixitais, revistas divulgativas na web, presentacións electrónicas e simulacións interactivas. Cando se traballa a crítica reflexiva sobre as informacións de tipo científico que achegan as tecnoloxías da información e a comunicación, foméntanse actitudes favorables ao emprego

delas evitando o seu emprego indiscriminado.

Cando se apoia a aprendizaxe de modelos teóricos por medio de simulacións, cando se traballan representacións de datos por medio de programas informáticos, cando se realizan experiencias virtuais para contrastalas coas reais, cando se representan estruturas moleculares, atómicas, anatómicas, xeolóxicas, situacións problemáticas coa axuda dos ordenadores, desde a área estase a contribuír á competencia dixital.

- En relación coa competencia social e cidadá, esta área trata de dotar o alumnado das habilidades necesarias para comprender a problemática actual en relación coa súa persoa, co resto da sociedade e co planeta. A aproximación do currículo á situación concreta na cal se vive facilita a participación activa do alumnado en actividades que impliquen esa cidadanía responsable.

As ciencias da natureza contribúen a coñecer e aceptar o funcionamento do corpo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e ser críticos cos hábitos sociais pouco saudables e a contribuír á conservación e mellora do ambiente.

Os debates históricos sobre as diferentes concepcións dos fenómenos que afectan as persoas serven para traballar habilidades sociais relacionadas coa participación, cooperación e poñerse en lugar dos outros, aceptar diferenzas, respectar os valores, crenzas e incluso a diversidade de culturas.

- A contribución da área á competencia cultural e artística. Na expresión das ideas, conceptos e principios das ciencias da natureza empréganse, de xeito creativo, diferentes códigos artísticos para representar fenómenos ou situacións dun xeito comprensible.

Desde a área de ciencias contribúese a desenvolver esta competencia cando se promove a presentación das ideas ou traballos en formatos diversos, onde se lles deixa ás alumnas e aos alumnos a liberdade de elixir os ditos formatos estéticos e artísticos, cando se utilizan os museos de ciencias para espallar os xeitos de pensar ou facer doutras culturas, ou nas exposicións relacionadas co ámbito científico, como medio de coñecer, comprender e desfrutar do coñecemento científico.

- desenvolvemento da competencia de aprender a aprender desde os ámbitos científico e tecnolóxico, nun mundo en continuo e acelerado cambio, implica espertar inquietudes e motivacións cara á aprendizaxe permanente. Cando afloran as ideas previas do alumnado sobre os contidos científicos, favorécese esta competencia xa que se está a promover que as alumnas e os alumnos sexan conscientes dos seus propios coñecementos e limitacións. Pódese empregar a historia da ciencia para que os estudantes non caian no desánimo de estar case sempre errados nas súas concepcións, cando ata os máis grandes científicos experimentaron erros e resistencias ás novas ideas.

METODOLOXÍA

A aprendizaxe concíbese como un cambio de esquemas conceptuais por parte de quen aprende. Pártese, xa que logo, da aceptación de que os alumnos e as alumnas posúen esquemas previos de interpretación da realidade.

A organización dos contidos ten presente a propia natureza da ciencia como actividade constructiva e en permanente revisión.

Deste xeito, o que se aprende depende fundamentalmente do xa aprendido (coñecementos previos), e, por outra banda, quen aprende constrúe o significado do aprendido a partir da propia experiencia, é dicir, a partir da súa actividade cos contidos de aprendizaxe e coa súa aplicación a situacións familiares.

A organización dos contidos conceptuais ten presentes os catro eixes fundamentais que sinala o currículo: materia, enerxía, interacción e cambio. Isto permitirá un estudio da ciencia coherente e articulado.

Os contidos procedimentais engloban aqueles que se relacionan coa comprensión da ciencia, coa aplicación do método científico e coa adquisición de técnicas instrumentais propias.

As actitudes e valores, xunto aos temas transversais, descubrirán a dimensión ética dos contidos desta área, derivando comportamentos que melloren as relacións humanas e o respecto polo medio ambiente, e estimulando o rigor metódico e crítico nos traballos propostos.

O proceso de ensinanza-aprendizaxe para as ciencias está formado por un conxunto de actividades incluídas nos tres ámbitos de contido, cada unha con finalidades didácticas diferentes. A súa aprendizaxe non é illada, senón que constitúe un todo coherente no que os diferentes contidos se complementan.

Ponse en práctica un proceso de traballo holístico, que permita usar os elementos didácticos que compoñen unha unidade en diferentes situacións de aprendizaxe. Polo tanto, trátase de aplicar diferentes métodos:

Inductivo: partir do particular e achegado ao alumno, para rematar no xeral, a través de conceptualizacións cada vez máis complexas.

Deductivo: partir do xeral, para concluír no particular, no contorno achegado ao alumno.

Indagatorio: mediante a aplicación do método científico.

Activo: baseado na realización de actividades por parte do alumno.

Explicativo: baseado en estratexias de explicación.

Participativo: invitando ao debate.

Mixto: tendente a unir nunha mesma unidade didáctica a práctica de máis dun dos métodos anteriores.

OBXECTIVOS

Tendo en conta as características propias da área, xunto coas da etapa e do alumnado, propoñemos os seguintes obxectivos para a área de Ciencias:

- Formar o alumnado no coñecemento e na aplicación do método científico.

- Comprender e expresar mensaxes científicas empregando a linguaxe oral e escrita con propiedade, así como outros sistemas de notación e de representación, como diagramas, gráficas, táboas, etc.
- Interpretar cientificamente os principais fenómenos naturais, así como as súas aplicacións tecnolóxicas, empregando as leis e conceptos das Ciencias da Natureza.
- Aplicar estratexias persoais, coherentes cos procedementos da ciencia, na resolución de problemas.
- Participar na planificación e realización en equipo de actividades científicas, avaliando as achegas propias e alleas en función dos obxectivos seleccionados, cunha actitude flexible e colaboradora e asumindo responsabilidades no desenvolvemento do proceso.
- Empregar de forma autónoma diferentes fontes de información, incluídas as novas tecnoloxías da información e da comunicación, adoptando unha actitude crítica sobre cuestións científicas e tecnolóxicas.
- Adquirir e empregar os coñecementos sobre o corpo humano para desenvolver e afianzar hábitos de coidado e saúde corporal que propicien un clima individual e social san, así como unha actitude crítica fronte do consumo de drogas.
- Aplicar os coñecementos científicos para analizar os mecanismos que rexen o funcionamento do medio natural, valorándoo, estudando a repercusión que sobre el teñen as actividades humanas e participando na súa conservación e mellora.
- Recoñecer e apreciar as achegas da ciencia para a mellora das condicións de vida dos seres humanos e valorar a importancia da formación científica.
- Entender o coñecemento científico como algo integrado, que se compartimenta en distintas disciplinas para afondar nos diferentes aspectos da realidade e como un proceso de construción ligado ás necesidades da sociedade en cada momento histórico e sometido a unha evolución e a unha revisión continua.
- Adquirir unha actitude crítica e fundamentada fronte aos grandes problemas que hoxe suscitan as relacións entre ciencia e sociedade.
- Coñecer e valorar o noso patrimonio natural, especialmente o de Galicia, as súas características e os elementos que o integran.

CIENCIAS DA NATUREZA

1º E 2º DE E.S.O

1. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

A maior parte dos contidos de Ciencias da Natureza ten unha incidencia directa na adquisición da competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, pois precisamente require a aprendizaxe de conceptos tales como o principio de causalidade ou de influencia, e require tamén a habilidade para analizar sistemas complexos, nos que interveñen varios factores. Neste curso, ademais, transmítense o coñecemento do propio

corpo e as relacións entre os hábitos e as formas de vida e a saúde. Tamén as implicacións que a actividade humana e, en particular, determinados hábitos sociais e a actividade científica e tecnolóxica teñen no medio.

A competencia matemática traballarase a través da resolución de problemas cuantitativos, o os que se poida traballar con datos reais, e a través deles analizar causas e consecuencias. Deste modo insístese na utilidade das Matemáticas como ferramenta de todas as ciencias.

A contribución desta materia ao desenvolvemento da competencia no tratamento da información e competencia dixital, realízase a través da busca, recollida, selección e procesamento de datos e a súa representación (verbal, numérica, simbólica ou gráfica). Á faceta de competencia dixital tamén se contribúe a través da utilización das tecnoloxías da información e a comunicación. Así, se utilizarán recursos didácticos dispoñibles no centro, como a Aula de Informática, coa súa conexión a Internet, para realizar traballos de busca de información para elaborar informes sobre temas de actualidade.

A competencia social e cidadá está ligada, en primeiro lugar, ao papel da ciencia na preparación de futuros cidadáns dunha sociedade democrática para a súa participación activa na toma fundamentada de decisións, debido ao papel que xoga a natureza social do coñecemento científico. A alfabetización científica que se leva a cabo neste nivel permite aos alumnos expresarse con propiedade á hora de comprender e afrontar debates sobre problemas de interese social. Para iso, farase unha forte énfase na adquisición de vocabulario técnico, e na súa utilización adecuada en cada contexto. En segundo lugar, o coñecemento de como se produciron determinados debates que foron esenciais para o avance da ciencia, contribúe a entender mellor cuestións que son importantes para comprender a evolución da sociedade en épocas pasadas e analizar a sociedade actual.

A contribución desta materia á competencia en comunicación lingüística realízase a través da lectura en voz alta dos contidos do libro de texto, co fin de habitualos a manter o ton e o volume axeitados á hora de dirixirse a un público, formado neste caso polos seus propios compañeiros de clase. Por outro lado, ao desenvolver debates sobre problemas propostos incítaselles a que sexan capaces de presentar as súas opinións de forma clara e ben argumentada

A competencia para aprender a aprender desenvólvese a través da forma de construír e transmitir o coñecemento científico A aplicación do método científico é un bo exemplo de como o coñecemento humano se adquire a través dunha serie de tentativas nas que, por ensaio e erro, se van descartando os camiños erróneos para chegar á fin ás conclusións á fin que mellor explican os datos dispoñibles, e resolven un problema inicial. O devandito proceso é aplicable a diversos aspectos da súa aprendizaxe ao longo da vida. A nova información que os alumnos integran chégalles a través do profesor, e dos materiais bibliográficos, audiovisuais e informáticos dispoñibles, e ao integrala están a adquirir unha destreza que lles prepara para a seguinte adquisición de novos coñecementos.

A competencia de autonomía e iniciativa persoal baséase na formación dun espírito

crítico, capaz de cuestionar dogmas e desafiar prexuízos. Para conducir aos alumnos a este fin animaráselles a razoar por si solos durante a resolución de problemas, e non se limitar a repetir os procesos mentais desenvolvidos por outros. Con este fin proporáselles a realización de traballos escritos que inclúan problemas abertos nos que poidan analizar problemas dende o seu propio punto de vista e desenvolver hipóteses orixinais.

2. OBXECTIVOS XERAIS DE 1º E 2º DE ESO:

1º CURSO	2º CURSO
<ol style="list-style-type: none"> 1. Interpretar cientificamente os principais fenómenos naturais. 2. Utilizar de forma autónoma diferentes fontes de información, incluídas as novas tecnoloxías da información e a comunicación, co fin de avaliar o seu contido e adoptar actitudes persoais críticas sobre cuestións científicas e tecnolóxicas. 3. Aplicar os coñecementos adquiridos nas ciencias para gozar do medio natural, valorándoo e participando na súa conservación e mellora. 4. Entender o coñecemento científico como algo integrado, que se compartimentar en distintas disciplinas para afondar nos diferentes aspectos da realidade. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Iniciarse no coñecemento e aplicación do método científico. 2. Comprender e expresar mensaxes científicas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade, así como interpretar diagramas, gráficas táboas, expresións matemáticas sinxelas e outros modelos de representación. 3. Interpretar os principais fenómenos naturais. 4. Utilizar distintas fontes de información. 5. Adquirir o coñecemento sobre o funcionamento humano. 6. Aplicar os coñecementos adquiridos nas ciencias para gozar do medio natural, valorándoo e participando na súa conservación e mellora. 7. Entender o coñecemento científico como algo integrado, que se compartimentar en distintas disciplinas para afondar nos diferentes aspectos da realidade.

3. OBXECTIVOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS E CONTIDOS DE 1º CURSO

UNIDADE 1

OBXECTIVOS

1. Coñecer os fenómenos que poden observarse no ceo.

2. Familiarizar aos estudantes cos modelos planetarios clásicos para interpretar a estrutura e os movementos do sistema planetario solar.
3. Estudar o sistema solar: o Sol, os planetas ananos, os cometas e os asteroides.
4. Coñecer os planetas que integran o sistema solar.
5. Definir os tipos de estrelas e as súas agrupacións galácticas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Describe os astros que poden observarse no ceo: os planetas, o Sol, a Lúa e as estrelas.
- 2.1. Explica a organización do sistema solar, utilizando os modelos ideados polo ser humano para interpretar o que se observa no ceo.
- 3.1. Describe o Sol, coñece os cambios que teñen lugar no seu interior e coñece os planetas ananos e os corpos pequenos.
- 4.1. Agrupa os planetas do sistema solar segundo as súas características.
- 5.1. Explica os cambios que teñen lugar nas estrelas, describindo a súa evolución.

COMPETENCIAS

- Construír un espírito crítico á hora de vulgar a evolución das diferentes concepcións que a humanidade tivo ao redor da estrutura do sistema solar, facendo especial fincapé nas revolucións científicas, como o paso do xeocentrismo ao heliocentrismo.
- Exercitar a competencia matemática a través do cálculo, utilización e manexo de diversas magnitudes astronómicas relacionadas coas distancias no sistema solar.
- Ser capaz de facerse unha idea de como é a relación aproximada entre as ditas distancias, interpretando e elaborando esquemas sobre o sistema solar e os modelos do universo.
- Interiorizar o coñecemento do lugar que ocupa a Terra dentro da nosa galaxia e de como e ata onde foi capaz o ser humano de interactuar con ela.
- Concienciar sobre a importancia da precisión no uso dos termos científicos e na expresión verbal das ideas científicas, poñendo como exemplo os recentes cambios no significado dos termos planeta e planeta anano.

CONTIDOS

- A observación do ceo.

- Observación do firmamento a simple vista e con instrumentos sinxelos.
- Descrición das observacións realizadas.
- Curiosidade e interese por observar o contorno e elaborar teorías que permitan explicar os fenómenos observados.

- O sistema solar.

- Busca en distintas fontes (libros, vídeos, internet, etc.) da descrición dos distintos modelos planetarios e das observacións do universo levadas a cabo polas antigas civilizacións.
- Manexo de datos astronómicos (distancias, períodos de rotación, etc.) e das relacións existentes entre eles.
- Busca de información e imaxes explicativas sobre os distintos planetas do sistema solar.
- Visitas a museos, exposicións, centros astronómicos, planetarios, etc., que permitan comprender mellor os conceptos adquiridos sobre o sistema solar.

- Interese por recadar información histórica sobre a evolución das explicacións científicas a problemas formulados polos seres humanos.
- Valoración da provisionalidade das explicacións como elemento diferenciador do coñecemento científico e como base do carácter non dogmático e cambiante da ciencia.
- **As estrelas.**
 - Confección dun glosario que recolla os termos científicos utilizados na unidade.
 - Descrición da evolución e morte dunha estrela.
 - Redacción dun informe sobre os buratos negros.
- **As galaxias e o universo.**
 - Descrición das galaxias.
 - Manexo das diversas unidades que se necesitan para describir a Vía Láctea.
 - Busca de información e imaxes explicativas sobre as constelacións ou calquera outro aspecto relacionado co tema.

UNIDADE 2

OBXECTIVOS

1. Estudar os movementos da Lúa e os efectos que producen.
2. Estudar os movementos da Terra e as súas consecuencias.
3. Identificar as principais capas terrestres e coñecer a súa composición.
4. Coñecer os distintos recursos naturais do noso planeta.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Coñece as fases da Lúa, as eclipses e as mareas como fenómenos causados polos movementos desta.
- 2.1. Describe os movementos da Terra e as súas consecuencias como xeradores das estacións, do día e a noite, e da hora.
- 3.1. Identifica as principais capas terrestres nun esquema.
- 3.2. Describe a composición das capas terrestres e a súa importancia.
- 4.1. Coñece os recursos naturais das catro capas da Terra e promove o modelo do desenvolvemento sostible.

COMPETENCIAS

- Resolver situacións cotiás relacionadas cos contidos da unidade como, por exemplo, a proposta ao comezo desta sobre unha viaxe desde unha zona xeográfica do hemisferio norte a outra do sur, e extraer conclusións delas.
- Exercitar a competencia matemática a través do cálculo das horas nos diferentes fusos, do cálculo dos anos bisestos e do manexo de diversas magnitudes astronómicas.
- Aprender a interpretar, confeccionar e propoñer modelos e esquemas para comprender e xustificar razoadamente contidos da unidade relacionados co sistema Terra-Lúa (eclipses, mareas, movementos da Terra...).
- Utilizar a información contida no CD-ROM para afianzar a comprensión de determinados contidos, e ampliar diversos aspectos da unidade empregando diversas fontes de información.

- Coñecer a variedade de recursos naturais que nos ofrece a Terra, ser consciente da importancia da súa adecuada utilización e coñecer e levar a cabo, na medida das posibilidades de cada un, o modelo de desenvolvemento sostible.

CONTIDOS

- O sistema Terra-Lúa.

- Emisión de hipóteses explicativas sobre o movemento da Lúa e establecemento das súas consecuencias.
- Descrición das distintas fases da Lúa.
- Realización do comentario de texto «A cara oculta da Lúa».
- Busca de información e imaxes explicativas sobre a Lúa.
- Interese por comprender os efectos que exerce a Lúa sobre a Terra.

- As eclipses.

- Explicación dos diferentes tipos de eclipses.
- Construción de modelos, para comprender as eclipses.
- Busca de información e imaxes sobre eclipses de Lúa e de Sol.
- Interese por comprender os efectos que exerce a Lúa sobre a Terra.

- As mareas.

- Redacción dun informe que explique por que se producen as mareas.
- Elaboración de esquemas que mostren as posicións do Sol, da Terra e da Lúa para que se produzan mareas vivas e mareas mortas.

- Os movementos da Terra.

- Descrición dos movementos da Terra e dos efectos que producen.
- Elaboración de esquemas que mostren a sucesión das estacións.
- Debuxo do movemento de rotación da Terra.
- Realización dos cálculos necesarios para que predicir anos bisestos.
- Busca e explicación de diferentes fusos horarios.
- Descrición das técnicas de orientación.
- Interese por comprender a evolución histórica do calendario.

- As capas terrestres.

- Diferenciación das distintas capas da xeosfera en ilustracións.
- Realización dun experimento que amose como se formaron as capas da Terra.

- Os recursos da Terra.

- Elaboración de esquemas sobre os recursos naturais.
- Busca de información sobre as reservas da biosfera e da definición que delas dá a UNESCO.
- Toma de conciencia dos riscos que ten a sobreexplotación dos recursos naturais.
- Recoñecemento da necesidade de compatibilizar a explotación dos recursos naturais con respecto á natureza, co fin de conseguir o desenvolvemento sostible.

UNIDADE 3

OBXECTIVOS

1. Iniciar ao alumnado no estudo da diferenciación e a medida das magnitudes que caracterizan a materia.
2. Explicar a homoxeneidade dos materiais que forman o cosmos.
3. Realizar operacións con unidades de lonxitude, superficie, volume e capacidade.
4. Interpretar correctamente os conceptos de masa, volume e densidade, e operar con eles.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Describe as propiedades da materia coas magnitudes e unidades que as definen.
- 2.1. Explica algunhas razóns polas que sabemos que todo o universo está formado polos mesmos materiais.
- 3.1. Sabe operar cos cambios de unidades, múltiplos e submúltiplos das diferentes unidades do S.I.
- 4.1. Describe a masa como medida da inercia e o volume como medida da extensión dos corpos e coñece o concepto de densidade.

COMPETENCIAS

- Ser consciente da importancia da medida, da súa correcta expresión e da necesidade de establecer un sistema de unidades de uso universal.
- Empregar a linguaxe matemática para cuantificar diversas magnitudes relacionadas coas propiedades da materia, como a masa, a superficie, o volume e a capacidade e a densidade, e ser capaz de autoavaliar o aprendido exercitando a competencia dixital a través das aplicacións interactivas incluídas no CD-ROM do alumno.
- Entender as diferenzas entre masa, peso e volume, e ser capaz de distinguir o significado na linguaxe habitual da masa e o peso do seu significado puramente físico.
- Exercitar a competencia dixital para afianzar os conceptos de masa, volume e a súa relación, a densidade, así como para autoavaliar a súa aprendizaxe a través da aplicación interactiva incluída no CD-ROM do alumno.
- Valorar a utilidade de diversos materiais para o ser humano, sendo consciente da dificultade de conseguir algúns deles, así como dos problemas que iso leva consigo en ocasións.

CONTIDOS

- A materia e a súas propiedades.

- Diferenciación das propiedades xerais da materia e das específicas.
- Utilización das propiedades específicas para comprender a utilidade dos materiais.
- Comprobación mediante datos obtidos en investigacións, de que toda a materia do universo está formada polos mesmos materiais.
- Elaboración de informes relativos á composición do universo e presentación en público das conclusións obtidas.

- Medida da materia.

- Expresión dos resultados obtidos ao realizar medidas e cálculos en forma dun número seguido da súa unidade correspondente.
- Conversión de unidades de lonxitude, de superficie e de volume.
- Utilización das relacións entre as unidades de volume e de capacidade; equivalencia e

conversión entre ambas.

- Valoración da importancia da medida no desenvolvemento da ciencia, así como do seu uso na industria e no comercio.
- Valoración da utilización, no ámbito universal, das mesmas unidades de medida: o Sistema Internacional (S.I.).
- Precisión e coidado no manexo de balanzas, probetas, pipetas, etc.
- **A densidade.**
 - Diferenciación entre masa, peso e volume.
 - Realización de medidas de masa e de densidade, especialmente de corpos con igual volume pero distinta masa, utilizando o programa interactivo que se encontra no teu CD-ROM.
 - Realización dun experimento que mostra como se mide a densidade dun obxecto.
 - Conversión entre as distintas unidades en que pode medirse a densidade.
 - Valoración da importancia da medida da densidade.
- **Materiais de interese.**
 - Análise e interpretación das propiedades de diferentes materiais, para efectuar a elección do máis adecuado para fabricar unha bicicleta.
 - Valoración da importancia que ten para a sociedade o descubrimento de novos materiais.

UNIDADE 4

OBXECTIVOS

1. Explicar as propiedades dos líquidos e dos sólidos.
2. Idear e discutir hipóteses que expliquen as propiedades dos gases.
3. Coñecer os cambios de estado.
4. Definir e analizar as diferenzas entre elementos e compostos, e entre substancias puras e mesturas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Coñece as propiedades dos líquidos e dos sólidos.
- 2.1. Explica as propiedades dos gases relacionándoas con feitos experimentais.
- 3.1. Sabe que son os cambios de estado e coñece a relación que gardan coa temperatura.
- 4.1. Diferencia entre elemento e composto, así como entre substancia pura e mestura.

COMPETENCIAS

- Realizar algunhas experiencias sinxelas para comprender e interpretar algunhas das propiedades máis importantes dos sólidos, os líquidos e os gases.
- Coñecer a evolución histórica das concepcións que o ser humano tivo ao redor da materia e ser consciente da constante evolución da ciencia, comprendendo que é moito menos o coñecido que o que queda por coñecer.
- Ser capaz de explicar e representar graficamente exemplos cotiáns de cambios de estado.
- Aprender os coñecementos necesarios para clasificar a materia e saber utilizar con corrección os diversos termos relacionados con ela. Exercitar a competencia dixital e ter a

autonomía necesaria para avaliar os ditos coñecementos a través da aplicación interactiva incluída no CD-ROM do alumno.

- Saber explicar os métodos máis sinxelos de separación de mesturas e coñecer algunhas das súas aplicacións máis relevantes na industria e na vida doméstica.
- Ser consciente da importancia de seguir as normas de precaución que deben seguirse ao traballar nun laboratorio.

CONTIDOS

- Os estados da materia e as súas propiedades.

- Observación dos gases e descrición precisa das súas propiedades.
- Observación e descrición das propiedades dos sólidos e dos líquidos.
- Relación das propiedades dos sólidos, líquidos e gases coa estrutura da materia.
- Construción de modelos que axudan a explicar os estados da materia.
- Realización de experimentos sinxelos que comprobaban que os gases se comprimen, que se expanden, ocupan un volume, exercen presión e pesan.
- Interese por descubrir como se coñeceron, ao longo da historia, a composición e a estrutura interna da materia.
- Recoñecemento das achegas do método experimental no coñecemento dos fenómenos naturais.

- Os cambios de estado da materia .

- Interpretación dos cambios de estado.
- Recoñecemento dos cambios de estado que se producen na vida cotiá.
- Interpretación dos cambios de estado coa estrutura da materia.
- Comprensión do concepto de temperatura e da súa medida.

- Átomos, moléculas, elementos e compostos.

- Coñecemento de que as partículas constituíntes da materia son átomos e moléculas.
- Representación de elementos e compostos mediante símbolos e fórmulas, respectivamente, distinguindo os diversos tipos de compostos.

- Substancias e mesturas.

- Elaboración dunha lista de exemplos de substancias coñecidas (vernices, pinturas, rochas, amoníaco, auga da billa, etc.) e clasificación, por parte dos estudantes, en substancias puras ou mesturas.
- Aplicación dos métodos de separación a diferentes mesturas.

- Normas que se deben seguir no laboratorio.

- Posta en práctica de todas as normas que deben seguirse no laboratorio.

UNIDADE 5

OBXECTIVOS

1. Estudar os compoñentes do aire atmosférico e algunhas das súas propiedades.
2. Describir a estrutura en capas da atmosfera.
3. Entender que son os hidrometeoros e, en especial, como se forman as nubes.
4. Interpretar o concepto de tempo atmosférico.

5. Explicar o dobre efecto protector da atmosfera.
6. Coñecer os distintos tipos de contaminación atmosférica e as súas consecuencias.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Explica a composición do aire atmosférico e algunhas das súas propiedades, así como as do osíxeno e as do nitróxeno.
- 2.1. Identifica as capas da atmosfera, citando as propiedades máis destacadas de cada unha; en especial, aquelas distintivas da troposfera.
- 3.1. Cita os nomes dalgúns hidrometeoros e dalgúns nubes, e explica a formación destas e da choiva.
- 4.1. Describe o concepto de tempo atmosférico e coñece os aparatos que se utilizan para medilo.
- 5.1. Explica o «efecto filtro» como transformación de radiacións nocivas en calor, e o «efecto invernadoiro», como retención da calor pola atmosfera.
- 6.1. Resume os distintos tipos de contaminantes atmosféricos e as consecuencias que teñen para a vida.

COMPETENCIAS

- Saber realizar diferentes tipos de esquemas, gráficos de sectores, diagramas de barras, con e sen a axuda do ordenador, para representar datos como a composición do aire, climogramas, concentración de CO₂ na atmosfera, etc., e ser capaz de interpretalos adecuadamente.
- Valorar a importancia da evolución histórica das ideas sobre o horror ao baleiro e a presión atmosférica; comprender o funcionamento dunha bomba de succión e relacionar o devandito funcionamento co doutros obxectos de uso doméstico.
- Coñecer e comprender os mecanismos de formación dos ventos, nubes, precipitacións.
- Aprender a utilizar diferentes tipos de instrumentos meteorolóxicos e interpretar a información que ofrecen de forma cualitativa e cuantitativa.
- Aprender a interpretar adecuadamente un mapa do tempo.
- Ser consciente da importancia da atmosfera e da necesidade do seu coidado, adquirindo a formación básica para valorar a toma de decisións as redor dos problemas locais e globais relacionados con ela e tomando medidas persoais no que á súa conservación respecta.

CONTIDOS

- A atmosfera, unha «esfera de aire».

- Elaboración e interpretación de esquemas sobre a estrutura da atmosfera.
- Realización de experimentos sinxelos que mostran o «horror ao baleiro» ou presión atmosférica.
- Análise de materiais, escritos ou audiovisuais, dirixidos a estudar algunhas propiedades do aire.
- Busca de datos e información sobre a atmosfera en diversas fontes.

- A dinámica da atmosfera.

- Elaboración e interpretación de esquemas sobre a circulación dos ventos.

- Descrición da formación das nubes e das precipitacións.
- **O tempo atmosférico e o clima.**
 - Utilización dos instrumentos meteorolóxicos.
 - Recollida e representación de datos meteorolóxicos, utilizando aparatos de medida.
 - Interpretación de táboas, gráficos e mapas relacionados cos fenómenos atmosféricos e cos prognósticos do tempo.
- **A importancia da atmosfera.**
 - Elaboración de esquemas que mostren como se produce o efecto invernadoiro.
 - Busca de datos e información na prensa sobre o ozono e o efecto invernadoiro para a súa posterior discusión.
- Recoñecemento da importancia da atmosfera para o mantemento das condicións que fan ao noso planeta adecuado para o desenvolvemento da vida.
- A contaminación atmosférica e os seus efectos
 - Toma de conciencia de que moitas actividades humanas contaminan a atmosfera.
 - Responsabilidade no coidado e mantemento da calidade do aire.

UNIDADE 6

OBXECTIVOS

1. Estudar algunhas propiedades da auga e as súas consecuencias para a vida.
2. Interpretar a importancia da hidrosfera terrestre e coñecer o ciclo da auga no noso planeta.
3. Describir as relacións entre a auga e os seres vivos.
4. Coñecer os usos industrial, agrícola e doméstico que o ser humano fai da auga e promover o desenvolvemento sostible.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Explica as propiedades da auga e relaciónaas cos seres vivos.
- 2.1. Describe o ciclo da auga.
- 3.1. Explica a importancia da auga como parte esencial dos seres vivos.
- 4.1. Coñece o uso que a sociedade fai da auga, tanto a nivel industrial como agrícola e doméstico.
- 5.1. Promove a xestión sostible da auga.

COMPETENCIAS

- Realizar algunhas experiencias sinxelas para estudar as propiedades da auga.
- Saber realizar diferentes tipos de esquemas, gráficos de sectores, diagramas de barras, con e sen a axuda do ordenador, para representar datos como a distribución da auga na Terra, os seus usos, a porcentaxe que dela teñen diversos alimentos, etc., e ser capaz de interpretalos adecuadamente.
- Autoavaliar os seus coñecementos sobre os contidos da unidade utilizando a aplicación informática subministrada no CD-ROM do alumno.
- Ser consciente da necesidade de xestionar dunha maneira sostible os recursos

hidrolóxicos, así como da importancia da auga para o noso planeta, a nosa saúde e para a supervivencia dos seres vivos.

-

CONTIDOS

- A auga: unha substancia asombrosa.

- Elaboración de informes estruturados a partir dun guión de preguntas relativas á auga e ás súas propiedades.
- Realización de experimentos sinxelos sobre a densidade da auga.
- Estudo experimental sobre as disolucións acuosas.
- Estudo experimental das propiedades térmicas da auga.

- A auga na Terra.

- Elaboración e interpretación de esquemas sobre o ciclo da auga.
- Observación e interpretación de fotografías, para a realización de actividades sobre o ciclo da auga.
- Elaboración e interpretación de gráficos de barras, de sectores, etc., que mostren datos referentes á hidrosfera, e utilización desta información para resolver problemas numéricos.

- A importancia da auga na Terra.

- Observación e interpretación de fotografías para explicar o efecto da auga sobre a paisaxe.
- Toma de conciencia da influencia da auga no clima, na paisaxe e en todos os seres vivos.

- O ser humano utiliza a auga.

- Elaboración e interpretación de distintos tipos de gráficos que mostren as relacións da auga e as persoas e resolución de problemas numéricos con estes datos.

- A xestión sostible da auga.

- Realización dun exemplo práctico da xestión sostible da auga.
- Planificación e realización de procedementos para aforrar auga.
- Recoñecemento e valoración da importancia da auga para os seres vivos e para a calidade de vida, desenvolvendo unha actitude favorable cara ao aforro no seu consumo.

UNIDADE 7

OBXECTIVOS

1. Recoñecer minerais e rochas.
2. Coñecer as principais propiedades físicas dos minerais.
3. Comprender a orixe das rochas e a súa clasificación.
4. Valorar a importancia que teñen os minerais e as rochas para diversas actividades humanas e coñecer os problemas derivados da explotación destes recursos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Define mineral e rocha.
- 1.2. Diferencia os minerais das rochas en esquemas ou en fotografías.
- 2.1. Explica as principais propiedades físicas dos minerais.
- 2.2. Indica os factores máis importantes que inflúen nas propiedades físicas dos minerais.
- 3.1. Explica a orixe das rochas e a súa clasificación.

4.1. Indica as aplicacións dos minerais e das rochas.

4.2. Explica os problemas relacionados coa explotación dos minerais e das rochas e comprende a necesidade do reciclado.

COMPETENCIAS

- Realizar experiencias sinxelas para identificar os minerais máis comúns a partir das súas propiedades físicas, como a raia, a dureza, a exfoliación, etc.
- Utilizar claves sinxelas, interactivas, para identificar os minerais e as rochas máis frecuentes. No caso dos minerais, a partir das súas propiedades físicas e, no das rochas, a partir de propiedades, como a homoxeneidade, o aspecto, as reaccións fronte a determinados reactivos, etc.
- Interpretar e elaborar esquemas que mostren a orixe e formación das rochas e dos combustibles fósiles: o carbón e o petróleo.
- Usar adecuadamente os termos científicos específicos, relativos aos nomes de minerais e rochas, e das súas aplicacións, para interpretar e comprender os coñecementos adquiridos.
- Tomar conciencia da importancia das aplicacións que teñen as rochas e os minerais para o ser humano.
- Valorar o uso responsable dos recursos naturais, como o carbón e o petróleo.
- Tomar conciencia da importancia da nosa colaboración no reciclado de materiais que axuda a evitar o esgotamento dalgúns recursos minerais.

CONTIDOS

- Os minerais.

- Observación de minerais.
- Recoñecemento dos minerais en esquemas, fotografías ou mostras de campo.
- Diferenciación dunha rede cristalina doutra que non o é.
- Explicación pormenorizada de todas as características que ten que ter unha substancia sólida para ser un mineral.
- Realización de táboas e mapas conceptuais que mostren a clasificación dos minerais.

- As propiedades físicas dos minerais e a súa utilidade.

- Identificación de minerais a partir das súas propiedades.
- Realización de experimentos sinxelos que mostren algunhas das propiedades físicas dos minerais, como a raia, a dureza e a exfoliación.
- Manexo de claves dicotómicas sinxelas para identificar distintos obxectos, seres vivos... e aplicación ao recoñecemento dos principais minerais.
- Coñecemento de que algúns minerais teñen propiedades especiais, como a fluorescencia.
- Construción dun compás sinxelo.

- As rochas.

- Recoñecemento das rochas en esquemas, fotografías ou mostras de campo.
- Interpretación e elaboración de diagramas que mostren a orixe das rochas.
- Realización do comentario de texto «Seres mariños nunha montaña?».

- A clasificación das rochas e a súa identificación.

- Elaboración de mapas conceptuais que mostren a clasificación das rochas.
- Observación e recoñecemento dos principais tipos de rochas sedimentarias, metamórficas e magmáticas.
- Utilización dunha clave dicotómica interactiva, para identificar diversos tipos de rochas.
- **Os minerais, recursos da xeosfera.**
 - Realización dunha técnica que permite medir en quilates.
- Valoración dos minerais como unha fonte de riqueza para a humanidade.
- **As rochas e outros recursos da xeosfera.**
 - Interpretación e elaboración de diagramas que mostren a orixe da formación do carbón e do petróleo.
 - Busca de información en internet, enciclopedias, etc, sobre o funcionamento dunha salina e das aplicacións que ten o sal para o ser humano.
- **A explotación responsable dos recursos.**
 - Investigación ao redor dalgunhas enfermidades derivadas da explotación de rochas e minerais.
 - Recoñecemento da necesidade de compatibilizar a explotación dos recursos naturais co respecto á natureza e tomar conciencia da importancia do reciclado.
 - Toma de conciencia da necesidade de recuperar as áreas que foron deterioradas e/ou contaminadas pola explotación das rochas e dos minerais.

UNIDADE 8

OBXECTIVOS

1. Comprender os factores que fan posible a vida no noso planeta.
2. Explicar as funcións dos seres vivos.
3. Entender que as células son a unidade básica dos seres vivos.
4. Identificar os distintos tipos de organización celular.
5. Comprender que os seres vivos poden ter un número variable de células.
6. Recoñecer a organización das plantas cormofitas.
7. Recoñecer a organización dos animais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Explica os factores que fan posible a vida na Terra.
- 2.1. Explica as diferentes funcións vitais dos seres vivos.
- 3.1. Define célula e explica como se deduciu que as células son as unidades elementais dos seres vivos.
- 4.1. Recoñece a organización das células procariotas e eucariotas.
- 4.2. Diferencia entre as células animais e as células vexetais.
- 5.1. Distingue entre organismos unicelulares, pluricelulares e colonias.
- 6.1. Recoñece as partes do corno e as funcións de cada unha delas.
- 7.1. Coñece a organización dos animais e distingue os seus diferentes niveis desde o celular ao de sistemas.

COMPETENCIAS

- Poñer en práctica algunhas destrezas básicas do método científico á hora de extraer conclusións de experiencias sinxelas sobre a vida e os factores que a afectan.
- Desenvolver a conciencia crítica en relación cos efectos que as accións humanas teñen na natureza.
- Interpretar datos numéricos e operar con eles para extraer conclusións relacionadas co tamaño das células.
- Saber utilizar o microscopio e interpretar as observacións realizadas con el.
- Comprender o sentido dun texto relacionado coa importancia do coñecemento da estrutura celular.
- Utilizar adecuadamente os distintos termos científicos utilizados na unidade.
- Exercitar a capacidade de expresión oral e escrita ao contrastar ideas sobre a vida e a repercusión que teñen os avances no coñecemento celular.

CONTIDOS

- A vida na Terra.

- Realización dun experimento sobre o desenvolvemento de plantas en diferentes condicións de luz e temperaturas, que permite demostrar que a vida dos seres vivos depende das condicións do medio.
- Valoración da importancia da experimentación como medio de xustificar unha hipótese.
- Toma de conciencia de como o cambio climático afecta aos seres vivos.

- Que é un ser vivo.

- Elaboración de táboas dos tipos de nutrición e dos tipos de reprodución.
- Exposición dun argumento a favor e doutro en contra de que os virus son seres vivos.
- Elaboración de gráficos que mostren a diferente composición dos elementos que constitúen a codia terrestre e a dos seres vivos.
- Recoñecemento da utilidade do significado etimolóxico dos termos científicos, para comprender o seu significado.

- As células.

- Identificación, a partir de debuxos ou fotografías, de células procariotas e células eucariotas.
- Elaboración de esquemas da estrutura interna das células animais e vexetais.
- Manexo do microscopio e identificación de todos os seus elementos.
- Valoración da utilidade do microscopio no estudo da célula, promovendo o seu coidado e conservación.
- Recoñecemento de que todo descubrimento é o resultado dun traballo lento e progresivo que se apoia en descubrimentos previos.

- A organización dos seres vivos.

- Identificación, en diferentes ilustracións, de órganos, aparatos e sistemas dos animais e das plantas.
- Realización dun comentario de texto sobre as vantaxes dos organismos pluricelulares.
- Busca de información e redacción dun informe sobre a organización de diferentes tipos de

plantas.

- Elaboración dun cadro que mostre as clasificacións dos diferentes tipos de raíces, talos e follas, utilizando, para eles, a información que adxunta del o CD-ROM.
- Elaboración dun cadro que mostre as diferentes adaptacións das plantas ao medio

UNIDADE 9

OBXECTIVOS

1. Recoñecer a diversidade dos seres vivos e explicar as causas da biodiversidade.
2. Coñecer a historia evolutiva a través dos fósiles e ser consciente da conservación da biodiversidade.
3. Valorar e entender a necesidade dunha clasificación para os seres vivos.
4. Recoñecer os diferentes grupos taxonómicos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Define biodiversidade.
- 1.2. Comprende a orixe da biodiversidade.
- 2.1. Coñece o que son os fósiles e é consciente da conservación da biodiversidade.
- 3.1. Comprende a necesidade de clasificar os seres vivos e describe algunhas ideas básicas de taxonomía.
- 4.1. Identifica os grupos taxonómicos máis importantes.

COMPETENCIAS

- Apreciar o valor de todas e cada unha das especies de seres vivos que poboan o planeta e tomar conciencia da importancia que ten para a supervivencia do ser humano a conservación desta biodiversidade, que debe ser considerada como un recurso.
- Tomar conciencia de que algunhas das nosas accións poden supoñer unha pequena axuda na loita contra a perda da biodiversidade e adquirir responsabilidade sobre elas.
- Organizar e clasificar información relativa ás diferentes especies de seres vivos e clasificala mediante a aplicación de criterios xerárquicos.
- Interpretar e elaborar esquemas e mapas conceptuais para relacionar os diferentes grupos e subgrupos de seres vivos en función de diversos criterios de clasificación.
- Consultar diversas fontes para obter información relacionada cos factores que ameazan a biodiversidade, organizala e expresala utilizando a linguaxe científica adecuada.
- Utilizar a linguaxe matemática para manexar datos numéricos referidos ás diferentes especies de seres vivos, representándoos en gráficos, realizando cálculos con eles e sacando conclusións sobre os resultados obtidos.

CONTIDOS

- Biodiversidade e adaptación.

- Elaboración dunha redacción sobre a adaptación e a biodiversidade.
- Busca de información en libros e en internet sobre a perda de biodiversidade e de diferentes adaptacións dos seres vivos.
- Identificación, en ilustracións, dos medios naturais onde viven diversas especies.

- A evolución a través dos fósiles.

- Explicación, baseada en restos fósiles, da evolución dun tipo de dinosauro ás aves actuais a través de cambios lentos e graduais.
 - Exposición do tema «Os primeiros organismos terrestres», que se encontra no CD-ROM.
 - Redacción dun informe que poña de manifesto as relacións que existen entre a adaptación ao medio, o tipo de alimentación e a evolución das xirafas, despois de consultar o texto «Como se produce a evolución?».
 - Valoración da importancia que teñen os restos fósiles na reconstrución dos procesos evolutivos.
- A biodiversidade e a súa conservación.**
- Realización de gráficos sobre especies ameazadas.
 - Toma de conciencia da enorme importancia que ten para a humanidade a conservación de todas as especies de organismos e dos medios que habitan.
 - Desenvolvemento dunha actitude participativa na defensa da conservación da biodiversidade.
- A clasificación dos seres vivos.**
- Establecemento de criterios de clasificación para agrupar obxectos.
 - Clasificación, utilizando diversos criterios, de diferentes seres vivos a partir de fotografías.
 - Recoñecemento da necesidade de clasificación dos seres vivos.
 - Valoración da importancia que tivo a clasificación dos seres vivos ao longo da historia e das controversias que suscitou.
- Da especie ao reino.**
- Manexo de guías de campo e claves dicotómicas para identificar o nome científico dunha especie e o dos grupos taxonómicos aos que esta pertence.

UNIDADE 10

OBXECTIVOS

1. Recoñecer as diferenzas entre o reino moneras e o reino protocistas, as características de ambos os dous reinos e os seus grupos máis coñecidos.
2. Explicar as características xerais dos fungos, os seus diferentes tipos e modos de vida.
3. Coñecer as características xerais das plantas.
4. Coñecer os tipos e características das plantas sen sementes.
5. Valorar a importancia das plantas con sementes e analizar as características dos grupos máis importantes.
6. Analizar a utilidade dos mecanismos reprodutores das plantas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Coñece as características dos reinos moneras e protocistas, así como os seus diferentes grupos.
- 2.1. Describe as características dos diferentes tipos de fungos e distingue os diferentes modos de vida que teñen.
- 3.1. Diferencia os grandes grupos de plantas.
- 4.1. Distingue entre plantas briófitas e pteridófitas.

5.1. Explica as características das plantas con sementes.

6.1. Describe as partes dunha flor e recoñece as diferenzas entre os órganos encargados da reprodución nas plantas con sementes.

COMPETENCIAS

- Identificar e recoñecer as características dos reinos moneras, protoctistas, fungos e plantas a partir de mostras, fotografías ou debuxos.
- Interpretar e elaborar esquemas que refliten as distintas partes de fungos, feitos, etc.
- Usar adecuadamente os termos científicos específicos, relativos aos nomes dos integrantes destes reinos, para interpretar e comprender os coñecementos adquiridos.
- Tomar conciencia da utilidade para as persoas das bacterias, contra a loita biolóxica, a contaminación ambiental, etc.; das algas, como alimento; dos fungos, na industria farmacéutica; e das plantas, como alimento, como combustible, etc.
- Coñecer que algunhas especies destes reinos son prexudiciais para as persoas, xa que poden causar enfermidades.
- Ser capaz de razoar e de buscar respostas ante diversos problemas que se formulan en experiencias sinxelas realizadas no laboratorio con fermentos.

CONTIDOS

- O reino moneras.

- Observación e identificación en fotografías de distintos tipos de bacterias.
- Redacción dun informe sobre como se estudan as bacterias e sobre a súa reprodución.
- Valoración da utilidade que teñen as bacterias para o ser humano e ser consciente de que algunhas provocan enfermidades.

- O reino protoctistas.

- Elaboración de táboas onde se recollan as diferenzas entre protozoos e algas.
- Elaboración de táboas que recollan os distintos mecanismos de desprazamento dos protozoos.
- Confeccionar mapas conceptuais sobre os diferentes tipos de algas e as súas características.
- Ser consciente de que moitos protozoos son causantes de enfermidades graves no ser humano.
- Valoración da utilidade que teñen as algas para o ser humano e para a biosfera.

- O reino fungos.

- Elaboración de esquemas que mostren os tipos de fungos e os seus modos de vida.
- Observación do proceso de descomposición de froitas provocado por fungos.
- Observación de cogomelos e recoñecemento das súas diferentes partes.
- Utilización do microscopio para a observación da esporada e esporanxios de cogomelos.
- Realización de gráficas e interpretación de datos relacionados coa influencia da temperatura no desenvolvemento dos fermentos.
- Recoñecemento do valor nutritivo dos cogomelos comestibles.

- O reino plantas.

- Identificación de distintos tipos de plantas en fotografías ou debuxos, utilizando a súa descrición ou unha sinxela táboa de clasificación.
- Identificación de fotografías ou debuxos de plantas sen sementes.
- Realizar esquemas que mostren as diferentes partes dun brión, dun feito e das flores das plantas con sementes.
- Identificación das partes dunha flor dunha anxiospermas en esquemas.
- Realización dun caderno de campo.
- Construción de gráficos de sectores que refliten, con porcentaxes, a abundancia dos tres grandes grupos de plantas.
- Toma de conciencia da necesidade de preservar as plantas das agresións humanas.
- Valoración da importancia das plantas como fonte enerxética e para a obtención de recursos alimenticios, sanitarios e industriais.
- Interese pola diversidade biolóxica do contorno.

UNIDADE 11

OBXECTIVOS

1. Coñecer as características máis importantes dos animais.
2. Recoñecer as principais características dos poríferos e dos cnidarios.
3. Diferenciar entre anélidos, platihelminos e nematodos e coñecer algunhas relacións destes invertebrados coas persoas.
4. Entender a organización das principais clases de moluscos e valorar a importancia económica destes invertebrados.
5. Definir as características xerais dos principais grupos de artrópodos e valorar a importancia económica destes organismos.
6. Comprender a organización dos equinodermos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Describe as principais características dos animais.
- 2.1. Explica a organización dos poríferos.
- 2.2. Describe as principais características dos cnidarios.
- 3.1. Distingue entre anélidos, platihelminos e nematodos.
- 3.2. Comprende algunhas relacións entre as persoas e os anélidos, platihelminos e nematodos.
- 4.1. Describe as principais características dos moluscos.
- 4.2. Diferencia as principais clases de moluscos e explica.
- 5.1. Describe as características xerais dos artrópodos.
- 5.2. Distingue as principais clases de artrópodos destes invertebrados.
- 6.1. Explica a organización dos equinodermos.

COMPETENCIAS

- Utilizar os termos científicos específicos relativos á nomenclatura dos diferentes grupos de animais e ás características principais de cada grupo; coñecer nalgúns casos, a etimoloxía dos termos utilizados, para así mellorar a comprensión do seu significado.

- Saber utilizar instrumentos ópticos de aumento, como as lupas de man ou binoculares para realizar observacións dos invertebrados de menor tamaño ou das estruturas que estes posúen; e saber describir as observacións realizadas mediante unha linguaxe científica adecuada e mediante a realización de debuxos coa suficiente calidade tanto descritiva como artística.
- Apreciar o valor de todos e cada un dos animais que poboan o planeta e entender a súa diversidade como un valioso recurso.
- Empregar claves dicotómicas sinxelas para identificar invertebrados, tomando como base as características principais de cada grupo.
- Expresar de maneira ordenada, mediante esquemas ou táboas, as características dos principais grupos de invertebrados.
- Aplicar o coñecemento das características dos invertebrados para resolver problemas cotiáns que estes animais nos formulan (pragas, infestacións, danos materiais...).

CONTIDOS

- Que caracteriza os animais.

- Descrición das principais características dos animais.
- Diferenciación dun invertebrado e un vertebrado.
- Xustificación da necesidade de clasificar aos animais en filos e non só en vertebrados e invertebrados.
- Identificación do tipo de simetría que ten un animal determinado.
- Desenvolvemento dunha actitude de respecto cara a todas as organizacións de defensa da natureza, e, en particular, cara ás que protexen os animais.

- Os poríferos.

- Diferenciación mediante debuxos ou fotografías da organización de esponxas.
- Coñecemento dalgunhas das especies representativas dos poríferos.

- Os cnidarios.

- Diferenciación mediante debuxos ou fotografías da organización de pólipos e medusas.
- Coñecemento dalgunhas das especies representativas dos cnidarios.

- Plathelminthos e nematodos.

- Diferenciación en debuxos ou fotografías da organización de plathelminthos e nematodos.
- Coñecemento dalgunhas das especies representativas destes filos.
- Toma de conciencia dos mecanismos de transmisión dalgúns destes animais parasitos, para prever as enfermidades causadas por eles.

- Os anélidos.

- Diferenciación en debuxos ou fotografías da organización dos anélidos.
- Coñecemento dalgunhas das especies representativas dos anélidos.
- Toma de conciencia da utilidade que teñen algunhas especies deste filo para o ser humano.

- Os moluscos.

- Identificación, mediante guías de campo, dalgúns moluscos de importancia económica.
- Coñecemento dalgunhas das especies representativas dos moluscos.

- Utilización da lupa de man e da lupa binocular no estudo dos invertebrados do chan.
- **Os artrópodos.**
 - Diferenciación, en debuxos ou fotografías, da organización dos principais grupos de artrópodos.
 - Identificación en debuxos dos dous tipos de desenvolvemento dos artrópodos.
 - Observación e realización dun debuxo de ás de insectos.
 - Redacción dun informe sobre a función defensiva do exoesqueleto e da función do ollo composto dun insecto.
- **Os equinodermos.**
 - Recoñecemento en debuxos das principais formas dos equinodermos.
 - Utilización da clave dicotómica interactiva do CD-ROM para clasificar invertebrados.

UNIDADE 12

OBXECTIVOS

1. Coñecer as características dos cordados e dos vertebrados.
2. Recoñecer as principais características e modos de vida dos peixes e dos anfibios.
3. Distinguir os trazos morfolóxicos dos réptiles e das aves, e identificar os grupos principais.
4. Comprender os caracteres adaptativos dos mamíferos e recoñecer os grupos principais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Define cordado e vertebrado.
- 2.1. Identifica os trazos morfolóxicos e anatómicos dos peixes.
- 2.2. Describe o tipo de vida dos anfibios e a súa reprodución.
- 3.1. Coñece as características dos réptiles e distingue os seus grupos principais.
- 3.2. Explica os caracteres morfolóxicos das aves e as súas adaptacións para o voo e realiza a súa clasificación.
- 4.1. Explica as adaptacións dos mamíferos relacionándoas co seu modo de vida.
- 4.2. Identifica os grupos principais de mamíferos.

COMPETENCIAS

- Coñecer as características dos diferentes filos de vertebrados ata o punto de recoñecelas en fotografías ou debuxos destes animais.
- Tomar conciencia da importancia que os animais, e especialmente os vertebrados, teñen para as actividades do ser humano.
- Xestionar de forma autónoma e responsable os medios informáticos dispoñibles para consultar ou utilizar os recursos interactivos (claves de identificación, simulacións, páxinas web, etc.) que permitan unha mellor comprensión das características dos vertebrados.
- Utilizar aplicacións informáticas (como procesadores de texto, follas de cálculo ou ferramentas para a preparación de presentacións audiovisuais) para comunicar as conclusións obtidas do traballo sobre os diferentes aspectos da bioloxía dos vertebrados.
- Expresar de maneira ordenada, mediante esquemas ou táboas, as características dos principais grupos de vertebrados.
- Apreciar o valor da importancia que ten o labor dos investigadores que se dedican á

observación e o estudo dos vertebrados.

- Empregar claves dicotómicas sinxelas para identificar vertebrados.

CONTIDOS

- O filo dos cordados.

- Descrición dos trazos que definen as características dos cordados.
- Diferenciación dun procordado e un cordado.
- Recoñecemento da utilidade do significado etimolóxico dos termos científicos, para comprender o seu significado.

- Os peixes.

- Coñecemento das características principais dos peixes e da súa clasificación.
- Recoñecemento da morfoloxía dun peixe a partir de esquemas.
- Realización do estudo anatómico dun peixe.
- Identificación de distintos grupos de peixes a partir de fotografías e debuxos.

- Os anfibios.

- Clasificación de distintos tipos de anfibios utilizando guías de campo.
- Confección de esquemas sinxelos que describan a metamorfose dun anfibio.

- Os réptiles.

- Utilización de claves sinxelas para a clasificación de réptiles.
- Identificación, mediante fotografías, de distintos tipos de réptiles.
- Confección de esquemas sinxelos que describan os tipos de bocas que presentan os réptiles.

- As aves.

- Descrición detallada de por que as aves poden voar.
- Investigación de campo e realización dun informe sobre as plumas das aves.
- Debuxo de aves nun caderno de campo.
- Identificación, mediante fotografías, de distintos grupos de aves.

- Os mamíferos.

- Descrición das características xerais dos mamíferos.
- Confección de esquemas que mostren a clasificación dos mamíferos.
- Investigación de cranios de mamíferos relacionando o tipo de dentición co réxime alimenticio.
- Interpretación do tipo de vida dos mamíferos a partir das súas adaptacións.
- Identificación dos distintos grupos de mamíferos segundo apoiem as súas extremidades no terreo.
- Toma de conciencia de que os vertebrados son os animais máis vulnerables e que están en maior perigo de extinción.
- Valoración da conservación dos vertebrados, xa que constitúen parte do noso patrimonio natural e son unha fonte de recursos para a humanidade.

4. OBXECTIVOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS E CONTIDOS DE 2º

CURSO

Na programación de 2º Curso resáltase en **negriña** aqueles obxectivos, criterios de avaliación, competencias e contidos que máis se terán en conta cos/as alumnos/as do P.A.E. en Ciencias da Natureza.

UNIDADE 1

OBXECTIVOS

- 1. Explicar a constitución do universo, describindo as súas compoñentes e explicando se é estático ou cambiante.**
- 2. Describir as propiedades xerais e específicas da materia e explicar o seu aspecto e estrutura a escalas macroscópica e microscópica.**
- 3. Indicar os lugares da Terra e do universo onde podemos atopar enerxía e as razóns polas que a enerxía é tan esencial para nós.**
- 4. Explicar o concepto de cambio material ou fenómeno, a súa causa e a súa clasificación, así como establecer a relación que existe entre a enerxía e os cambios.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Sabe explicar de que está constituído o universo e comprende que os cambios que nel se producen van sempre acompañados de transferencias de enerxía.**
- 2.1. Distingue as propiedades xerais das específicas e comprende a diferenza entre as escalas macroscópica e microscópica da materia.**
- 3.1. Coñece onde hai enerxía no universo e para que necesitamos aquela da que podemos dispoñer na Terra.**
- 4.1. Sabe explicar o que é un cambio, clasifícaos e asóciaos a transferencias de enerxía.**

COMPETENCIAS

- Comprender un modelo elemental do universo formado por materia sometida a continuos cambios, froito das interaccións entre os corpos, das que xorde a enerxía, e que ademais do aspecto macroscópico da materia, que podemos captar cos nosos sentidos, existe outra escala microscópica cuxo coñecemento é fundamental para entender as propiedades da materia.
- **Exercitar a competencia matemática a través do repaso dos cálculos realizados o curso pasado coas unidades do S.I., os seus múltiplos e os seus submúltiplos.**
- Comezar a elaboración dun glosario que, ao longo do curso, incluírá os novos termos ou palabras clave aprendidos, como, por exemplo, materia, enerxía, interacción e cambio.
- Organizar a información obtida de diversas fontes (enciclopedias, internet) acerca de diversos tipos de telescopios e presentala en formato dixital.
- **Tomar conciencia da importancia que ten para o ser humano a materia e a enerxía, e asimilar o uso e significado destes termos de forma correcta.**

- **Ser capaz de clasificar os diferentes tipos de cambios que se producen ao noso arredor baseándose na información proporcionada no seu libro de texto.**
- Apreciar a importancia da conxunción ciencia-tecnoloxía para o desenvolvemento e avance da humanidade; por exemplo, para a fabricación de alimentos suficientes para todos ou de máquinas que nos axudan no traballo.

CONTIDOS

- **A constitución do universo. Materia, enerxía e cambio.**
 - **Identificación de cambios sinxelos que se producen na vida cotiá, así como das transferencias de enerxía que levan consigo.**
 - **Comprobación de que nada no universo é inmutable, a través de cuestións sobre sistemas do universo que, á primeira vista, parecen non se alterar co paso do tempo.**
 - Coñecemento daqueles aspectos que compoñen o universo cuxa explicación aínda descoñecemos.
 - Curiosidade por coñecer de que está constituído o universo.
 - **Interese por saber para que necesita o ser humano a materia e a enerxía.**
- **Propiedades da materia. Escalas macroscópica e microscópica.**
 - **Elaboración dun listado de exemplos de propiedades xerais e específicas da materia.**
 - Utilización dos coñecementos adquiridos sobre a estrutura corpuscular da materia para axudar a explicar as propiedades xerais da materia, e de diferentes obxectos para explicar as específicas.
 - Análise dun material (grafito, por exemplo) para axudar a comprender as escalas macroscópica e microscópica da materia.
 - **Recordatorio dos cálculos feitos o curso anterior con diversas magnitudes, as súas unidades, múltiplos e submúltiplos.**
 - Curiosidade por entender o porqué da diferenza entre o aspecto da materia e como esta está realmente organizada por dentro.
- **A enerxía no universo e na Terra.**
 - Visualización de imaxes solares (ultravioleta e raios X), para comprender que non toda a enerxía do universo pode ser captada polos nosos sentidos.
 - **Análise da orixe da enerxía que atopamos na Terra e no universo.**
 - **Valoración da necesidade que ten o ser humano da enerxía.**
- **Clasificación dos cambios. Cambio e transferencia de enerxía.**
 - **Análise dos tipos de cambios que se producen na natureza.**
 - **Identificación de situacións cotiás nas que se produzan intercambios de enerxía, e de situacións naturais nas que se manifesten algunhas formas de enerxía e os cambios que producen.**
 - Comprensión do concepto de cambio, relacionándoo coa causa que o produce, as interaccións, e as súas consecuencias, as transferencias de enerxía, a través de diversos

exemplos.

- Interese polos novos conceptos explicados, sendo consciente da importancia de comprendelos en profundidade para poder afrontar con éxito o resto do curso.

UNIDADE 2

OBXECTIVOS

- 1. Explicar os tipos de cambios físicos que se producen na natureza, e as características de cada un.**
- 2. Describir o movemento e a súa característica esencial: a relatividade.**
- 3. Indicar e definir cáles son as magnitudes coas que medimos o movemento rectilíneo e uniforme.**
- 4. Representar graficamente unha ecuación do m.r.u., ou ao contrario: dada unha gráfica, describir o movemento ao que representa.**
- 5. Explicar as accións das forzas; especialmente, as alteracións que poden producir nos movementos, e coñecer as forzas máis comúns.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Sabe diferenciar entre cambios térmicos, eléctricos, ópticos, sonoros e de movemento, e propón exemplos de cada un deles.**
- 2.1. Describe o movemento con relación a diversos sistemas de referencia.**
- 3.1. Indica a posición dun corpo nun sistema de referencia, diferenciando os distintos tipos de movementos.**
- 3.2. Calcula a posición e o espazo percorrido en función do tempo, e compara a velocidade de distintos movementos utilizando diferentes unidades.**
- 4.1. Representa e interpreta as gráficas posición-tempo e velocidade-tempo no m.r.u. e compara graficamente dous movementos rectilíneos uniformes.**
- 5.1. Recoñece os movementos nos que actúan forzas e nos que non.**
- 5.2. Distingue as forzas gravitatorias das electromagnéticas, e valora os efectos que producen as forzas de rozamento.**

COMPETENCIAS

- **Coñecer a aplicación inmediata que os conceptos adquiridos sobre cinemática teñen na nosa vida cotiá, á hora de calcular, por exemplo, distancias cando viaxamos en coche ou nos desprazamos camiñando.**
- **Realizar cálculos sinxelos relacionados coa magnitudes do movemento: rapidez, posición, distancia percorrida, tempo.**
- **Expresarse correctamente en ciencias, afacéndose á diferenza existente, en ocasións, entre o significado dun termo na linguaxe habitual e o seu significado científico, propoñendo como exemplo o caso da rapidez e a velocidade.**
- Relacionar os contidos expostos na unidade con situacións de relevancia social, como o respecto ás normas de circulación, a distancia de freado ou a distancia de seguridade co vehículo que nos precede.
- **Ser capaz de tabular e representar graficamente datos relacionados co movemento**

rectilíneo uniforme, así como interpretar as gráficas obtidas.

- Mostrar autonomía e iniciativa á hora de autoavaliar os coñecementos.
- Apreciar a influencia crecente que os conceptos aprendidos sobre os cambios físicos teñen no noso desenvolvemento cultural e social, e comprender como influíron na evolución do pensamento científico, propoñendo como exemplo o caso dos modelos planetarios.

CONTIDOS

- Cambios físicos. Tipos de cambios.

- Exemplificación e explicación dos cambios físicos máis habituais.

- Utilización de fotografías para describir os cambios que se están a producir nas imaxes que nelas aparecen.
- Interese por clasificar axeitadamente os diferentes cambios físicos que suceden ao noso arredor.

- O movemento. Sistemas de referencia. Relatividade do movemento.

- Formulación de preguntas encamiñadas a reflexionar acerca da relatividade do movemento, e propostas de exemplos tanto da vida cotiá coma da historia da ciencia, como é o caso da evolución dos modelos planetarios.
- Resolución das actividades propostas, en soporte impreso e dixital, relacionadas con diversas situacións de repouso e movemento.

- Curiosidade por comprender que cada sistema de referencia utilizado nos presenta un movemento diferente, e que todos son igualmente válidos.

- Traxectoria, posición e distancia percorrida

- **Utilización de gráficos e ilustracións para comprender os conceptos de posición, traxectoria e espazo ou distancia percorrida.**
- **Clasificación, axudándonos de imaxes, dos diversos tipos de movemento.**
- **Reflexión acerca dos tipos de movemento que observamos a noso arredor.**

- O movemento rectilíneo uniforme: ecuación xeral e representación gráfica. Rapidez

- **Resolución de problemas relativos ao movemento rectilíneo uniforme.**
- **Recollida e correcta tabulación de datos relativos a un m.r.u. para realizar posteriormente as correspondentes representacións gráficas posición-tempo e velocidade-tempo.**
- Proposta de exemplos que poñan de manifesto a importancia que ten expresar as magnitudes físicas na orde de magnitude máis axeitada.

- Traballo coa aplicación interactiva sobre o m.r.u. incluída no CD-ROM.

- Interese por interpretar correctamente os resultados obtidos cuantitativamente aplicando fórmulas, para analizar o comportamento físico dun sistema.
- Recoñecemento das distintas formas (cualitativa, cuantitativa) de observar e interpretar un fenómeno, e valoración da súa importancia.

- As forzas. Tipos de forzas. Efectos das forzas.

- **Repaso do concepto de inercia estudiado o curso anterior e actualización do seu concepto grazas aos novos coñecementos adquiridos.**

- **Explicación dos efectos das forzas sobre os corpos, acompañada de exemplos concretos e actividades propostas para detectar a súa correcta asimilación.**
- **Utilización do programa interactivo subministrado no CD-ROM para axudar a comprender as diferenzas entre a masa e o peso.**
- **Deseño e realización de experiencias acerca da medida das forzas.**
- Interese por aplicar os conceptos científicos á explicación dos fenómenos cotiáns.

UNIDADE 3

OBXECTIVOS

- 1. Explicar os tipos de cambios que a enerxía térmica provoca na estrutura atómica da materia: os cambios de estado.**
- 2. Describir os dous tipos de partículas, moléculas e cristais, a que dan lugar as unións químicas entre os átomos.**
- 3. Diferenciar entre os elementos e os compostos químicos, e recoñecer que coñecemos unha gran variedade de compostos.**
- 4. Explicar como poden representarse os elementos, mediante símbolos; os compostos, mediante fórmulas, e os cambios químicos, mediante ecuacións químicas.**
5. Identificar, formular e nomear correctamente os óxidos e os hidruros.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Identifica os distintos estados de agregación da materia, nomea os cambios de estado e explica, a nivel microscópico, en que consisten.**
- 2.1. Describe as unións químicas entre átomos, e os tipos de partículas a que estas dan lugar.**
- 3.1. Distingue o concepto de elemento e composto químico, e recoñece a gran variedade de compostos químicos que coñecemos.**
- 4.1. Utiliza a simboloxía química para representar elementos, compostos e reaccións químicas.**
- 5.1. Formula e nomea, en nomenclatura sistemática, os óxidos e os hidruros máis comúns.

COMPETENCIAS

- **Coñecer os cambios térmicos e químicos máis habituais, para poder comprender mellor o mundo que nos rodea.**
- **Utilizar os coñecementos matemáticos de que dispoñen os alumnos para establecer un paralelismo entre unha reacción química e a súa correspondente representación matemática: a ecuación química.**
- Aprender o porqué dos símbolos dos diversos elementos, e comprender a importancia de establecer un sistema de formulación e nomenclatura universal que permita identificar de forma unívoca todos os elementos e compostos.
- Investigar en internet sobre os diferentes tipos de plantas oleaxinosas.
- **Valorar a presenza constante da química na nosa sociedade e nas nosas actividades cotiáns, percibíndoa como imprescindible e favorable na nosa vida cotiá.**

- Saber establecer unha diferenciación básica das substancias en función do modo en que as súas partículas están unidas.
- Consultar, sen necesidade de axuda, en diferentes fontes de información datos acerca do biodiésel e o bioalcohol, e debater e argumentar con opinións propias acerca das súas vantaxes e inconvenientes.
- Ter en conta a influencia da química no noso progreso e desenvolvemento cultural; por exemplo, recoñecendo a súa capacidade para dar resposta a algunhas necesidades da humanidade, como é o caso da produción e conservación de alimentos.

CONTIDOS

- **Cambios térmicos na materia. Estados de agregación e cambios de estado.**
 - **Interpretación de fotografías e ilustracións nas que se aprecia materia nos tres estados de agregación.**
 - Realización dun debate acerca do tipo de cambio que son os cambios de estado.
 - Participación activa e espontánea nos debates, achegando exemplos e opinións persoais.
- **Cambios químicos. Substancias atómicas, moleculares e cristalinas.**
 - Redacción dun texto no que se poña de manifesto como se producen os cambios químicos.
 - Mostrar as temperaturas de fusión e vaporización de dúas substancias, como o ferro e a auga, para facilitar a comprensión da diferenza entre as forzas de enlace químico e as forzas de cohesión intermoleculares.
 - **Utilización de ilustracións de substancias atómicas, moleculares e cristalinas, con modelos de bólas, para apreciar as diferenzas entre elas.**
 - Curiosidade polos distintos tipos de substancias que se atopan no noso contorno e por como estas cambian.
- **Elementos e compostos.**
 - **Identificación dalgúns elementos químicos a partir do seu símbolo.**
 - **Identificación dalgúns compostos químicos a partir da súa fórmula.**
 - **Clasificación de diferentes substancias como elementos ou compostos, incluíndo nela a forma en que se presenta na natureza cada unha delas.**
 - **Traballo con esquemas acerca da clasificación das substancias.**
 - Elaboración de fichas das distintas substancias que se van aprendendo.
 - Esfuerzo por comprender a gran diversidade de substancias que forman a natureza, e por aprender a diferencialas polas súas propiedades e cambios.
- **Ecuacións químicas e a súa interpretación. Formulación e nomenclatura**
 - **Lectura, interpretación e escritura de ecuacións químicas, e comprensión da súa equivalencia cos cambios químicos que se producen na natureza.**
 - **Identificación de reaccións químicas nas que se produza un desprendemento de enerxía.**
 - **Identificación de reaccións químicas que necesitan unha achega de enerxía para que se produzan.**
 - Proposta de actividades de formulación e nomenclatura de hidruros e óxidos; en particular,

as que ofrece o libro de texto e as da aplicación interactiva incluída no CD-ROM do alumnado.

- Recoñecemento da importancia de establecer un sistema de formulación e nomenclatura para denominar correctamente os millóns de substancias químicas coñecidas.

UNIDADE 4

OBXECTIVOS

- 1. Describir un sistema material e explicar a forma en que estes intercambian enerxía.**
- 2. Coñecer as unidades en que se mide a enerxía e clasificar os distintos tipos de enerxía que existen.**
- 3. Explicar en que consiste a calor. O equilibrio e o desequilibrio térmico. Saber poñer algún exemplo de degradación da enerxía.**
- 4. Describir os tres modos en que se propaga a calor e explicar como se illa unha casa das variacións climáticas de temperatura.**
- 5. Explicar o concepto de temperatura, a escala de partículas, e o modo no que se mide.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Identifica e describe os sistemas materiais.**
- 1.2. Distingue as formas en que intercambian enerxía os sistemas materiais e aplica correctamente o principio de conservación da enerxía.**
- 2.1. Identifica o tipo de enerxía en cada fase da evolución dun proceso e de distintos sistemas, e é capaz de expresala en unidades do Sistema Internacional.**
- 3.1. Distingue o concepto de calor do de enerxía, e tamén os tipos de enerxía polo seu grao de aproveitamento polo ser humano.**
- 4.1. Identifica as formas de propagación da calor en distintos sistemas e coñece como se illa correctamente unha vivenda.**
- 5.1. Entende que a calor é unha enerxía que se transfere entre corpos que se atopan a distinta temperatura e coñece as escalas termométricas máis utilizadas.**

COMPETENCIAS

- **Coñecer os conceptos relacionados coa enerxía, a calor e o traballo que lle permitan comprender mellor o seu contorno e como a enerxía se propaga e se degrada.**
- **Realizar cálculos sinxelos relacionados coa enerxía mecánica, así como de conversión entre as diferentes escalas termométricas estudadas.**
- **Diferenciar entre a linguaxe coloquial e a científico; por exemplo, para o caso da expresión «vai moita calor».**
- Exercitar a busca de información en internet e o seu tratamento, a través das actividades propostas acerca da degradación da enerxía, os materiais illantes, as unidades de enerxía e

os termómetros.

- **Coñecer para que se utiliza a enerxía na nosa sociedade, ser consciente da importancia de aproveitala con eficiencia e saber que a enerxía utilizada se degrada e pasa a ser pouco útil para o seu aproveitamento.**
- **Realizar diferentes experiencias sinxelas relacionadas cos contidos da unidade, como, por exemplo, as propostas acerca do equilibrio térmico ou sobre a percepción da calor.**
- Mostrar interese por traballar, de forma autónoma, coas diferentes propostas que se formulan ao longo da unidade.
- **Comprender a relación entre os contidos estudados acerca do illamento térmico das vivendas, e como do seu coñecemento se derivan consecuencias como, por exemplo, os diferentes aspectos construtivos que presentan as vivendas en función do clima da zona na que se sitúen.**

CONTIDOS

- **Intercambio de enerxía entre sistemas materiais. Principio de conservación da enerxía.**
 - **Identificación de situacións cotiás nas que se produzan intercambios de enerxía.**
 - **Elaboración dunha lista de actividades humanas imposibles sen enerxía.**
 - **Realización de experiencias sinxelas acerca do equilibrio térmico.**
 - Valoración da importancia da enerxía nas actividades cotiás e a súa repercusión sobre a calidade de vida e o desenvolvemento.
- **Concepto de enerxía e a súa medida. Tipos de enerxía**
 - Identificación de obxectos que posúan distintos tipos de enerxías.
 - **Identificación de situacións naturais nas que se manifesten algunhas formas de enerxía e os cambios que se producen.**
 - **Resolución de exercicios numéricos encamiñados ao cálculo de enerxías.**
 - Interese pola observación dos fenómenos naturais e a enerxía asociada a eles.
- **Concepto de calor. Degradación da enerxía.**
- **Análise e interpretación das diversas transformacións enerxéticas que se producen en calquera proceso, nas que se manifeste a conservación da enerxía e a súa degradación.**
 - Elaboración dunha relación dos tipos de enerxía por orde de menor a maior degradación.
- **Mostrar unha actitude positiva ante todo o relacionado coa manipulación e a transformación da enerxía.**
- **A propagación da calor. Mecanismos de transferencia.**
 - **Comprobación das distintas formas de propagación da calor.**
 - Deseño e realización de experiencias orientadas a estimar a eficacia de distintos sistemas de illamento térmico.
 - **Adquisición de hábitos de consumo que impliquen un aforro de enerxía e eviten a contaminación.**

- Valoración de todas aquelas achegas técnicas, sociais, científicas, etc., encamiñadas a conseguir un mellor aproveitamento da enerxía.
- **Concepto de temperatura. Escalas termométricas. Percepción da calor.**
- **Explicación da sensación de frío ou de calor que percibimos ao tocar un obxecto como transferencia de enerxía térmica.**
- **Deseño e realización de experiencias orientadas a estimar os efectos que producen os cambios de temperatura sobre distintos obxectos.**
- Realización de prácticas de laboratorio sinxelas sobre a graduación dun termómetro.
- Interese pola experimentación e por obter as conclusións que se derivan dela.

UNIDADE 5

OBXECTIVOS

- 1. Describir o que son as máquinas, explicar a súa utilidade e clasificalas pola función que cumpren e pola enerxía que consumen.**
- 2. Explicar de onde obtemos a enerxía térmica que necesitan as máquinas.**
- 3. Explicar o modo en que aproveitamos os distintos recursos naturais do noso planeta para obter enerxía deles, e o tipo de enerxía que obtemos de cada un deles.**
- 4. Analizar os procesos de xeración de enerxía a partir de diferentes fontes, do transporte e do consumo de enerxía en Galicia, valorando as repercusións ambientais.**
5. Coñecer e describir a situación enerxética actual e propoñer solucións para lograr un consumo responsable e, no futuro, un desenvolvemento sostible.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Describe o concepto de máquina e a súa utilidade, e clasifica os diferentes tipos que existen.**
- 2.1. Explica como obtemos a enerxía térmica que necesitan as máquinas.**
- 3.1. Explica como aproveitamos os recursos naturais do planeta para a obtención de enerxía, e especifica o tipo de enerxía que obtemos de cada un deles.**
- 4.1. Analiza os procesos de xeración de enerxía a partir de diferentes fontes e valora o impacto de diferentes usos da enerxía renovable e non renovable sobre o medio.**
- 5.1. Describe a situación enerxética actual, e propón solucións para lograr un consumo responsable e achegarnos ao desenvolvemento sostible.

COMPETENCIAS

- **Valorar a importancia da enerxía na nosa vida, de onde a obtemos, como a aproveitamos, de qué fontes dispoñemos, reflexionando acerca do uso que lle damos, aproveitando as lecturas, actividades e aplicacións propostas ao longo da unidade.**
- Efectuar cálculos acerca do rendemento de máquinas térmicas e dunha central termosolar.
- Aprender a terminoloxía propia dos contidos desta unidade, e saber debater e conversar

acerca deles utilizando con corrección termos tales como «desenvolvemento sostible», «descontinuidade das fontes enerxéticas», «enerxías renovables», etc.

- Comprender a dificultade de aproveitar eficientemente as fontes de enerxía de que dispoñemos.
- **Ser consciente da importancia do aforro de enerxía, e valorar a achega crecente do desenvolvemento da tecnoloxía necesaria para o emprego das enerxías renovables, en aras de alcanzar o desenvolvemento sostible.**
- Transferir os coñecementos aprendidos a situacións prácticas, a través da formulación de actividades relacionadas coa gráfica de consumo dun automóbil ou o abastecemento enerxético con enerxía solar.
- **Tomar medidas conducentes a reducir o consumo enerxético diario que realizamos.**
- **Valorar o impacto do uso da enerxía sobre o medio.**
- Valorar a influencia das máquinas na difusión da cultura ao longo da historia, comprendendo os cambios que a escritura, a imprenta e internet supuxeron para o desenvolvemento da sociedade.

CONTIDOS

- **As máquinas e a súa clasificación. A cultura e as máquinas.**
 - **Elaborar unha lista variada de máquinas e clasificalas pola función que desenvolven ou polo tipo de enerxía que empregan.**
 - Recompilación de información acerca das transformacións da Revolución Industrial.
 - **Recoñecemento da importancia das máquinas na nosa sociedade.**
 - Interese e curiosidade ante a explicación dos cambios que supuxeron para a difusión da cultura a escritura, a imprenta e internet.
- **Obtención da enerxía térmica. Tipos de máquinas térmicas e o seu rendemento.**
 - **Utilización de esquemas para a explicación do funcionamento de diversos tipos de máquinas térmicas.**
 - Utilización do CD-ROM para ampliar a información relativa ao motor de catro tempos.
 - **Importancia das máquinas térmicas na nosa sociedade.**
 - **Especial interese no que se refire á investigación acerca de combustibles ecolóxicos.**
- **As nosas fontes de enerxía. Enerxías renovables e non renovables.**
 - **Busca de información acerca da forma de aproveitamento da enerxía solar por parte de diversos seres vivos (plantas, réptiles, mamíferos, etc.).**
 - **Recoñecemento das vantaxes e inconvenientes das diferentes fontes de enerxía.**
 - Busca de información sobre algúns aspectos da unidade (seguridade nuclear, outras enerxías alternativas,...) empregando distintas fontes documentais.
 - **Realización dun traballo sobre centrais hidroeléctricas, como enerxías renovables e non contaminantes, analizando e comentando despois as vantaxes e inconvenientes delas.**
 - Análise da actividade formulada no libro do alumno (p. 86) sobre o posible abastecemento

enerxético con enerxía solar e debate e reflexión a partir das conclusións obtidas.

- **Coñecemento e avaliación crítica das vantaxes e inconvenientes das enerxías renovables e non renovables.**
- **Xeración, transporte e consumo de enerxía en Galicia.**
 - **Análise dos procesos de xeración de enerxía a partir de diferentes fontes.**
 - **Coñecemento das redes de transporte e distribución da enerxía en Galicia.**
 - Busca de información sobre o impacto do uso da enerxía eólica no medio.
- **Solucións para un desenvolvemento sostible. Os recursos enerxéticos do planeta. Solucións aos problemas enerxéticos.**
 - Busca de información acerca das directrices internacionais sobre a emisión de dióxido de carbono.
 - Análise do noso modelo actual de hiperconsumo enerxético e material, extrapolando as conclusións obtidas ao resto do planeta, e estimando o que acontecería se toda a poboación mundial mantivese un ritmo de consumo similar.
 - **Valoración de todas aquelas achegas técnicas, sociais, científicas, etc., encamiñadas a conseguir un mellor aproveitamento da enerxía.**
 - **Recoñecemento da necesidade que temos de facer un uso racional dos recursos enerxéticos que a natureza nos ofrece, evitando o seu malgasto e destrución.**
 - **Adquisición de hábitos de consumo que impliquen un aforro de enerxía e eviten a contaminación.**

UNIDADE 6

OBXECTIVOS

- 1. Explicar o que é o son, como se produce, como se propaga e cáles son as súas propiedades.**
2. Detallar como se capta, se almacena e se reproduce tecnicamente o son, utilizando aparatos axeitados.
- 3. Explicar a natureza, propagación e propiedades da luz, e en qué medios pode propagarse.**
- 4. Detallar como se poden obter imaxes, como podemos simular o movemento e como funcionan e para que se utilizan as lentes.**
- 5. Explicar o proceso de captación de imaxes polo noso ollo, os defectos que este pode ter e o modo de corraxilos.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Explica a produción e a propagación do son por medio das partículas nos sistemas materiais.**
- 1.2. Comprende o fenómeno da reflexión do son; explica, baseándose nel, os fenómenos do eco e a reverberación, e sabe que as ondas sonoras transmiten enerxía e información.**
- 1.3. Distingue entre sons graves (baixos) e agudos (altos), e relaciona a intensidade, o ton e o timbre dun son coa enerxía, a frecuencia e as características do foco sonoro,

respectivamente.

2.1. Describe as partes do oído humano, é consciente da necesidade da súa protección e propón medidas para paliar o problema da contaminación acústica.

2.2. Coñece como se capta, se almacena e se reproduce o son, así como o funcionamento do sonar.

3.1. Explica o que é a luz e como se propaga.

3.2. Enumera e explica as propiedades xerais da luz.

4.1. Distingue entre imaxes reais e virtuais, lentes converxentes e diverxentes e as súas aplicacións máis habituais.

5.1. Identifica as partes do ollo humano e explica algúns defectos oculares e a súa corrección.

COMPETENCIAS

- **Coñecer e comprender as propiedades da luz e o son, así como a evolución histórica das ideas acerca da natureza da luz.**
- **Ser capaz de realizar cálculos sinxelos con magnitudes relacionadas coa luz e o son.**
- **Adquirir a terminoloxía específica sobre os novos conceptos aprendidos na unidade e sabela utilizar á hora de configurar e transmitir ideas e informes sobre a lectura final da unidade acerca do proceso da visión.**
- Valorar as influencias das relacións entre ciencia e tecnoloxía no desenvolvemento das máquinas térmicas, e como estas influíron no desenvolvemento da sociedade.
- **Realizar os experimentos que se propoñen ao longo da unidade, ser capaz de extraer conclusións deles e de debatelas cos compañeiros.**
- **Mostrar interese á hora de axudarse coas ferramentas informáticas subministradas para afianzar a aprendizaxe dalgúns dos conceptos aprendidos na unidade, e ser consciente da necesidade de protexer axeitadamente nosos ollos e oídos.**
- **Apreciar o modo en que o ser humano utilizou as propiedades da luz e o son para realizar creacións artísticas.**

CONTIDOS

- **O son: natureza, propiedades, xeración e percepción.**
 - Realización de medicións da velocidade do son producindo golpes rítmicos fronte a unha parede que estea a 50 metros de distancia.
 - Comprobación, con instrumentos musicais, das distintas calidades do son.
 - Audición dunha peza musical para identificar os diferentes instrumentos que interveñen nela.
- **Representación e recoñecemento das distintas partes do oído humano.**
 - Comparación do funcionamento dun micrófono co oído.
 - Recoñecemento do valor da comprobación e da experimentación para interpretar os fenómenos observables.

- **Recoñecemento da importancia do órgano do oído e de todo o que a partir del podemos percibir e sentir.**
- Valoración da música como expresión que nos permite gozar coa beleza, relaxarnos e exaltar os nosos sentimentos.
- **Utilización tecnolóxica do son. Contaminación acústica.**
 - **Busca de información sobre os prexuízos que ocasionan no oído os ruídos intensos e en particular o uso dos auriculares dos distintos reprodutores de son.**
 - Tomar algún vello amplificador de son e identificar as distintas partes de que está formado.
 - **Coñecemento das múltiples aplicacións médicas e industriais do son.**
 - **Toma de conciencia das consecuencias que teñen para a saúde e o equilibrio persoal os ruídos intensos e do valor que ten a creación dun clima sonoro agradable e relaxante.**
- **A luz: a súa natureza e as súas propiedades.**
 - **Comprobación dos fenómenos de reflexión e refracción mediante experiencias sinxelas e cotiás.**
 - **Comprobación, mediante o disco de Newton, da composición de cores.**
 - **Manipulación de diversos materiais transparentes, translúcidos e opacos para analizar o seu comportamento fronte á luz.**
 - **Valoración da importancia das propiedades da luz.**
- **Manipulación da luz: imaxes en movemento, formación de imaxes, as lentes**
 - **Comprobación da formación de imaxes virtuais e reais.**
 - **Observación e uso de distintos instrumentos ópticos portadores de lentes.**
 - Descrición do funcionamento e construción dunha sinxela cámara fotográfica.
 - Interese por manexar axeitadamente diversos instrumentos ópticos.
- **A percepción da luz: o ollo, os defectos oculares e a súa corrección.**
 - **Representación e recoñecemento das distintas partes do ollo humano.**
 - Realización de gráficas relativas aos defectos da visión e ao modo en que as lentes converxentes e diverxentes os corrixen.
 - **Valoración do órgano do ollo e da importancia que para a nosa vida ten o que a partir del podemos percibir e sentir.**
 - **Coñecemento das normas que debemos seguir para coidar e protexer os nosos ollos.**

UNIDADE 7

OBXECTIVOS

1. Identificar as diferentes capas da xeosfera e coñecer como, a través das ondas sísmicas, podemos deducir a estrutura interna do noso planeta.
2. **Coñecer que é a litosfera e comprender os procesos xeolóxicos relacionados co movemento das placas.**
3. **Recoñecer as partes dun volcán e distinguir os principais produtos volcánicos.**

4. Explicar a orixe dos terremotos e coñecer como se miden.

5. Coñecer os riscos volcánicos e sísmicos e explicar como se preveñen.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1.1. Recoñece as distintas capas da xeosfera e como a través das ondas sísmicas se deduce a súa estrutura interna.

2.1. Sabe o que é a litosfera, coñece os movementos relativos entre dúas placas limítrofes e explica os fenómenos xeolóxicos asociados a elas.

3.1. Identifica as partes dun volcán e recoñece os principais produtos volcánicos.

4.1. Comprende a orixe dos terremotos e explica como se miden os movementos sísmicos.

5.1. Coñece os riscos volcánicos e sísmicos e explica a súa prevención.

COMPETENCIAS

- Relacionar as capas da xeosfera coa propagación das ondas sísmicas polo interior da Terra, e inferir a estrutura interna da Lúa a partir das **súas** características sísmicas.
- **Coñecer o modelo da tectónica de placas para interpretar axeitadamente a formación das cordilleiras montañosas, o movemento das masas continentais, e a orixe dos terremotos e dos volcáns.**
- Comprender textos científicos relacionados co desenvolvemento da ciencia a través da historia para entender a evolución e o progreso das interpretacións científicas e captar que as teorías e os modelos científicos están en continua revisión.
- **Vincular a actividade dos volcáns co tipo de produtos que estes botan e cos riscos que entrañan as súas erupcións.**
- Interpretar a orixe dos movementos sísmicos e das vibracións superficiais para valorar os diferentes riscos sísmicos.
- Interpretar o significado das medicións científicas dos terremotos, tanto polos efectos que estes producen coma pola enerxía que liberan, para comprender o valor dos diferentes graos de intensidade e magnitude dun movemento sísmico.
- Propoñer solucións para reducir os riscos volcánicos e sísmicos.
- **Interpretar e elaborar esquemas, mapas e gráficos relacionados coa dinámica de placas, coa actividade sísmica, e coa variación da temperatura do interior da Terra con respecto á profundidade.**
- **Buscar información en internet, enciclopedias, manuais, etc. sobre a enerxía interna da Terra e as súas manifestacións, e procesala para elaborar un informe.**

CONTIDOS

- **As ondas sísmicas e o estudo do interior da Terra.**
 - Dedución da estrutura interna da Lúa mediante a propagación das ondas sísmicas P e S.
 - Interese polo funcionamento dun sismógrafo.
 - Desenvolvemento da curiosidade investigadora.
- **Fomento dunha actitude participativa en clase.**
- **A litosfera, as placas tectónicas e a súa dinámica.**

- **Recoñecemento e localización, sobre esquemas, da litosfera.**
- **Situación nun mapa das principais placas tectónicas.**
- **Interpretación de esquemas que representen a dinámica das placas tectónicas e a súa relación coas correntes de convección do manto.**
- **Toma de conciencia de que a Terra é un planeta moi activo en continuo cambio a consecuencia dos procesos xeolóxicos endóxenos e exóxenos.**
- **A deriva continental do século XX.**
 - Reconstrución do antigo supercontinente de Panxea, recortando os continentes actuais dun mapamundi, e encaixándoos e pegándoos nunha cartolina.
 - Valoración da importancia que teñen as investigacións científicas e recoñecemento das súas achegas no coñecemento dos procesos terrestres.
- **Os volcáns: estrutura, tipos e produtos que expulsan.**
 - **Realización de esquemas dun volcán subaéreo e dun volcán submarino.**
 - **Situación, nun esquema, das principais partes dun volcán subaéreo.**
 - **Recoñecemento en fotografías ou en mostras dos diferentes produtos volcánicos.**
 - Valoración do coñecemento dos fenómenos naturais e da súa importancia para evitar as catástrofes que estes orixinan.
 - **Recoñecemento da importancia de internet como fonte de información fundamental na sociedade actual.**
- **Os riscos volcánicos: predición e prevención volcánica.**
 - **Recoñecemento de paisaxes volcánicas nunha colección de fotografías.**
 - **Interpretación de mapas de risco volcánico.**
 - Toma de conciencia da importancia da predición e prevención volcánica para reducir os riscos relacionados coas erupcións volcánicas.
- **Os terremotos: epicentro e hipocentro. Intensidade e magnitude dun terremoto**
 - **Localización, nun esquema, do hipocentro e do epicentro dun terremoto.**
 - Valoración do coñecemento dos fenómenos naturais e da súa importancia para evitar as catástrofes que estes orixinan.
 - **Desenvolvemento dunha actitude de curiosidade polos fenómenos naturais.**
- **Os riscos sísmicos e a súa prevención.**
 - Simulación dun movemento sísmico.
 - Interpretación de mapas de risco sísmico
 - Toma de conciencia da importancia da prevención sísmica para minimizar os riscos relacionados cos movementos sísmicos.

UNIDADE 8

OBXECTIVOS

- 1. Comprender o concepto de relevo terrestre, coñecer os seus tipos e as rochas máis abundantes da superficie terrestre.**
- 2. Comprender as constantes transformacións das rochas e resumilas no esquema do ciclo litolóxico.**

- 3. Explicar a orixe e a clasificación das rochas magmáticas e coñecer as máis importantes.**
- 4. Entender o concepto de metamorfismo, explicar os tipos de metamorfismo e describir as rochas metamórficas máis importantes.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Coñece o relevo das áreas mergulladas e emerxidas e as rochas principais que constitúen a superficie terrestre.**
- 2.1. Explica o ciclo litolóxico e recoñece os riscos derivados dos seus procesos.**
- 3.1. Explica a orixe das rochas magmáticas e coñece a súa clasificación.**
- 4.1. Comprende o concepto de metamorfismo e explica os seus principais tipos.**

COMPETENCIAS

- **Relacionar as principais formas do relevo terrestre cos procesos xeolóxicos que as orixinan e co contorno terrestre no que se desenvolven.**
- **Integrar o ciclo litolóxico no modelo da tectónica de placas para interpretar correctamente a orixe dos diferentes tipos de rochas e comprender a dinámica que modifica o relevo da superficie.**
- Comprender textos científicos relacionados co relevo submarino e coa enerxía interna da Terra, para desenvolver a comprensión lectora e **ampliar** o vocabulario científico.
- **Vincular a velocidade de arrefriamento do magma coa orixe dos diferentes depósitos, texturas e tipos de rochas magmáticas para reconstruír o ambiente xeolóxico no que se formaron.**
- **Captar a importancia que teñen os factores termodinámicos do metamorfismo (temperatura e presión) na orixe dos diferentes tipos de texturas e rochas metamórficas para deducir o tipo de metamorfismo no que se formaron.**
- **Exercitar a competencia matemática na elaboración e interpretación de gráficos relacionados coa forma da superficie terrestre.**
- Concienciar acerca da importancia na precisión do uso dos termos científicos e da expresión verbal das ideas científicas na explicación de procesos relacionados co magmatismo e o metamorfismo.

CONTIDOS

- **O relevo terrestre: as áreas emerxidas e o relevo submarino.**
 - **Recoñecemento de relevos das áreas emerxidas e de relevos submarinos en fotografías e en debuxos.**
 - **Consulta de enciclopedias ou de dicionarios para ampliar o vocabulario científico.**
 - Valoración das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao estudo e ao coñecemento do relevo terrestre.
 - **Recoñecemento da importancia de internet como fonte de información fundamental na sociedade actual.**
- **O ciclo litolóxico. Concepto de textura e de estrutura dunha rocha.**
 - **Elaboración dun esquema do ciclo xeolóxico.**

- **Recoñecemento de texturas de rochas en mostras reais, en fotografías, en microfotografías e en debuxos.**
- Identificación de estruturas de rochas no campo, en diapositivas, en fotografías e en debuxos.
- Toma de conciencia de que a Terra é un planeta moi activo en continuo cambio a consecuencia dos procesos xeolóxicos endóxenos e exóxenos.
- **As rochas magmáticas: orixe, clasificación e texturas. As rochas magmáticas máis importantes.**
 - Recoñecemento, en mostras, en debuxos ou en fotografías, das texturas das rochas magmáticas.
 - Identificación, en debuxos, dos principais depósitos de rochas magmáticas.
 - **Recoñecemento das rochas magmáticas máis representativas.**
 - **Fomento dunha actitude participativa en clase.**
 - **Interese polo traballo en equipo para desenvolver actitudes positivas, como a cooperación, o diálogo, a repartición de responsabilidades e a tolerancia.**
 - Desenvolvemento da curiosidade investigadora.
- **A orixe e os tipos de metamorfismo. As texturas e as rochas metamórficas máis destacables.**
 - Recoñecemento, en mostras, en debuxos ou en fotografías, das principais texturas das rochas metamórficas.
 - Identificación, en esquemas, das zonas onde actúan os principais tipos de metamorfismo.
 - **Recoñecemento das rochas metamórficas máis representativas.**
 - **Interese polo traballo en equipo para desenvolver actitudes positivas, como a cooperación, o diálogo, a repartición de responsabilidades e a tolerancia.**
 - **Desenvolvemento da curiosidade investigadora.**

UNIDADE 9

OBXECTIVOS

- 1. Explicar o que é un ser vivo e coñecer a súa organización e as súas funcións vitais.**
- 2. Identificar as células como as unidades elementais dos seres vivos e diferenciar entre organización procariota e organización eucariota e entre as células animais e as células vexetais.**
- 3. Coñecer o concepto de nutrición e os tipos de nutrición dos seres vivos, e describir os seus procesos.**
- 4. Comprender a organización das plantas e relacionar a súa estrutura cos procesos de nutrición vexetal.**
- 5. Explicar os tipos de aparatos dixestivos dos animais.**
- 6. Identificar os principais órganos respiratorios dos animais e describir o intercambio de gases.**
- 7. Distinguir os diferentes aparatos excretores dos animais e explicar o seu**

funcionamento.

8. Coñecer a estrutura do aparato circulatorio e distinguir os diferentes tipos de circulación sanguínea.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Explica que é un ser vivo e coñece a súa organización e as súas funcións vitais.**
- 2.1. Identifica ás células como as unidades elementais dos seres vivos e distingue entre organización procariota e organización eucariota e entre as células animais e vexetais.**
- 3.1. Distingue os tipos de nutrición e entre nutrición autótrofa e nutrición heterótrofa e identifica os procesos da nutrición nos seres vivos.**
- 4.1. Recoñece os órganos das plantas e identifica os tecidos que os constitúen.**
- 4.2. Describe os procesos de nutrición nas plantas.**
- 5.1. Coñece as características dos aparatos dixestivos dos animais.**
- 6.1. Distingue os tipos de órganos respiratorios nos animais e comprende a función do aparato respiratorio.**
- 7.1. Coñece a estrutura do aparato excretor dos animais e comprende o proceso da excreción.**
- 8.1. Identifica os compoñentes do aparato circulatorio, distingue entre circulación aberta e pechada e explica a circulación nos vertebrados.**

COMPETENCIAS

- **Elaborar esquemas, táboas, cadros e diagramas de fluxo que relacionen os distintos procesos da nutrición nos seres vivos.**
- **Saber interpretar datos e debuxar gráficas sobre diversos factores que inflúen nos procesos de nutrición nas plantas.**
- Ser capaz de argumentar en público sobre a importancia da conservación de todas as especies animais aínda que nos parezan desagradables ou perigosas.
- **Utilizar unha aplicación informática para presentar un traballo sobre as plantas que viven en ambientes de alta salinidade.**
- Tomar conciencia da importancia do coñecemento das funcións vitais dos seres vivos no desenvolvemento de aplicacións no campo da medicina e da tecnoloxía.
- Aplicar o coñecemento sobre as células para interpretar as primeiras observacións microscópicas de Hooke en laminiñas de cortiza.
- **Ser responsable na utilización de ferramentas informáticas na consulta de información a través de internet e saber discriminar páxinas web para evitar páxinas web non recomendables.**
- **Valorar a importancia de realizar debuxos de células, tecidos, órganos, aparatos e sistemas con pulcritude e limpeza.**

CONTIDOS

- **Os organismos unicelulares e pluricelulares e as súas funcións vitais.**
 - **Identificación, a partir de fotografías ou debuxos, de graos de organización dos**

seres vivos.

- **Construción dunha táboa relacionando aparatos e sistemas dos vertebrados coa función que desempeñan.**
 - Identificación, en modelos naturais, dos órganos dunha planta.
 - Toma de conciencia da importancia da investigación científica para o coñecemento dos procesos vitais dos seres vivos
- **A célula: o seu descubrimento e a súa morfoloxía. Os tipos de células.**
 - **Recoñecemento en esquemas e debuxos da estrutura básica das células, tanto procariotas como eucariotas.**
 - Realización dun resumo sobre a historia da investigación celular.
 - Cumprimento das normas dadas para a toma de datos en calquera información.
- **A nutrición: os seus tipos e os procesos da nutrición.**
 - **Recoñecemento, en esquemas e en debuxos, dos diferentes tipos de nutrición.**
 - **Interpretación de diagramas de fluxo sobre os procesos da nutrición nos seres vivos.**
 - **Relación de diferentes organismos pluricelulares co seu tipo de nutrición.**
 - Valoración da importancia da experimentación como medio para xustificar unha hipótese.
- **A organización e os procesos de nutrición nas plantas.**
 - **Identificación de tecidos vexetais en debuxos.**
 - **Realización e interpretación de esquemas sobre o proceso fotosintético e o proceso respiratorio nas plantas.**
 - **Observación de estruturas relacionadas coa nutrición das plantas.**
 - Interpretación de datos e construción de gráficas no estudo de factores que inflúen na transpiración das plantas.
 - **Valoración do proceso fotosintético como fonte primaria de enerxía para os seres vivos.**
- **O aparato dixestivo, o aparato respiratorio e a excreción nos animais.**
 - **Identificación, en fotografías, do réxime alimenticio de animais a partir da observación das estruturas e órganos desenvolvidos para inxerir os alimentos.**
 - Realización dunha experiencia para o recoñecemento dos órganos do aparato dixestivo nun invertebrado.
 - **Identificación, a partir de debuxos, das partes do aparato dixestivo e do aparato excretor dos vertebrados, e dos órganos respiratorios de diferentes animais.**
 - **Cumprimento das normas de seguridade e de coidado do instrumental no laboratorio.**
- **O aparato circulatorio e o transporte de substancias nos animais.**
 - **Recoñecemento en esquemas e debuxos do camiño que percorre o sangue nos circuitos sanguíneos.**
 - **Identificación a partir de esquemas de circuitos sanguíneos sinxelos e dobres.**
 - **Realización dun esquema de claves dos diferentes tipos de circulación dos**

vertebrados.

- **Interpretación de esquemas sobre diferentes aparatos circulatorios.**
- **Valoración do traballo en equipo e da responsabilidade nas tarefas individuais que se asignan dentro do grupo.**

UNIDADE 10

OBXECTIVOS

- 1. Comprender a función de relación e distinguir as estruturas que se atopan implicadas na devandita función.**
- 2. Coñecer os tipos de relación nas plantas.**
- 3. Explicar os mecanismos que utilizan os animais para a recepción dos estímulos.**
- 4. Describir os tipos de coordinación nos animais e comprender como se elaboran as respostas.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Coñece o concepto de relación e establece a conexión entre estímulo e resposta.**
- 2.1. Identifica o sistema de coordinación nas plantas e explica as súas respostas ante os estímulos.**
- 3.1. Distingue entre receptores externos e internos, e clasifica os receptores en función do tipo de estímulo.**
- 4.1. Distingue entre coordinación hormonal e coordinación nerviosa, e recoñece os sistemas de coordinación nerviosa nos animais.**
- 4.2. Explica a función dos efectores e coñece os tipos de locomoción nos animais.**

COMPETENCIAS

- **Elaborar e interpretar esquemas e debuxos sobre os procesos que interveñen na función de relación dos seres vivos.**
- Representar en diagramas de fluxo sinxelos as relacións causa-efecto que teñen lugar durante un acto reflexo.
- **Usar os termos científicos axeitados para facer referencia aos órganos receptores e ás partes que compoñen os sistemas nervioso e hormonal, e ao aparato locomotor.**
- Utilizar as novas tecnoloxías da información e a comunicación para buscar información sobre distintos aspectos das funcións de relación dos seres vivos.
- Tomar conciencia da importancia que ten o coñecemento do funcionamento dos sentidos animais no desenvolvemento de aplicacións tecnolóxicas, como o radar ou os instrumentos de visión nocturna.
- **Deseñar experiencias sinxelas para que mostren as respostas das plantas aos estímulos.**
- Adoptar unha actitude crítica e responsable na utilización de seres vivos en investigación.
- Apreciar o valor estético das fotografías realizadas con detalle dos órganos receptores dos animais.

CONTIDOS

- **A función de relación nos seres vivos: estímulos e respostas.**
 - **Interpretación de diagramas de fluxo sobre a función de relación nos seres vivos.**
 - **Utilización de ferramentas informáticas para observar distintos tipos de movementos celulares.**
 - **Construción unha táboa que diferencie os procesos de coordinación nerviosa e coordinación endócrina.**
 - Identificación, a partir de fotografías e ilustracións, de diferentes tipos de movementos celulares.
 - Toma de conciencia de utilidade das novas tecnoloxías da información e a comunicación para consultar datos de fontes diferentes.
- **A función de relación nas plantas: tipos de respostas aos estímulos.**
 - **Identificación, a partir de debuxos e de fotografías, de tropismos, nastias e fotoperiodicidade.**
 - **Interpretación dun experimento sobre a resposta das plantas a estímulos luminosos.**
 - Utilización de recursos informáticos para consultar técnicas de estudo sobre as respostas das plantas a diferentes estímulos.
 - Realización dun esquema da regulación do crecemento do talo.
 - Valoración dos resultados obtidos a partir dun experimento que se realizou dun xeito meticuloso.
- **Concepto de receptor e tipos de receptores.**
 - **Realización dun esquema de claves cos tipos de receptores.**
 - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para comprender o proceso de ecolocación nos animais.
 - **Identificación a partir de fotografías e de esquemas de distintos tipos de receptores e a súa relación co tipo de estímulo específico que captan.**
 - Realización dun comentario de texto sobre o sentido de orientación nas aves.
 - Valoración dos estudos que levan a cabo os científicos nos animais no seu medio natural para a súa posterior aplicación en diversos desenvolvementos tecnolóxicos.
- **A coordinación hormonal e nerviosa nos animais e os efectores.**
 - **Diferenciación entre a coordinación hormonal e a coordinación nerviosa, a partir de exemplos.**
 - Identificación, a partir de debuxos, das diferentes partes dunha neurona.
 - Interpretación de esquemas sobre o funcionamento da coordinación nerviosa.
 - **Realización dun esquema de claves coas partes do sistema nervioso.**
 - Identificación de distintos tipos de sistemas nerviosos, a partir de debuxos e esquemas.
 - Confección de esquemas que indiquen o percorrido dun acto reflexo.
 - **Desenvolvemento dunha experiencia para poñer de manifesto un acto reflexo.**
 - **Identificación, a partir de debuxos, de diferentes tipos de locomoción en animais.**
 - Utilización ferramentas informáticas para observar as distintas formas de locomoción dos

artrópodos.

- Realización dun comentario de texto sobre a relación entre as plantas e os animais.
- Ser coidadoso na elaboración de experimentos para chegar a conclusións fiables.
- Interese polos estudos que realizan os investigadores sobre diferentes aspectos fisiolóxicos dos animais para posteriores aplicacións médicas.

UNIDADE 11

OBXECTIVOS

- 1. Explicar o concepto de reprodución e diferenciar entre reprodución sexual e asexual.**
- 2. Coñecer a reprodución asexual nas plantas e nos animais.**
- 3. Describir a reprodución sexual nas plantas e nos animais.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Define reprodución e distingue entre reprodución sexual e asexual.**
- 2.1. Comprende o proceso da reprodución asexual nas plantas e nos animais.**
- 3.1. Describe a reprodución sexual nas plantas.**
- 3.2. Explica a reprodución sexual nos animais.**

COMPETENCIAS

- **Realizar e interpretar debuxos das formas de reprodución en organismos unicelulares e de ciclos biolóxicos de animais e de plantas.**
- Realizar e interpretar de gráficas sobre a produción de sementes en coníferas.
- **Utilizar de forma correcta os termos científicos específicos relativos á reprodución das plantas e dos animais na elaboración de informes e na transmisión de opinións con claridade.**
- **Interpretar e elaborar esquemas nos que se expresen, mediante frechas, os procesos de reprodución das plantas e dos animais.**
- **Tomar conciencia da importancia que teñen os insectos no proceso de polinización das plantas, e da utilización destes en certos cultivos de interese para as persoas.**
- Aplicar o coñecemento da reprodución asexual das plantas na produción agrícola.
- **Desenvolver unha conciencia crítica sobre a influencia dos seres humanos na natureza e promover accións para a súa conservación.**
- **Gozar dos valores plásticos e estéticos que nos brinda a natureza.**

CONTIDOS

- **Concepto de reprodución e os seus tipos.**
 - Recoñecemento, a partir de microfotografías e debuxos, de tipos de reprodución en organismos unicelulares.
 - **Desenvolvemento de esquemas, diferenciando a reprodución sexual da asexual.**
 - Realización de esquemas, relacionando exemplos de organismos unicelulares co seu tipo de reprodución.
 - Toma de conciencia da reprodución para a perpetuación das especies.
- **A reprodución asexual nas plantas.**

- **Desenvolvemento de experiencias para demostrar a reprodución asexual das plantas por fragmentación e mediante a formación de propágulos.**
- **Identificación, a partir de debuxos, de diferentes tipos de talos subterráneos que producen propágulos como medio de reprodución.**
- Toma de conciencia da importancia das técnicas de reprodución asexual que se empregan en agricultura.
- **A reprodución asexual nos animais.**
 - **Identificación, en debuxos e en fotografías, de tipos de reprodución asexual nos animais.**
 - **Recoñecemento das vantaxes da reprodución asexual nos animais.**
 - Interpretación de experiencias sobre reprodución asexual nos animais.
 - Toma de conciencia da importancia do coñecemento da reprodución asexual dos animais á hora de tomar decisións sobre o control de pragas.
- **A reprodución sexual nas plantas sen sementes e nas plantas con sementes**
 - **Identificación, en debuxos e en exemplares naturais, das partes dunha flor.**
 - **Identificación, en debuxos ou en fotografías, do mecanismo de dispersión das sementes.**
 - Interpretación de esquemas sobre ciclos de vida das plantas.
 - **Interpretación de esquemas sobre o proceso de reprodución nas plantas.**
 - Utilización de ferramentas informáticas para obter información sobre os mecanismos de dispersión de sementes e froitos, e o seu emprego para realizar un uniforme e unha táboa cos diferentes tipos de dispersión.
 - Desenvolvemento dun experimento para comprobar o proceso de xerminación de sementes de diferentes plantas.
 - **Valoración das novas tecnoloxías da información e a comunicación na busca de información.**
- **A reprodución sexual e o desenvolvemento dos animais.**
 - **Identificación, a partir de fotografías, do dimorfismo sexual nos animais.**
 - **Interpretación, a partir de fotografías ou de esquemas, dos procesos de fecundación externa e interna.**
 - Interpretación de esquemas sobre o ciclo de vida de insectos e de parasitos.
 - Descrición, a partir de debuxos, das características dos embrións dun mamífero e unha ave.
 - **Identificación, a partir de debuxos, de tipos de desenvolvemento dos vertebrados.**
 - Valoración da importancia da investigación científica para o coñecemento dos procesos reprodutores nos animais.

UNIDADE 12

OBXECTIVOS

- 1. Definir ecosistema e identificar as súas compoñentes.**

- 2. Coñecer os principais factores abióticos do ecosistema.**
- 3. Explicar as relacións existentes entre os organismos do ecosistema.**
- 4. Entender a organización trófica do ecosistema.**
5. Comprender o fluxo de enerxía no ecosistema e explicar o ciclo da materia.
- 6. Definir bioma, coñecer a súa distribución e describir os grandes biomas terrestres.**
- 7. Distinguir as características dos ecosistemas acuáticos.**
- 8. Coñecer os principais ecosistemas de Galicia.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Define ecosistema e recoñece as súas compoñentes.**
- 2.1. Identifica os principais factores abióticos do ecosistema e comprende como inflúen nos seres vivos.**
- 3.1. Comprende as relacións intraespecíficas do ecosistema.**
- 3.2. Explica as relacións interespecíficas do ecosistema.**
- 4.1. Entende a estrutura trófica do ecosistema.**
- 5.1. Interpreta o fluxo de enerxía no ecosistema e comprende o ciclo da materia.
- 6.1. Define bioma e localiza os grandes biomas terrestres.**
- 6.2. Distingue entre os desertos polares, a tundra e a taiga.
- 6.3. Explica as características dos bosques de zonas mornas, as estepas, os desertos, as sabanas, e os bosques tropicais e as selvas.
- 7.1. Identifica os principais ecosistemas de auga doce e o ecosistema mariño.**
- 8.1. Coñece algunhas características dos parques naturais e do parque nacional de Galicia.**

COMPETENCIAS

- **Comprender que os ecosistemas son unidades da biosfera nas que se establecen numerosas interaccións entre os factores do medio e a comunidade de organismos, e nas que se produce un fluxo de enerxía e un ciclo de materia.**
- **Interpretar gráficos de como inflúen os factores abióticos do medio nalgúns organismos do ecosistema, como a luz, a temperatura e a salinidade en poboacións de algas unicelulares; e de relacións interespecíficas, como a depredación.**
- Obter, analizar e extraer conclusións de esquemas de fluxo da enerxía e da circulación da materia no ecosistema.
- **Coñecer as características dos biomas terrestres e relacionar a súa distribución espacial coa zonación climática da Terra.**
- **Coñecer as características dos ecosistemas acuáticos e comprender a influencia que exercen algúns factores do medio, como a salinidade ou a profundidade, na súa biocenose.**
- Comprender e comentar textos científicos relacionados coa enerxía da biomasa e a destrución dos bosques tropicais para desenvolver a expresión escrita e enriquecer o vocabulario.

- **Buscar información en internet ou en enciclopedias sobre o aproveitamento da enerxía da biomasa e o seu posterior procesamento para elaborar un informe.**
- Utilizar a linguaxe matemática para calcular o fluxo de materia entre diferentes niveis tróficos.
- **Recoñecer o enorme valor biolóxico dos ecosistemas e a necesidade de responsabilizarse na defensa dos medios naturais e da biodiversidade que estes albergan.**

CONTIDOS

- **A biosfera e os ecosistemas. A ecosfera do sistema solar.**
 - **Identificación dos compoñentes bióticos e abióticos do ecosistema.**
 - Recoñecemento da ecosfera do sistema solar en debuxos ou en esquemas.
 - **Valoración da importancia da distancia ao Sol, da dispoñibilidade de auga e das envolvidas protectoras da Terra no desenvolvemento e mantemento da vida.**
- **Os compoñentes abióticos do ecosistema.**
 - Realización de medicións dalgún factor abiótico con instrumentos de medida.
 - Determinación do contido en materia orgánica, carbonatos e auga nun solo e interpretación dos resultados obtidos.
 - **Valoración da necesidade de non provocar alteracións nos factores abióticos do medio para evitar a degradación dos ecosistemas.**
- **Os compoñentes bióticos do ecosistema.**
 - **Identificación dalgunhas relacións intraespecíficas ou interespecíficas.**
 - **Interpretación de gráficas relacionadas coa depredación.**
 - **Toma de conciencia de que calquera alteración nunha cadea trófica pode causar graves alteracións no ecosistema.**
- **A estrutura trófica do ecosistema. O fluxo da enerxía e a circulación da materia no ecosistema.**
 - **Recoñecemento do nivel trófico ao que pertence un determinado organismo.**
 - **Construción e interpretación de esquemas de cadeas e redes tróficas.**
 - Representación e interpretación de esquemas do fluxo de enerxía e do ciclo da materia no ecosistema.
 - Recoñecemento da importancia que teñen todas e cada unha das poboacións do ecosistema no mantemento da súa organización e da súa estrutura trófica.
 - **Valoración da biomasa como fonte de enerxía renovable.**
- **Ecosistemas terrestres. Os biomas.**
 - **Recoñecemento de biomas en fotografías e ilustracións.**
 - Identificación de impactos que provoquen a perda de biodiversidade nos ecosistemas.
 - **Realización, en equipo, do estudo dun ecosistema terrestre do contorno.**
 - Recoñecemento da importancia que ten a biodiversidade para a humanidade.
 - **Valoración da necesidade de compatibilizar as actividades humanas co equilibrio dos ecosistemas terrestres e a conservación da súa biodiversidade.**

- **Desenvolvemento dunha actitude participativa na defensa e a conservación dos ecosistemas terrestres e da súa biodiversidade.**
- **Ecosistemas acuáticos.**
 - **Recoñecemento de ecosistemas acuáticos en fotografías e ilustracións.**
 - Identificación de impactos que provoquen a perda de biodiversidade nos ecosistemas.
 - Valoración da necesidade de compatibilizar as actividades humanas co equilibrio dos ecosistemas acuáticos e coa conservación da súa biodiversidade.
 - Desenvolvemento dunha actitude participativa na defensa e na conservación dos ecosistemas acuáticos e da súa biodiversidade.
- **Os ecosistemas de Galicia.**
 - **Identificación dos espazos protexidos cos principais ecosistemas de Galicia.**
 - **Coñecemento do parque nacional e dos parques naturais de Galicia.**
 - **Toma de conciencia do valor da protección dos nosos ecosistemas.**

5. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

1º. Lectura do tema en voz alta por parte dos/as alumnos/as para adquirir habilidade lectora.

2º. Proba escrita.

Neste exame poderase consultar o libro de texto. Trátase de desenvolver a capacidade dos/as alumnos/as para buscar información e sacar conclusións por si mesmos. Utilizarase tamén como unha actividade de iniciación para introducir o tema.

3º. Explicación dos contidos do tema.

Farase especial fincapé naqueles conceptos máis difíciles de comprender. Durante a explicación preguntaráselles os/as alumnos/as para coñecer o seu grao de comprensión e de atención.

4º. Resume do tema.

5º. Realización de actividades en grupos de dous ou tres alumnos/as para que aprendan a axudarse mutuamente e a desenvolver a capacidade de aceptar a opinión doutros compañeiros. As actividades serán o máis variadas posible.

6º. Elaboración dun esquema conceptual do tema para coñecer a relación que existe entre os distintos conceptos e ter unha visión global do tema.

7º. Exame.

Será a forma de constatar o progreso conseguido por cada alumno/a. O día do exame os/as alumnos/as deberán presentar o caderno onde se recollan todas as actividades realizadas.

Tratarase de conseguir un ambiente de confianza e, ao mesmo tempo, de seriedade na forma de traballar que contribúa a animar o/a alumno/a a esforzarse e a sentir interese por esta materia.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

- Libros de texto:

Ciencias da Natureza. 1º ESO. Editorial Anaya.

Ciencias da Natureza. 2º ESO. Editorial Anaya.

- Material para las adaptacións curriculares.

- Material para los reforzos y recuperacións.
- Realización de murais.
- Laboratorio.
- Recursos multimedia: vídeo, ordenador, diapositivas, pizarra dixital.
- Saídas ao entorno.
- Buscar información en internet, revistas, prensa, libros de texto, biblioteca, etc.
- Postas en común, debates, etc.
- Construción de instrumentos, maquetas ou aparatos.
- Visitas a museos, fábricas, etc.

7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

1º. Avaliación inicial.

Servirá para detectar os coñecementos, fundamentalmente os procedementos, previos dos alumnos e alumnas. Esta avaliación terá lugar a primeira semana de curso a través de distintas probas e actividades.

2º. Avaliación dos temas.

Avaliarase cada unidade e terase en conta os seguintes aspectos:

- Actitude:** Comportamento, traballo e participación.
- Caderno:** Caligrafía, ortografía, formato (limpeza, títulos, marxes, numeración...), actividades ao día, actividades corrixidas...
- Probas escritas.**

Realizaranse dous exames. Nun deles poderá consultarse o libro de texto.

8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A cualificación de cada unha das tres avaliacións estará baseada en :

- Exame co libro, suporá o 15% da nota global.
- Actitude, representará o 10% da nota global.
- Caderno, suporá o 10% da nota global.
- Exame, representará o 65% da nota global.

A nota final de curso será a media das tres avaliacións.

O redondeo da nota numérica realizarase cara arriba se a actitude é boa e cara abaixo se a mesma é negativa.

9. CONTIDOS MÍNIMOS:

1º CURSO	2º CURSO
<ul style="list-style-type: none"> - Concepto de masa, volume e densidade. - Utilización dos sistemas de medida, múltiplos e submúltiplos máis usuais. - Coñecer que é un cambio de estado. 	<ul style="list-style-type: none"> - Características do movemento rectilíneo uniforme. - A rapidez. O seu cálculo e unidades. - Diferenciar entre masa e peso. - Concepto de masa, peso, forza e enerxía.

- Diferenciar os cambios de estado e por que se producen.
- Qué nome reciben os diferentes pasos dun estado a outro.
- Saber que a auga é especial no seu comportamento.
- Distinguir entre substancia pura e mestura.
- Saber que son mesturas homoxéneas e heteroxéneas.
- Coñecer procesos físicos para separar os compoñentes dunha mestura.
- Nome da nosa galaxia.
- Concepto global do noso sistema solar.
- Movementos do noso planeta Terra e o que orixinan.
- Fases lunares.
- Eclipses.
- Partes da Terra.
- Estrutura e composición da atmosfera.
- Principais fenómenos atmosféricos.
- Aparatos de medida dos fenómenos atmosféricos.
- Importancia da auga no medio e no noso corpo.
- O ciclo da auga.
- Diferenciar entre depuración e potabilización.
- Diferenza entre rochas e minerais.
- Tipos de rochas segundo a súa orixe.
- Elementos que compoñen a materia viva (bioelementos).

- Diferenciar entre cambio físico e cambio químico.
- Diferenciar entre elementos e compostos.
- Definir reactivos e produtos.
- Escalas de temperatura: Celsius e Kelvin
- Concepto de calor.
- Coñecer as formas de transmisión da calor.
- Concepto de reflexión e refracción da luz.
- Coñecer as partes do oído.
- Coñecer as partes do ollo.
- Diferenciar entre enerxías renovables e non renovables. Tipos.
- As dobras e as fracturas.
- Orixe da calor interna da Terra.
- Diferenciar os tres tipos de bordos que se poden atopar entre as placas tectónicas.
- Manifestacións da calor interna da Terra:
 - o Volcáns.
 - o Terremotos.
- A fotosíntese. Proceso e finalidade.
- Nutrición autótrofa e heterótrofa.
- O aparato dixestivo dos vertebrados.
- Tipos de aparatos respiratorios.
- A circulación dos vertebrados.
- Reprodución sexual e asexual nos seres vivos.
- Reprodución sexual en plantas e animais.
- Concepto de ecosistema: biótoto e biocenose.

<ul style="list-style-type: none"> - Concepto de célula: células eucariótica e procariota, animal e vexetal. - Clases de nutrición: autótrofa e heterótrofa. - Clases de reprodución: sexual e asexual. - Clasificación dos seres vivos. - Coñecer os cinco reinos. - Coñecer a existencia de microorganismos. - Coñecer a clasificación dos invertebrados e saber incluír un animal no seu grupo correspondente. - Coñecer o grupo dos vertebrados, a súa división e saber asociar certos animais ao seu grupo debido. - Clasificación básica das plantas. - Partes da planta: raíz, talo, follas e as súas funcións. - Importancia da flor. 	<ul style="list-style-type: none"> - Factores dun ecosistema. - Relacións intraespecíficas e relacións interespecíficas. - Niveis tróficos do ecosistema: produtores, consumidores e descompoñedores. - Diferentes biomas da Terra.
--	---

10. TEMPORALIZACIÓN.

	1º ESO	2º ESO
1º Trimestre	<input type="checkbox"/> O universo. <input type="checkbox"/> A Terra. <input type="checkbox"/> A materia do universo. <input type="checkbox"/> Os estados da materia	<input type="checkbox"/> Un universo cambiante de materia e enerxía. <input type="checkbox"/> Os cambios físicos. <input type="checkbox"/> Cambios na estrutura da materia. <input type="checkbox"/> A enerxía e a súa transferencia
2º Trimestre	<input type="checkbox"/> A atmosfera. <input type="checkbox"/> A hidrosfera. <input type="checkbox"/> A xeosfera. <input type="checkbox"/> Un planeta con vida	<input type="checkbox"/> A enerxía na nosa vida. <input type="checkbox"/> A luz e o son. <input type="checkbox"/> A Terra e a súa dinámica.
3º Trimestre	<input type="checkbox"/> A biodiversidade e a súa clasificación.	<input type="checkbox"/> Os seres vivos e as funcións de nutrición.

	<input type="checkbox"/> Moneras, protoctistas, fungos e plantas. <input type="checkbox"/> Os animais I. <input type="checkbox"/> Os animais II.	<input type="checkbox"/> Os seres vivos e as funcións de relación. <input type="checkbox"/> Os seres vivos e as funcións de reprodución. <input type="checkbox"/> Os ecosistemas.
--	--	---

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Desenvolveranse Programas de Agrupamento Específico (P.A.E.) en 1º e 2º de E.S.O. Os/As alumnos/as que asistan aos P.A.E. recibirán a información máis básica posible.

Proporcionarlles aos/as alumnos/as que teñan máis dificultades o apoio de compañeiros máis cualificados.

Realizarse a maior variedade de actividades posible para conseguir que queden claros os contidos conceptuais básicos e, ao mesmo tempo, traballar os procedementos nos que tamén presentaban dificultades.

Ao finalizar cada unidade didáctica, e tras a avaliación da mesma, dedicarse unha hora ao tratamento da diversidade. Os alumnos con necesidades educativas superiores traballarán na ampliación de determinados conceptos. Os alumnos con dificultades realizarán fichas de reforzo.

12. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DOS/AS ALUMNOS/AS COA MATERIA PENDENTE.

Os/As alumnos/as realizarán ao longo do curso unha serie de actividades que presentarán, a grandes trazos, a seguinte tipoloxía:

- Exercicios de afianzamento e comprensión dos conceptos básicos de cada unha das unidades didácticas: cuestións de razoamento, exercicios de cálculo e manipulación de datos, elaboración e interpretación de gráficas, etc.
- Actividades complementarias: análise de textos para desenvolver a lectura comprensiva, realización de traballos bibliográficos para desenvolver a súa capacidade de manexar distintas fontes de información, realización de resúmenes e esquemas para desenvolver a súa capacidade de síntese.
- Os/As alumnos/as poderán consultar as súas dúbidas sobre as actividades ao mestre encargado de impartir a materia.

Para a avaliación terase en conta:

- . A actitude: consulta as dúbidas, realiza as actividades, presenta os exercicios e os traballos no prazo establecido ... Suporá o 20% da nota.
- . O caderno: ortografía, caligrafía, limpeza, actividades ao día... O caderno deberá presentarse o día do exame. Suporá o 10% da nota.

Os exames. Realizaranse tres exames ao longo do curso. Suporá o 70% da nota.

O alumnado que teña pendente Ciencias da Natureza de 1º e/ou de 2º da E.S.O tamén

recuperará a materia cando aprobe Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química de 3º de E.S.O.

13. PLAN DE FOMENTO DA LECTURA NA MATERIA DE CIENCIAS DA NATUREZA.

A. Lectura dos temas.

Os epígrafes de cada un dos temas serán lidos en voz alta por un/unha alumno/a. A continuación, realizaranse exercicios de comprensión lectora, entre eles, a elaboración de esquemas conceptuais a partir do texto lido.

B. Lectura e resume dun texto científico.

C. Elaboración de informes despois de consultar distintas fontes de información.

O tempo que se dedicará á lectura na materia de Ciencias da Natureza será, aproximadamente, de 30 minutos á semana.

14. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICs.

Incluír en todas as unidades de 1º e 2º de ESO actividades interactivas que se poidan encontrar en distintas páxinas web e que estean relacionadas cos contidos que se estean a traballar.

Realizar durante o curso un traballo en presentación Powerpoint.

Utilizar animacións para explicar aqueles conceptos que sexan difíciles de comprender.

Motivar ao alumnado a adquirir destrezas na búsqueda de información e na capacidade de discriminar individualmente respostas axeitadas ás cuestións plantexadas: cazatesouros, webquest.

Habituar ao alumnado a utilizar internet como unha ferramenta individualizada de reforzo e traballo complementario. Para iso propoñeranse páxinas web de referencia sobre os diferentes temas do currículo.

15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

- Visita á Cerámica Vereá. O obxectivo será achegar ao noso alumnado á realidade industrial, relacionandoa cos temas tratados na aula, en concreto con: "Os recursos da xeosfera". Irían os/as alumnos/as de 1º e 2º de ESO.

- Visita ás Fragas do Eume. Ten como obxectivo concienciar ao alumnado da necesidade de preservar a biodiversidade, neste caso a do mundo vexetal. Irían os/as alumnos/as de 1º e 2º de ESO.

16. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Adecuación dos contidos seleccionados

Adecuación dos obxectivos a conseguir

Adecuación da temporalización da unidade

Adecuación da metodoloxía

Deseño das actividades

Calidade e cantidade dos materiais curriculares utilizados.

Adecuación dos instrumentos e temporalización da avaliación.

BIOLOXIA E XEOLOXIA

INTRODUCCIÓN

O **Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro**, aprobado polo Ministerio de Educación e Ciencia (MEC), e que establece as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria como consecuencia da implantación da Lei orgánica de Educación (LOE), foi desenvolvido na Comunidade Autónoma de Galicia polo **Decreto 133/2007, do 5 de xullo**, polo que se regulan as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria para esta comunidade. O presente documento refírese á programación do **terceiro e cuarto curso da ESO da materia de *Biología e Xeoloxía*** .

Unha das principais novidades que incorpora esta lei na actividade educativa vén derivada da nova definición de *currículo*, en concreto pola inclusión das denominadas *competencias básicas*, un concepto relativamente novidoso no sistema educativo español e na súa práctica educativa. Polo que se refire, globalmente, á concepción que se ten de obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación, as novidades son as que produce, precisamente, a súa interrelación coas devanditas competencias, que van orientar o proceso de ensino-aprendizaxe. No que se refire, especificamente, ao aspecto metodolóxico co que se debe desenvolver o currículo, mantense, en cada unha das unidades didácticas desta materia e curso, un equilibrio entre os diversos tipos de contidos: os conceptos, os procedementos e as actitudes seguen orientando, integrada e interrelacionadamente coas citadas competencias básicas, o proceso de ensino-aprendizaxe, xa que cada un deses contidos cumpre funcións distintas pero complementarias na formación integral do/a alumno/a. En consecuencia, a flexibilidade e a autonomía pedagóxica son características do proceso educativo, de forma que o profesorado pode empregar aqueles recursos metodolóxicos que mellor garantan a formación do/a alumno/a e o desenvolvemento pleno das súas capacidades persoais e intelectuais, sempre favorecendo a súa participación para que aprenda a traballar con autonomía e en equipo, de forma que el/ela mesmo/a *constrúa* o seu propio coñecemento. O ensino nos valores dunha sociedade democrática, libre, tolerante, plural, etc., continúa sendo, coma ata agora, unha das finalidades prioritarias da educación, tal e como se pon de manifesto nos obxectivos desta etapa educativa e nos desta materia.

Por iso, todos eses obxectivos interveñen no desenvolvemento integral do/a alumno/a

(capacidade para coñecer, comprender, explicar,...) e son alcanzables desde esta materia. Deste modo, nesta comunidade convértense en eixe vertebrador e transversal do seu currículo os elementos característicos propios dela, de modo que sirvan para coñecer e comprender a súa realidade actual, así como o seu rico patrimonio (ambiental neste caso, sobre todo), expresión duns elementos que o alumnado debe coñecer e que conviven, non obstante, con outros comúns ao conxunto de cidadáns/ás españois/las, e que na súa interrelación os/as enriquecen.

Estes aspectos tivéronse en conta á hora de organizar e secuenciar as unidades didácticas desta materia: a integración ordenada de todos os aspectos do currículo (entre os que incluímos as competencias básicas) é condición *sine qua non* para a consecución tanto dos obxectivos da etapa coma dos específicos da materia. Deste modo, obxectivos, contidos, metodoloxía, competencias básicas e criterios de avaliación, así como uns contidos entendidos como conceptos, procedementos e actitudes, forman unha unidade para o traballo na aula.

Desde unha formulación inicial en cada unidade didáctica que parte de saber o grao de coñecemento do/a alumno/a acerca dos distintos contidos que nela se van traballar, efectúase un desenvolvemento claro, ordenado e preciso de todos eles, adaptado na súa formulación, vocabulario e complexidade ás posibilidades cognitivas do/a alumno/a, facilita non só o coñecemento e a comprensión inmediata do/a alumno/a senón a obtención dos obxectivos da materia (e, en consecuencia, da etapa). Nunha cultura preferentemente audiovisual coma a que teñen os/as alumnos/as, sería un erro desaproveitar as enormes posibilidades que os elementos gráficos do libro de texto (e doutros compoñentes, como a información dispoñible no CD-ROM da materia) poñen ao dispor da aprendizaxe escolar. O feito de que todos os contidos sexan desenvolvidos mediante actividades (prácticas en moitos casos) facilita que se saiba en cada momento como foron asimilados polo/a alumno/a, de forma que se poidan introducir inmediatamente cantos cambios sexan precisos para corrixir as desviacións producidas no proceso educativo.

Así mesmo, preténdese que a aprendizaxe sexa *significativa*, é dicir, que parta dos coñecementos previamente adquiridos e da realidade cotiá e mais dos intereses próximos ao/a alumno/a (aprendizaxe instrumental). É por iso polo que, en todos os casos en que é posible, se parte de realidades e de exemplos que lle son coñecidos, de forma que se implique activa e receptivamente na construción da súa propia aprendizaxe. A inclusión das competencias básicas como referente do currículo afonda nesta concepción instrumental das aprendizaxes escolares.

Pero non todos/as os/as alumnos/as poden seguir o mesmo ritmo de aprendizaxe, tanto polo propio desenvolvemento psicolóxico coma por moi diversas circunstancias persoais e sociais: a atención á diversidade de alumnos/as e de situacións escolares convértese nun elemento fundamental da actividade educativa. Distintas actividades pretenden dar resposta a esa ineludible realidade tan heteroxénea das aulas.

En cada unha das unidades didácticas en que se organizaron / distribuiron os contidos deste curso, preséntanse neste documento uns mesmos apartados para mostrar como se vai

desenvolver o proceso educativo:

- Obxectivos da unidade.
- Contidos da unidade (conceptos, procedementos e actitudes).
- Contidos transversais.
- Criterios de avaliación.
- Competencias básicas asociadas aos criterios de avaliación.

O libro de texto utilizado é *Bioloxía e Xeoloxía Galicia 3º ESO* (Proxecto Adarve, de Oxford EDUCACIÓN, 2011).

Outros materiais complementarios para o alumno son o *Caderno básico* (actividades de reforzo para os distintos contidos do curso), *Caderno de esquemas mudos* (ilustracións e esquemas mudos dos contidos fundamentais do curso) e *Caderno de laboratorio* (desenvolvemento de prácticas propostas).

METODOLOXÍA

O desenvolvemento dos coñecementos científicos e do que demos en chamar a Ciencia, con maiúsculas, fai que sexa imprescindible abordar o currículo de Ciencias da Natureza desde moi diversas perspectivas conceptuais e metodolóxicas, en concreto, da Física, a Química, a Bioloxía e a Xeoloxía (todas elas teñen en común unha determinada forma de representar e de analizar a realidade), ademais doutras coas que mantén unha estreita interconexión, como son a ecoloxía, a meteoroloxía, a astronomía... Nesta liña, os coñecementos son cada vez máis especializados (de aí a separación entre Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química neste curso e no seguinte) e, en consecuencia, máis profundos. En calquera caso, esta especialización non é incompatible co estudo interdisciplinar, non en van o coñecemento científico, en xeral, e o natural, en particular, non poden estudarse de forma fragmentada (o/a alumno/a debe saber que hai uns procedementos de investigación comúns aos distintos ámbitos do saber científico). De aí, por exemplo, que neste curso haxa, no currículo oficial da comunidade, uns contidos comúns para ambas as dúas materias, e outros específicos para cada unha.

Tanto neste curso coma nos demais da ESO, a alfabetización científica dos/as alumnos/as, entendida como a familiarización coas ideas científicas básicas, convértese nun dos obxectivos fundamentais, pero non tanto como un coñecemento finalista senón como un coñecemento que lles permita a comprensión de moitos dos problemas que lle afectan ao mundo na vertente natural e ambiental e, en consecuencia, a súa intervención no marco dunha educación para o desenvolvemento sostible do planeta (a ciencia é, en calquera caso, un instrumento indispensable para comprender o mundo e, de acordo con esta materia, para conservalo). Isto só se poderá lograr se o desenvolvemento dos contidos (conceptos, feitos, teorías, etc.) parte do que coñece o/a alumno/a e do seu contorno, ao que poderá comprender e sobre o que poderá intervir. Se ademais temos en conta que os avances científicos se converteron ao longo da historia nun dos paradigmas do progreso social, vemos que a súa importancia é fundamental na formación do alumnado, formación na que tamén repercutirá unha determinada forma de enfrontarse co coñecemento, a que incide na racionalidade e na

demostración empírica dos fenómenos naturais. Neste aspecto habería que lembrar que tamén se debe facer fincapé no que o método científico lle achega ao/á alumno/a: estratexias ou procedementos de aprendizaxe para calquera materia (formulación de hipóteses, comprobación de resultados, investigación, traballo en grupo...).

Polo tanto, o estudo de *Bioloxía e Xeoloxía* neste curso terá en conta os seguintes aspectos:

- Considerar que os contidos non son só os de carácter conceptual, senón tamén os procedementos e as actitudes, de forma que a presentación destes contidos vaia sempre encamiñada á interpretación do contorno por parte do alumnado e a conseguir as competencias básicas propias desta materia, o que implica empregar unha metodoloxía baseada no método científico.
- Consegue unha aprendizaxe significativa, relevante e funcional, de forma que os contidos / coñecementos poidan ser aplicados polo/a alumno/a ao entendemento do seu contorno natural máis próximo (aprendizaxe de competencias) e ao estudo doutras materias.
- Promover unha aprendizaxe construtiva, de forma que os contidos e as aprendizaxes sexan consecuencia uns doutros.
- Tratar temas básicos, axeitados ás posibilidades cognitivas individuais dos/as alumnos/as.
- Favorecer o traballo colectivo entre os/as alumnos/as.

Para tratar adecuadamente os contidos desde a tripla perspectiva de conceptos, procedementos e actitudes e para contribuír á adquisición de determinadas competencias, a proposta didáctica e metodolóxica debe ter en conta a concepción da ciencia como unha actividade en permanente construción e revisión, e ofrecer a información necesaria realizando o papel activo do alumnado no proceso de aprendizaxe mediante diversas estratexias:

- Darlle a coñecer algúns métodos habituais na actividade e na investigación científica, invítalo a utilizalos e reforzar os aspectos do método científico correspondentes a cada contido.
- Xerar escenarios atractivos e motivadores que o axuden a vencer unha posible resistencia apriorística ao seu achegamento á ciencia.
- Propoñer actividades prácticas que o sitúen fronte ao desenvolvemento do método científico, proporcionándolle métodos de traballo en equipo e axudándoo a enfrontarse co traballo / método científico que o motive para o estudo.
- Combinar os contidos presentados expositivamente, mediante cadros explicativos e esquemáticos, e nos que a presentación gráfica é un importante recurso de aprendizaxe que facilita non só o coñecemento e a comprensión inmediata do/a alumno/a senón a obtención dos obxectivos da materia (e, en consecuencia, da etapa) e as competencias básicas.

Todas estas consideracións metodolóxicas tivéronse en conta nos materiais curriculares que se van utilizar e, en consecuencia, na propia actividade educativa que se desenvolverá diariamente:

- Tratamento dos contidos de forma que conduzan a unha aprendizaxe comprensiva e significativa.
- Unha exposición clara, sinxela e razoada dos contidos, cunha linguaxe adaptada á do/a alumno/a.
- Estratexias de aprendizaxe que propicien a análise e a comprensión do feito científico e natural.

É fundamental o feito de que o alumnado participe activa e progresivamente na construción do seu propio coñecemento, exemplo preciso dunha metodoloxía que persegue a súa formación integral. Por iso, o uso de calquera recurso metodolóxico, e o libro de texto segue sendo aínda un dos máis privilexiados, debe ir encamiñado á participación cotiá do/a alumno/a no proceso educativo, non a substituílo. Pero nun contexto no que se está a xeneralizar o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (a internet, vídeos, CD-ROM, etc.), non tería sentido desaproveitar as súas posibilidades educativas, de aí que o seu uso, interesante en si mesmo polas posibilidades de obtención de información que permiten, fomenta que o/a alumno/a sexa formado nalgunhas das competencias básicas do currículo (aprender a aprender, tratamento da información e competencia dixital,...).

A formulación dos contidos na lexislación ten unha particularidade: organízalos en bloques, un dos cales (*contidos comúns*) recolle todos aqueles que teñen un marcado carácter procedemental ou actitudinal e condiciona a forma en que deberían ser desenvolvidos os que poderíamos considerar máis de tipo conceptual (*As persoas e a saúde, As persoas e o medio e Transformacións xeolóxicas debidas á enerxía externa*). Neste curso pártese do estudo da estrutura e da función do corpo humano e da súa relación coa saúde (*As persoas e a saúde*), continúa coa interacción e a interdependencia entre as persoas e o medio (*As persoas e o medio*) e remata coa actividade xeolóxica que se debe á enerxía externa ao planeta (*Transformacións xeolóxicas debidas á enerxía externa*).

AS COMPETENCIAS BÁSICAS

Na definición que a Lei orgánica da educación (LOE) fai do currículo, atopámonos tanto cos compoñentes tradicionais (obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación) coma cunha significativa novidade, como é a introdución das *competencias básicas*. Este elemento pasa a converterse nun dos aspectos orientadores do conxunto do currículo (non é casual que no currículo antecedan na súa formulación, mesmo, aos obxectivos) e, en consecuencia, en orientador dos procesos de ensino-aprendizaxe, máxime cando nun dos cursos desta etapa educativa (segundo da ESO) o/a alumno/a participou na denominada avaliación de diagnóstico, na que debeu demostrar a adquisición de determinadas competencias. Independentemente de que esta avaliación non teña consecuencias académicas para os/as alumnos/as, o feito de que os resultados sirvan de orientación para que os centros adopten decisións relativas ás aprendizaxes dos/as alumnos/as dámos unha idea de como os procesos educativos se van ver condicionados por este novo elemento na liña de ser moito máis funcionais. Non esquezamos tampouco que a decisión de se o/a alumno/a obtén ou non o título de graduado en ESO no próximo curso se baseará en se adquiriu ou non as competencias

básicas da etapa, de aí que as competencias se acabarán convertendo no referente para a avaliación do/a alumno/a.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que terán que ser demostrados polos/as alumnos/as (é algo máis ca unha formación funcional). Unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De forma moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os *coñecementos en acción*, é dicir, *mobilizar* os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta daquela en que se aprendeu), *activar* recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron).

Pero hai un aspecto que cómpre salientarmos, dado que non adoita ser apreciado a simple vista, é o que incide sobre o que demos en chamar *carácter combinado* da competencia: o/a alumno/a, mediante o que *sabe*, debe demostrar que o *sabe aplicar*, pero ademais que *sabe ser e estar*. Desta forma vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do/a alumno/a. Estamos a recoñecer que a institución escolar non só prepara o/a alumno/a no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán/á, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes cívicas e intelectuais que impliquen o respecto aos demais, a ser responsable, a traballar en equipo...

Tamén é importante outro aspecto ao que moitas veces non se lle concede a importancia que ten: formar en competencias permite facerlle fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento (nesta en particular). A formación académica do/a alumno/a transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non remata nunca, polo que unha formación competencial no uso, por exemplo, das tecnoloxías da información e a comunicación permitirá acceder a este instrumento para solicitar a información que en cada momento se precise (obviamente, despois de analizar a súa calidade). Se ademais temos en conta que moitas veces é imposible tratar en profundidade todos os contidos do currículo, está claro que o/a alumno/a deberá formarse nesa competencia, a de *aprender a aprender*.

No noso sistema educativo considérase que as competencias básicas que debe ter o/a alumno/a cando remata a escolaridade obrigatoria para enfrontarse cos retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
- Competencia no tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.

- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Competencia en autonomía e iniciativa persoal.

Que entendemos por cada unha desas competencias? De forma sucinta, e recollendo o máis significativo do que establece o currículo escolar, cada unha delas achégalle o seguinte á formación persoal e intelectual do/a alumno/a:

- **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

Supón a utilización da linguaxe como un instrumento de comunicación oral e escrita e como instrumento de aprendizaxe e de autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta, polo que contribúe, así mesmo, á creación dunha imaxe persoal positiva e fomenta as relacións construtivas cos/coas demais e co contorno. Aprender a comunicarse é, en consecuencia, establecer lazos con outras persoas, achegarnos a outras culturas que adquiren sentido e provocan afecto en canto que se coñecen. En resumo, esta competencia lingüística é fundamental para aprender a resolver conflitos e para aprender a convivir.

A adquisición desta competencia supón o dominio da lingua oral e escrita en múltiples contextos e o uso funcional de, polo menos, unha lingua estranxeira.

- **COMPETENCIA MATEMÁTICA**

Esta competencia consiste, ante todo, na habilidade para utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e co mundo laboral.

A adquisición desta competencia supón, aplicar destrezas e actitudes que permiten razoar matematicamente, comprender unha argumentación matemática, expresarse e comunicarse na linguaxe matemática e integrar o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento.

- **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO**

É a habilidade para interactuar co mundo físico nos seus aspectos naturais e nos xerados pola acción humana, de modo que facilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e á preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos.

Esta competencia implica a adquisición dun pensamento científico-racional que permite interpretar a información e tomar decisións con autonomía e iniciativa persoal, así como utilizar valores éticos na toma de decisións persoais e sociais.

- **TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL**

Son as habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento. Inclúe aspectos que van desde o acceso e a selección da información ata o seu uso e transmisión en diferentes soportes, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como un elemento esencial para informarse e comunicarse.

A adquisición desta competencia supón, polo menos, utilizar recursos tecnolóxicos para resolver problemas de modo eficiente e ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da

información de que se dispón.

- **COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ**

Esta competencia permite vivir en sociedade, comprender a realidade social do mundo en que se vive e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural. Incorpora formas de comportamento individual que capacitan as persoas para convivir en sociedade, relacionarse cos demais, cooperar, comprometerse e afrontar os conflitos, polo que adquirila supón ser quen de poñerse no lugar do/a outro/a, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos/as outros/as.

Implica comprender a realidade social na que se vive, afrontar os conflitos con valores éticos e exercer os dereitos e os deberes cidadáns desde unha actitude solidaria e responsable.

- **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

Esta competencia implica coñecer, apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de gozo e enriquecemento persoal e consideralas parte do patrimonio cultural dos pobos.

En definitiva, apreciar e gozar a arte e outras manifestacións culturais, ter unha actitude aberta e receptiva ante a realidade artística plural, conservar o patrimonio cultural común e fomentar a propia capacidade creadora.

- **COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER**

Esta competencia supón, por un lado, iniciarse na aprendizaxe e, por outro, ser quen de continuar aprendendo de xeito autónomo, así como buscar respostas que satisfagan as esixencias do coñecemento racional. Así mesmo, implica admitir unha diversidade de respostas posibles ante un mesmo problema e atopar motivación para buscalas desde diversos enfoques metodolóxicos.

Implica a xestión das propias capacidades desde unha óptica de busca da eficacia e o manexo de recursos e técnicas de traballo intelectual.

- **AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

Esta competencia refírese á posibilidade de optar con criterio propio e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal coma no social ou laboral.

A adquisición desta competencia implica ser creativo/a, innovador/a, responsable e crítico/a no desenvolvemento de proxectos individuais ou colectivos.

Nunha competencia non hai saberes que se adquiren exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela. Con todo o que o/a alumno/a aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirllle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizala en momentos precisos e en situacións distintas. Por iso, calquera desas competencias poden alcanzarse, senón en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cales as puidera adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén, non o esquezamos, de que permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra de ela, garantía da súa aprendizaxe permanente.

Dito isto, queda claro que hai unha evidente interrelación entre os distintos elementos do currículo, e que temos que poñela de manifesto para utilizar axeitadamente cantos materiais curriculares se empregan no proceso de ensino-aprendizaxe. Cando nunha programación didáctica, coma esta, se indican os obxectivos dunha unidade (formulados, ao igual ca os criterios de avaliación, en termos de capacidades), sábese que estes condicionan a elección duns contidos ou doutros, da mesma forma que se debe indicar uns criterios de avaliación que permitan demostrar se o/a alumno/a os alcanza ou non os alcanza. Por iso, os criterios de avaliación permiten unha dobre interpretación: por un lado, os que teñen relación co conxunto de aprendizaxes que realiza o/a alumno/a, é dicir, haberá uns criterios de avaliación ligados expresamente a conceptos, outros a procedementos e outros a actitudes, xa que cada un destes contidos deben ser avaliados porque se traballaron na clase e que son os que se avalían nos diferentes momentos de aplicación da avaliación continua; e por outro, haberá criterios de avaliación que foron formulados máis na súa relación coas competencias básicas.

A avaliación das competencias básicas é un modelo de avaliación distinto ao dos criterios de avaliación, tanto porque se aplica en diferentes momentos doutras avaliacións coma porque a súa finalidade, aínda que complementaria, é distinta. Se partimos de que as competencias básicas supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes, a forma de comprobar ou avaliar se o/a alumno/a as adquiriu é reproducir situacións o máis reais posibles de aplicación, e nestas situacións o habitual é que o alumnado se sirva desa bagaxe acumulada (todo tipo de contidos) pero responda, sobre todo, a situacións prácticas. Desta forma, cando avaliamos competencias estamos a avaliar preferentemente, aínda que non só, procedementos e actitudes, de aí que as relacionemos cos criterios de avaliación cun maior carácter procedemental e actitudinal.

De que forma se logra cada unha das competencias básicas desde esta materia? Imos expoñer sucintamente os aspectos máis relevantes no noso proxecto, a expensas do que a práctica educativa diaria lle poida aconsellar ao profesorado:

- **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO**

Esta é a competencia cun maior peso nesta materia: o seu dominio esixe a aprendizaxe de conceptos, o dominio das interrelacións existentes entre eles, a observación do mundo físico e de fenómenos naturais, o coñecemento da intervención humana, a análise multicausal... Pero

ademais, e ao igual ca outras competencias, require que o/a alumno/a se familiarice co método científico como método de traballo, e isto permitiralle actuar racional e reflexivamente en moitos aspectos da súa vida académica, persoal ou laboral.

- **COMPETENCIA MATEMÁTICA**

Mediante o uso da linguaxe matemática para cuantificar fenómenos naturais, analizar causas e consecuencias, expresar datos, etc., en resumo, para o coñecemento dos aspectos cuantitativos dos fenómenos naturais e o uso de ferramentas matemáticas, o/a alumno/a pode ser consciente de que os coñecementos matemáticos teñen unha utilidade real en moitos aspectos da súa propia vida.

- **COMPETENCIA NO TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL**

Nesta materia, para que o/a alumno/a comprenda os fenómenos físicos e naturais, é fundamental que saiba traballar coa información (obtención, selección, tratamento, análise, presentación,...), procedente de moi diversas fontes (escritas, audiovisuais,...), e non todas co mesmo grao de fiabilidade e obxectividade. Por iso, a información, obtida ben en soportes escritos tradicionais, ben mediante novas tecnoloxías, debe ser analizada desde parámetros científicos e críticos.

- **COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ**

Son dous os aspectos máis importantes mediante os cales a materia de Ciencias da Natureza intervéñen no desenvolvemento desta competencia: a preparación do/a alumno/a para intervir na toma consciente de decisións na sociedade, e para o que a alfabetización científica é un requisito, e o coñecemento de como os avances científicos interviñeron historicamente na evolución e no progreso da sociedade (e das persoas), sen esquecer que ese mesmo desenvolvemento tamén tivo consecuencias negativas para a humanidade, e que deben controlarse os riscos que pode provocar nas persoas e no medio (desenvolvemento sostible).

- **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

Son dous os aspectos máis importantes mediante os cales a materia de Ciencias da Natureza intervéñen no desenvolvemento desta competencia: a utilización da linguaxe como un instrumento privilexiado de comunicación no proceso educativo (vocabulario específico e preciso, sobre todo, que o/a alumno/a debe incorporar ao seu vocabulario habitual) e a importancia que ten todo o relacionado coa información nos seus contidos curriculares.

- **COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER**

Se esta competencia permite que o/a alumno/a dispoña de habilidades ou de estratexias que lle faciliten a aprendizaxe ao longo da súa vida e que lle permitan construír e transmitir o coñecemento científico, supón tamén que pode integrar estes novos coñecementos nos que xa posúe e que os pode analizar tendo en conta os instrumentos propios do método científico.

- **COMPETENCIA NA AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

Esta competencia parte da necesidade de que o/a alumno/a cultive un pensamento crítico e científico, capaz de desterrar dogmas e prexuízos alleos á ciencia. Por iso, deberá *facer ciencia*, é dicir, enfrontarse con problemas, analizalos, propoñer solucións, avaliar consecuencias, etcétera.

Anteriormente indicabamos cales son as oito competencias básicas que recolle o noso sistema educativo, competencias que pola súa propia formulación son, inevitablemente, moi xenéricas. Se queremos que sirvan como referente para a acción educativa e para demostrar a competencia real do alumnado, debemos concretalas moito máis, desagregalas, sempre en relación cos demais elementos do currículo. É o que demos en chamar *subcompetencias*, e que sen pretender chegar a abranguer todas as posibles, si recollen aquelas que maior relación teñen co currículo da materia e maior presenza en todas as materias polo seu carácter interdisciplinar

TERCEIRO CURSO

COMPETENCIAS BASICAS

Unidades en que se traballan

COMPETENCIAS / SUBCOMPETENCIAS	UNIDADES
Coñecemento e interacción co mundo físico	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10 e 11
▪ Descibir, explicar e predicir fenómenos naturais.	1, 2, 3, 4, 5, 7, 8, 9, 10 e 11
▪ Analizar sistemas complexos nos que interveñen varios factores.	1, 6, 9 e 11
▪ Entender e aplicar o traballo científico.	3, 4, 5, 7, 8 e 10
▪ Recoñecer o propio corpo e as relacións que existen entre os hábitos, as formas de vida e a saúde.	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8
▪ Descibir as implicacións que a actividade humana e a actividade científica e tecnolóxica teñen no medio.	9, 10 e 11
▪ Identificar os grandes problemas cos que se enfronta hoxe a humanidade e as solucións que se están a buscar para resolvelos e para avanzar nun desenvolvemento sostible.	10 e 11
▪ Adquirir a formación	

básica para participar na toma de decisións en torno a problemas locais e globais formulados.	3, 8, 9, 10 e 11
▪ Interpretar probas e conclusións científicas.	4
Matemática	1, 2, 3, 4, 5, 6, 8, 9 e 11
▪ Utilizar a linguaxe matemática para cuantificar os fenómenos naturais.	2, 4, 5 e 11
▪ Utilizar a linguaxe matemática para analizar causas e consecuencias.	1 e 8
▪ Utilizar a linguaxe matemática para expresar datos e ideas sobre a natureza.	3, 6, 9 e 11

Tratamento da información e competencia dixital	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10 e 11
▪ Aplicar as formas específicas que ten o traballo científico para buscar, recoller, seleccionar, procesar e presentar a información.	9
▪ Utilizar e producir na aprendizaxe da área esquemas, mapas conceptuais, informes, memorias...	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10 e 11
▪ Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para comunicarse, solicitar información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, obter e tratar datos.	4

Social e cidadá	2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10 e 11
▪ Comprender e explicar problemas de interese social desde unha perspectiva científica.	2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10 e 11
▪ Aplicar o coñecemento sobre algúns debates esenciais para o avance da ciencia, para comprender como evolucionaron as sociedades e para analizar a sociedade actual.	2, 8, 9 e 11
▪ Recoñecer aquelas implicacións do desenvolvemento tecnocientífico que poden comportar riscos para as persoas ou para o medio.	9, 10 e 11
Comunicación lingüística	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10
▪ Utilizar a terminoloxía adecuada na construción de textos e argumentacións con contidos científicos.	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10
▪ Comprender e interpretar mensaxes acerca das ciencias da natureza.	7
Aprender a aprender	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10
▪ Integrar os coñecementos e os procedementos científicos adquiridos para comprender as informacións provenientes da propia experiencia e dos medios escritos e audiovisuais.	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10
Autonomía e iniciativa persoal	2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 10 e 11
▪ Desenvolver un espírito	

crítico, enfrontarse con problemas abertos, participar na construción	2, 6, 8, 10 e 11
--	-------------------------

ACTIVIDADES

Tal e como se deduce das formulacións metodolóxicas expostas e do tratamento que deben ter as competencias básicas, e como parte fundamental destas, á explicación e ao desenvolvemento dos distintos contidos seguiraos a realización de diversas actividades de comprobación de coñecementos, asociadas en cada caso aos distintos contidos.

En calquera caso, o afondamento que pode facerse con cada unha delas, sobre todo as que traballan os contidos iniciais da unidade, estará en función dos coñecementos previos que o/a profesor/a detectara nos/as alumnos/as mediante as actividades / preguntas de diagnóstico inicial, e que parten de aspectos moi xerais pero imprescindibles para regular o afondamento que debe marcar o proceso de aprendizaxe do/a alumno/a e para establecer estratexias de ensino. Ao inicio do curso, e para comprobar o punto de partida inicial do alumnado, realizarase unha avaliación previa, da mesma forma que haberá unha final que permita valorar integradamente a consecución dos obxectivos xerais do curso.

Ademais das citadas actividades de desenvolvemento dos contidos e de comprobación dos coñecementos, unhas de vital importancia nesta materia son as de carácter procedemental, que se traballan tanto cando se desenvolven os contidos coma en seccións específicas do libro de texto do/a alumno/a, e que versan en torno á lectura, á busca de información, á aplicación do método científico, á interpretación de datos e información, ao uso coidadoso dos materiais e dos instrumentos, á experimentación no laboratorio,..., é dicir, a toda unha serie de procedementos que o alumnado debe coñecer en profundidade porque os utilizará permanentemente nos catro cursos desta etapa educativa (e que lle permite formarse nalgunhas das competencias básicas), en resumo, o que no currículo figura agrupado no bloque de contidos denominado *contidos comúns*.

Nun proceso de ensino-aprendizaxe baseado na identificación das necesidades do/a alumno/a, é fundamental ofrecerlles a cada un/unha deles/as cantos recursos educativos sexan necesarios para que a súa formación se axuste ás súas posibilidades, nuns casos porque estas son maiores ca as do grupo da clase, noutros porque necesita readaptar o ritmo de aprendizaxe. Para atender á diversidade de niveis de coñecemento e de posibilidades de aprendizaxe dos/as alumnos/as do grupo, propóñense en cada unidade novas actividades, diferenciadas entre as de ampliación e as de reforzo, que figuran nos materiais didácticos de uso do/a profesor/a, e que polo seu propio carácter dependen da aprendizaxe do/a alumno/a para decidir cales e en que momento se van desenvolver.

Preténdese que a aprendizaxe sexa significativa, é dicir, que parta dos coñecementos previamente adquiridos e da realidade cotiá e mais dos intereses próximos ao/á alumno/a. É por iso polo que, en todos os casos en que é posible, se parte de realidades e de exemplos que

Ile son coñecidos, de forma que se implique activamente na construción da súa propia aprendizaxe.

Nunha cultura preferentemente audiovisual coma a que teñen os/as alumnos/as, sería un erro desaproveitar as enormes posibilidades que os elementos gráficos do libro de texto poñen ao dispor da aprendizaxe escolar. O feito de que todos os contidos sexan desenvolvidos mediante actividades facilita que o/a profesor/a saiba en cada momento como foron asimilados polo/a alumno/a, de forma que poida introducir inmediatamente cantos cambios sexan precisos para corrixir as desviacións producidas no proceso educativo.

Cómpre salientarmos que a materia de *Biología e Xeoloxía* incide de forma sistemática na adecuación das actividades cos contidos desenvolvidos, de forma que o alumnado comprenda e interiorice o traballo da aula. En todos os materiais que se utilizan trabállase con diversas fontes de información: desde documentos de revistas especializadas e prensa diaria a páxinas web e bibliografía, de forma que o/a profesor/a decide entre os materiais máis axeitados para cada estilo de aprendizaxe dos/as seus/súas alumnos/as.

Pero non todos/as eles/as poden seguir o ritmo de aprendizaxe, tanto polo propio desenvolvemento psicolóxico coma por moi diversas circunstancias persoais e sociais: a atención á diversidade de alumnos/as e situacións escolares convértese nun elemento fundamental para consolidar ou reaxustar os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, polo que se ofrecen cantos recursos son necesarios para que a súa formación se axuste ás súas posibilidades de aprendizaxe, e para atender á diversidade en cada unha das unidades propoñemos novas actividades diferenciadas entre as de *ampliación e reforzo*.

CONTIDOS DA MATERIA DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º CURSO

Bloque 1. Contidos comúns

- Utilización de estratexias propias do traballo científico, mediante a proposta de sinxelas investigacións para a resolución de situacións-problema, discusión do seu interese, identificación de variables que interveñen, formulación dalgunha hipótese de traballo, seguimento dunha planificación na posta en práctica, recolla organizada dos datos, interpretación de resultados e comunicación das conclusións.
- Busca, selección e valoración crítica de información de carácter científico utilizando as tecnoloxías da comunicación e da información e outras fontes.
- Interpretación de información de carácter científico coa axuda de modelos axeitados e utilización desta información para formar unha opinión propia e expresarse axeitadamente, coa axuda das tecnoloxías da comunicación e da información e outras fontes.
- Valoración das achegas das ciencias da natureza ao longo da historia, para lles dar resposta ás necesidades dos seres humanos e mellorar as condicións da súa existencia, así como para apreciar e desfrutar da diversidade natural e cultural, participando na súa conservación, protección e mellora.
- Asimilar as diferenzas sociais derivadas da desigual repartición da riqueza no mundo,

que provoca unhas condicións de enorme desvantaxe en aspectos de saúde e ambiente dos países pobres con respecto aos ricos.

- Posta en práctica correcta dos procedementos experimentais e respecto polas normas de seguridade.

Bloque 2. As persoas e a saúde

A saúde e a enfermidade.

- Identificación dos niveis de organización do corpo humano: aparellos, sistemas, órganos, tecidos e células.
- Valoración da saúde como un ben individual e colectivo. Identificación dos factores que condicionan a saúde e a enfermidade. Importancia dos hábitos de vida saudable e o coñecemento dos factores de risco.
- Coñecemento de varios tipos de enfermidades: conxénitas, hereditarias, crónicas, deficitarias e infecciosas (tipos de seres vivos que as provocan). Valoración do uso dos fármacos e problemáticas derivadas.
- Selección de información e crítica das diferentas dos tipos de enfermidades no mundo globalizado. Propostas de actuación.
- Recoñecemento da actuación do sistema inmunitario nun caso concreto (a gripe, unha enfermidade bacteriana, as alerxias...). Valoración da aplicación das vacinas, os transplantes, a doazón de órganos e as novas terapias con células nai.

Sexualidade e reprodución humana

- Aproximación a unha definición de sexualidade. Recoñecemento da diversidade de sexo. Evolución dos hábitos sexuais ao longo da vida.
- Diferenciación entre sexualidade e reprodución. Valoración dos cambios físicos e psíquicos na adolescencia. Breve referencia aos cambios hormonais. Métodos anticonceptivos.
- Identificación do proceso de reprodución como un mecanismo de perpetuación da especie. Caracterización dos aparellos reprodutores masculino e feminino así como dos gametos, óvulo e espermatozoide.
- A preparación do útero para a fecundación: o ciclo menstrual. Identificación da fecundación, embarazo e parto cunha breve aproximación ao embrión e ao feto. Recoñecemento e valoración dos novos métodos de reprodución asistida.
- Procura e selección de información sobre as enfermidades de transmisión sexual e valoración da saúde e hixiene sexual.

Alimentación e nutrición humanas

- Realización de diagramas e esquemas que axuden a dar unha visión global e integradora de todos os aparellos e procesos que interveñen na nutrición.
- Diferenciación entre alimento e nutriente recoñecendo os principios inmediatos necesarios para o ser humano: proteínas, glúcidos, graxas, sales minerais, vitaminas e auga.
- Recoñecemento dos pasos que segue o alimento desde que se inxire ata que se absorbe

no aparello dixestivo.

- Coñecemento do papel que desempeñan os aparellos: o respiratorio e a ventilación pulmonar; o circulatorio e a circulación; o excretor e a formación da urina e a excreción no proceso xeral de nutrición.
- Análise de dietas e hábitos saudables na alimentación, destacando a importancia dunha dieta equilibrada. Identificación das principais enfermidades e trastornos da conduta alimentaria. Valoración da alimentación e a saúde.
- Procura, selección de información e análise de etiquetas identificando os aditivos alimentarios e produtos transxénicos.

As funcións de relación: percepción, coordinación e movemento

- Identificación dos mecanismos de resposta do ser humano ante un estímulo: órganos dos sentidos, sistema nervioso e aparello locomotor.
- Coñecemento do papel do sistema endócrino e as hormonas. Identificación da importancia das súas principais alteracións.
- Valoración da saúde mental e dunha actitude crítica e responsable ante as condutas de risco e a influencia do medio social.
- Análise da súa relación co uso das substancias aditivas, alcol, tabaco, estupefacientes.

Bloque 3. As persoas e o ambiente

- Recoñecemento da dependencia humana dos recursos naturais e da importancia fundamental da súa xestión sustentable. Análise e valoración do uso cotián de recursos básicos (producción e consumo de enerxía, o uso da auga e do aire) e a produción de residuos e o seu tratamento. Utilización de técnicas sinxelas para coñecer o grao de contaminación e depuración do aire e da auga.
- Procura de información verbo dalgúns dos problemas ambientais globais, elaboración de informes e exposicións de resultados utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación. O Cumio da Terra en Río 1992 e o Tratado de Quioto. Aproximación ao concepto de sustentabilidade.
- Planificación e posta en práctica dunha actuación para potenciar o desenvolvemento sustentable no medio máis próximo. Valoración dos resultados.

Bloque 4. Transformacións xeolóxicas debidas á enerxía externa

A actividade xeolóxica externa do planeta

- Análise da paisaxe como resultado da acción conxunta dos fenómenos naturais e a intervención humana. Uso de mapas topográficos sinxelos para a súa lectura e interpretación.
- Identificación mediante imaxes e/ou observacións de campo da acción dos diferentes axentes xeolóxicos externos sobre as rochas e a paisaxe: a meteorización, os torrentes, as augas subterráneas, os ríos, o mar, o xeo e o vento. Identificación do papel dos axentes internos na formación do relevo.
- Recoñecemento da formación de sedimentos a partir dos fenómenos descritos anteriormente e a súa posterior transformación en rochas sedimentarias. A orixe do

carbón, o petróleo e o gas natural, e valoración do seu uso e esgotamento.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA MATERIA BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º CURSO

- 1. Recoñecer que na saúde inflúen aspectos físicos, psicolóxicos, económicos e sociais e valorar a importancia dos estilos de vida para previr enfermidades e mellorar a calidade de vida, así como as continuas achegas das ciencias biomédicas. Explicar os mecanismos de defensa que evitan ou loitan contra os axentes causantes de enfermidades.**

Con este criterio preténdese valorar se o alumnado posúe un concepto actual de saúde, e se é capaz de establecer relacións entre as diferentes funcións do organismo, ademais dos factores que teñen unha maior influencia na saúde, como son os estilos de vida. Ademais, deberá saber distinguir os distintos tipos de enfermidades: infecciosas, hereditarias, por intoxicación, condutuais... relacionando a causa co efecto. Así mesmo, deberá comprender os mecanismos de defensa corporal e a acción de vacinas, antibióticos e outras contribucións da ciencia médica na loita contra a enfermidade.

- 2. Coñecer os aspectos básicos da reprodución humana e describir os acontecementos fundamentais da fecundación, o embarazo e o parto. Comprender o funcionamento dos métodos de control da natalidade e valorar o uso de métodos de prevención de enfermidades de transmisión sexual.**

Trátase de comprobar se as alumnas e os alumnos distinguen o proceso de reprodución como un mecanismo de perpetuación da especie, da sexualidade entendida como unha actividade ligada a toda a vida do ser humano e de comunicación afectiva e persoal. Deben coñecer, ademais, os trazos xerais anatómicos e de funcionamento dos aparellos reprodutores masculino e feminino e explicar, a partir do seu coñecemento, as bases dalgúns métodos de control de natalidade ou de certas solucións a problemas de infertilidade. Ademais, deben saber explicar a necesidade de tomar medidas de hixiene sexual individual e colectiva para evitar enfermidades de transmisión sexual.

- 3. Explicar os cambios fundamentais que sofre o alimento ao longo de todo o proceso de nutrición, utilizando esquemas ou ilustracións en cada unha das etapas. Xustificar a necesidade de adquirir hábitos alimentarios saudables.**

Preténdese avaliar se o alumnado coñece o papel de cada un dos aparellos e órganos implicados na función de nutrición, as relacións entre eles, así como as súas principais alteracións e a necesidade de adoptar determinados hábitos de hixiene. Así mesmo, valorarase o desenvolvemento de actitudes solidarias ante situacións como a doazón de sangue ou de órganos e se relacionan as funcións de nutrición coa adopción de determinados hábitos alimentarios saudables para previr enfermidades de cara a un consumo responsable.

- 4. Coñecer os órganos dos sentidos e explicar a misión integradora dos sistemas nervioso e endócrino. Relacionar as alteracións máis frecuentes cos órganos e procesos implicados en cada caso; identificar os factores sociais que**

repercuten negativamente na saúde como o estrés e o uso de substancias adictivas.

Preténdese comprobar que as alumnas e os alumnos saben como se coordinan o sistema nervioso e o endócrino, e aplican este coñecemento a problemas sinxelos que poidan ser analizados utilizando modelos de simulación. Así mesmo, deberán caracterizar as súas principais enfermidades, valorar a importancia de adoptar hábitos de saúde mental, e identificar os efectos prexudiciais de determinadas condutas como o consumo de drogas, o estrés, a falta de relacións interpersoais, as presións dos medios de comunicación, etc.

5. Identificar as accións dos axentes xeolóxicos externos na orixe e modelado do relevo terrestre, así como no proceso de formación das rochas sedimentarias.

Trátase de comprobar que o alumnado ten unha concepción dinámica da natureza e que é quen de recoñecer e interpretar, no medio natural ou en imaxes, a acción dos axentes xeolóxicos externos máis importantes. Preténdese tamén avaliar se o alumnado pode explicar a orixe dos distintos tipos de modelaxe producidos polos axentes xeolóxicos externos, así como a das rochas sedimentarias.

6. Valorar a capacidade para recompilar información procedente de distintas fontes sobre a influencia das actuacións humanas no ambiente, analizar esta información e formular propostas para promover unha xestión máis racional dos recursos naturais.

Trátase de avaliar se o alumnado é quen de identificar a relación que existe entre a explotación dos recursos naturais e determinados impactos e riscos ambientais. Valorarase a capacidade de realizar investigacións sobre algunhas alteracións concretas producidas polos seres humanos na natureza e se son quen de valorar o ambiente como un patrimonio da humanidade e de argumentar as razóns de certas actuacións individuais e colectivas para evitar a súa deterioración.

7. Determinar os trazos distintivos do traballo científico analizando como se chegou á formulación e/ou ás propostas de resolución dalgún problema ambiental de actualidade.

Trátase de pescudar se as alumnas e os alumnos son capaces de buscar bibliografía referente a temas de actualidade, como a conservación das especies ou a intervención humana na reprodución, e de utilizar as destrezas comunicativas suficientes para elaborar informes que estruturen os resultados do traballo. Preténdese avaliar tamén se teñen unha imaxe do traballo científico como un proceso en continua construción, que se apoia nos traballos colectivos de moitos grupos, que ten os condicionamentos de calquera actividade humana e que por iso se pode ver afectada por variables de distinto tipo.

8. Valorar a situación mundial da distribución da riqueza e as súas repercusións sobre a saúde e o ambiente, identificando interrelacións xeopolíticas, sociais, económicas e culturais.

Trátase de ver se o alumnado é consciente das diferentes que existen entre as distintos escenarios do mundo como son os diálogos norte-sur, oriente-occidente, as interdependencias da globalización e é capaz de enunciar cales son as consecuencias da sobreexplotación de recursos, a industrialización masiva, etc.

PROGRAMACIÓN DAS UNIDADES

A seguir, desenvólvese integramente a programación de cada unha das 11 unidades didácticas en que foron organizados e secuenciados os contidos deste curso. En cada unha delas indícanse os correspondentes obxectivos didácticos, contidos (conceptos, procedementos e actitudes), contidos transversais, criterios de avaliación e competencias básicas asociadas aos criterios de avaliación.

UNIDADE DIDÁCTICA NÚM. 1

A ORGANIZACIÓN DO CORPO HUMANO

OBXECTIVOS

1. Coñecer as características do ser humano como organismo pluricelular.
2. Comparar tecidos, órganos e aparatos.
3. Enumerar e identificar os principais tecidos humanos.
4. Sinalar os aparatos e os sistemas que interveñen, tanto nas funcións de nutrición coma nas de relación e reprodución.
5. Explicar razoadamente a interrelación que existe entre todos os aparatos constituíntes do organismo completo.

CONTIDOS

Conceptos

- Células, tecidos, órganos e aparatos.
- Os tecidos humanos.
- Os aparatos.
- Os sistemas.
- Relación entre aparatos e sistemas.

Procedementos

- Estudo de órganos nun modelo clástico.
- Interpretación de fotografías e diapositivas de tecidos.
- Elaboración de esquemas de clasificación dos tecidos e dos aparatos e mais dos sistemas humanos.
- Localización e identificación dos órganos humanos.

Actitudes

- Recoñecemento da pertenza do ser humano aos organismos pluricelulares.
- Valoración da importancia da ciencia para o coñecemento do corpo

humano.

- Curiosidade polo estudo da estrutura e o funcionamento do noso organismo.
- Recoñecemento da importancia do correcto funcionamento de cada parte do noso corpo para o mantemento das funcións vitais.
- Valoración da importancia de utilizar modelos na construción do coñecemento do corpo humano.
- Comprensión da importancia da coordinación entre as diferentes partes dun sistema para a correcta consecución dun fin.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Identificar a célula como unidade estrutural e funcional do corpo humano.
2. Definir tecido, órgano, aparato e sistema, e establecer relacións entre eles.
3. Coñecer os distintos tecidos que conforman o corpo humano e a función que desempeñan.
4. Coñecer os aparatos e os sistemas do corpo humano e a función que desempeñan no conxunto do organismo.
5. Establecer relacións entre os aparatos do corpo humano.

CONTIDOS TRANSVERSAIS

Educación para a saúde

Débese transmitir a importancia que ten o correcto funcionamento de todos os aparatos que constitúen o noso corpo, e valorar a necesidade de adquirir hábitos saudables de vida.

Educación para a convivencia

A unidade pode servir para tratar de forma tanxencial a igualdade de todos os seres humanos nas súas características biolóxicas básicas, recordando que non existen entre nós diferenzas anatómicas nin fisiolóxicas significativas.

Educación para a igualdade de oportunidades entrambos os dous sexos

As únicas diferenzas anatómicas e fisiolóxicas entre os homes e as mulleres radican nos correspondentes aparatos reprodutores. Non está de máis incidir en que non existen razóns para establecer distincións entrambos os dous sexos, en ningún aspecto da vida.

COMPETENCIAS BÁSICAS / CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Na seguinte táboa indícanse, en cada competencia básica que se traballa nesta unidade, as subcompetencias desenvolvidas en cada unha delas e os criterios de avaliación que, no seu conxunto, se relacionan con todas elas.

COMPETENCIAS / SUBCOMPETENCIAS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Coñecemento e interacción co mundo físico	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Describir, explicar e predicir fenómenos naturais. ▪ Analizar sistemas complexos nos que interveñen varios factores. ▪ Recoñecer o propio corpo e as relacións que existen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todos os da unidade

Matemática	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar a linguaxe matemática para analizar causas e consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificar a célula como unidade estrutural e funcional do corpo humano.
Tratamento da información e competencia dixital	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar e producir na aprendizaxe da área esquemas, mapas conceptuais, informes, memorias... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todos os da unidade.
Comunicación lingüística	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar a terminoloxía adecuada na construción de textos e argumentacións con contidos científicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Definir tecido, órgano, aparato e sistema e establecer relacións entre eles. ▪ Establecer relacións entre os aparatos do corpo humano.
Aprender a aprender	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Integrar os coñecementos e os procedementos científicos adquiridos para comprender as informacións provenientes da propia experiencia e dos medios 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todos os da unidade.

OBXECTIVOS

1. Comprender os conceptos de saúde e de enfermidade.
2. Coñecer o vocabulario básico relativo ás enfermidades.
3. Distinguir entre enfermidades infecciosas e non infecciosas.
4. Comprender o proceso de desenvolvemento das enfermidades infecciosas.
5. Identificar os distintos grupos de microorganismos patóxenos.
6. Coñecer os tipos de enfermidades non infecciosas.
7. Valorar os métodos preventivos como medio para manter a saúde.
8. Recoñecer a importancia dos transplantes e a necesidade da doazón de órganos.

CONTIDOS

Conceptos

- A saúde e a enfermidade.
- Tipos de enfermidades.
- Enfermidades infecciosas. Prevención e curación.
- Enfermidades non infecciosas. Prevención.
- A asistencia sanitaria.
- Os transplantes.

Procedementos

- Estudo do efecto do consumo de bebidas alcohólicas na condución de vehículos.
- Interpretación de gráficas, táboas ou diagramas sobre a incidencia dalgunhas enfermidades.
- Debates sobre as condutas e os hábitos que inflúen na saúde e na enfermidade.
- Elaboración de listaxes de hábitos que poden ter consecuencias negativas para a saúde.
- Interpretación dos prospectos dos medicamentos.
- Simulacros ou ensaios de prestación de primeiros auxilios.

Actitudes

- Toma de conciencia da importancia da saúde en todos os seus aspectos.
- Valoración da contribución de diversas disciplinas científicas ao tratamento das enfermidades.
- Observación das condutas humanas que facilitan a aparición de enfermidades.
- Recoñecemento da necesidade da hixiene persoal para evitar enfermidades infecciosas.
- Racionalización do uso dos medicamentos e prevención da automedicación.
- Valoración da importancia de coñecer os primeiros auxilios.
- Concienciación da importancia da doazón de órganos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Comprender o significado preciso dos termos saúde e enfermidade e explicar os factores que interveñen en ambos os dous.
2. Distinguir entre enfermidades infecciosas e non infecciosas e indicar as causas.
3. Establecer relacións entre os hábitos de vida, a saúde e a enfermidade.
4. Coñecer os diferentes grupos de microorganismos patóxenos e as medidas preventivas básicas para evitar as enfermidades infecciosas.
5. Describir as defensas naturais do organismo fronte ás enfermidades infecciosas.
6. Coñecer os diferentes tipos de enfermidades non infecciosas e os hábitos de vida fundamentais para previlas.
7. Interesarse pola importancia de coñecer os primeiros auxilios básicos.
8. Comprender o beneficio dos transplantes e os problemas que ocasiona a súa realización.

CONTIDOS TRANSVERSAIS

Educación para a saúde

A saúde é un ben fundamental e a nosa forma de vida debe permitir preservala en óptimas condicións. Débese insistir na necesidade da prevención das enfermidades e na adquisición de hábitos hixiénicos saudables, así como no mantemento dun bo estado físico grazas á práctica de actividades deportivas.

Educación do/a consumidor/a

Débense analizar as consecuencias do consumo indiscriminado de medicamentos e destacar a imprudencia da automedicación. Cumprirá comentar a importancia da publicidade no consumo de tabaco e de alcohol: as multinacionais crean adicción nos/as mozos/as antes de que teñan conciencia do problema.

Educación ambiental

Resulta moi axeitado estudar a relación que existe entre un medio contaminado e moitas enfermidades físicas e mentais. Haberá que insistir na conveniencia de consumir augas non contaminadas e de respirar aire limpo para evitar numerosas enfermidades infecciosas.

Educación viaria

Débese incidir na relación que existe entre o consumo de bebidas alcohólicas e os accidentes de tráfico, recorrendo á análise de estatísticas e de noticias de prensa, e intentando concienciar os/as alumnos/as de que cando se conduce baixo os efectos do alcohol non só se pon en risco a propia vida, senón tamén a doutras persoas.

COMPETENCIAS BÁSICAS / CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Na seguinte táboa indícanse, en cada competencia básica que se traballa nesta unidade, as subcompetencias desenvolvidas en cada unha delas e os criterios de avaliación que, no seu conxunto, se relacionan con todas elas.

COMPETENCIAS / SUBCOMPETENCIAS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Coñecemento e interacción co mundo físico	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Descibir, explicar e predicir fenómenos naturais. ▪ Recoñecer o propio corpo e as relacións que existen entre os hábitos, as formas de vida e a saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todos os da unidade.
Matemática	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar a linguaxe matemática para cuantificar os fenómenos naturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Establecer relacións entre os hábitos de vida, a saúde e a enfermidade.
Tratamento da información e competencia dixital	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar e producir na aprendizaxe da área esquemas, mapas conceptuais, informes, memorias... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Establecer relacións entre os hábitos de vida, a saúde e a enfermidade. ▪ Descibir as defensas naturais do organismo fronte ás enfermidades infecciosas. ▪ Comprender o beneficio dos transplantes e os problemas que ocasiona a súa realización.
Social e cidadá	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender e explicar problemas de interese social desde unha perspectiva científica. ▪ Aplicar o coñecemento sobre algúns debates esenciais para o avance da 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender o significado preciso dos termos saúde e enfermidade e explicar os factores que interveñen en ambos os dous. ▪ Coñecer os diferentes grupos de microorganismos

<p>ciencia, para comprender como evolucionaron as sociedades e para analizar a sociedade actual.</p>	<p>patóxenos e as medidas preventivas básicas para evitar as enfermidades infecciosas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer os diferentes tipos de enfermidades non infecciosas e os hábitos de vida fundamentais para previlas. ▪ Interesarse pola importancia de coñecer os primeiros auxilios básicos. ▪ Comprender o beneficio dos transplantes e os problemas que ocasiona a súa realización.
<p>Comunicación lingüística</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar a terminoloxía adecuada na construción de textos e argumentacións con contidos científicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Describir as defensas naturais do organismo fronte ás enfermidades infecciosas.
<p>Aprender a aprender</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Integrar os coñecementos e os procedementos científicos adquiridos para comprender as informacións provenientes da propia experiencia e dos medios escritos e audiovisuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Distinguir entre enfermidades infecciosas e non infecciosas e indicar as causas. ▪ Interesarse pola importancia de coñecer os primeiros auxilios básicos.
<p>Autonomía e iniciativa persoal</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolver un espírito crítico. Enfrontarse con problemas abertos, participar na construción tentativa de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Establecer relacións entre os hábitos de vida, a saúde e a enfermidade. ▪ Coñecer os diferentes tipos

<p>solucións.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolver a capacidade para analizar situacións valorando os factores que incidiron neles e as consecuencias que poden ter. 	<p>de enfermidades non infecciosas e os hábitos de vida fundamentais para previlas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender o beneficio dos transplantes e os problemas que ocasiona a súa realización.
---	--

UNIDADE DIDÁCTICA NÚM. 2

ALIMENTACIÓN E NUTRICIÓN

OBXECTIVOS

1. Recoñecer a importancia da alimentación no mantemento da saúde.
2. Coñecer as necesidades nutricionais.
3. Diferenciar os distintos grupos de principios inmediatos e de alimentos.
4. Comprender os requirimentos dunha dieta completa e equilibrada.
5. Valorar a dieta mediterránea.
6. Coñecer algunhas dietas especiais necesarias en determinadas circunstancias.
7. Describir as consecuencias dunha alimentación incorrecta.
8. Identificar os hábitos alimentarios incorrectos.
9. Coñecer a existencia dos alimentos transxénicos e valorar as súas vantaxes e os inconvenientes.

CONTIDOS

Conceptos

- Alimentación e nutrición.
- Principios inmediatos.
- Necesidades nutricionais.
- As dietas. Dietas equilibradas e especiais.
- Alimentación defectuosa.
- Os hábitos alimentarios e a súa relación coa saúde.
- Alimentos transxénicos: vantaxes e inconvenientes.

Procedementos

- Confección de dietas equilibradas.
- Investigación sobre os aditivos alimentarios.
- Realización de experimentos sobre a conservación dos alimentos.
- Estudo da composición dalgúns alimentos e investigación de determinados compostos presentes neles.

- Elaboración dalgúns alimentos sinxelos.
- Estudo das etiquetas dos alimentos envasados.
- Recompilación de datos sobre as necesidades enerxéticas diarias.
- Debates en grupo sobre os hábitos alimentarios en diferentes partes do mundo.

Actitudes

- Tolerancia e respecto polas diferenzas no aspecto físico derivadas dos problemas de nutrición: obesidade, delgadeza, anorexia, etcétera.
- Valoración das consecuencias que teñen sobre a saúde dos hábitos alimentarios.
- Concienciación das necesidades nutricionais dos países en desenvolvemento.
- Valoración do feito de ter satisfeitas as necesidades alimentarias diarias.
- Esfuerzo para cambiar os hábitos alimentarios incorrectos.
- Rexeitamento de alimentos en mal estado ou con poucas propiedades nutritivas.
- Actitude crítica fronte ao afán publicitario de facernos mercar custe o que custe.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Comprender o significado de *nutrición*, *nutrientes* e *alimentos*.
2. Coñecer as necesidades nutricionais.
3. Indicar os diferentes tipos de nutrientes e as distintas clases de alimentos.
4. Enumerar as condicións que debe reunir unha dieta equilibrada.
5. Elaborar dietas equilibradas e algunhas dietas especiais.
6. Describir as consecuencias dunha alimentación incorrecta.
7. Explicar as vantaxes e os inconvenientes dos diferentes hábitos alimentarios.

CONTIDOS TRANSVERSAIS

Educación para a saúde

Ao longo do desenvolvemento da unidade aparecen múltiples referencias á necesidade dunha alimentación correcta para manter a saúde e ás diversas alteracións corporais e enfermidades que teñen a orixe en malos hábitos alimentarios.

Educación do/a consumidor/a

Esta é unha boa ocasión para valorar a importancia da publicidade na compra de produtos alimentarios, e o estudo das etiquetas permitirá adquirir un hábito inmellorable para reforzar a madureza e mais a responsabilidade do/a consumidor/a.

Educación ambiental

A contaminación dos solos e das augas prexudica directamente os vexetais que se cultivan neles, e isto brinda a oportunidade de formular debates sobre os praguicidas, os alimentos

transxénicos e a agricultura biolóxica.

Educación para a paz

Os desequilibrios Norte-Sur e as grandes fames do Terceiro Mundo darán pé para establecer a relación que existe entre a satisfacción das necesidades alimentarias básicas e o mantemento da paz no mundo.

COMPETENCIAS BÁSICAS / CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Na seguinte táboa indícanse, en cada competencia básica que se traballa nesta unidade, as subcompetencias desenvolvidas en cada unha delas e os criterios de avaliación que, no seu conxunto, se relacionan con todas elas.

COMPETENCIAS / SUBCOMPETENCIAS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Coñecemento e interacción co mundo físico	
<ul style="list-style-type: none">▪ Describir, explicar e predicir fenómenos naturais.▪ Entender e aplicar o traballo científico.▪ Recoñecer o propio corpo e as relacións que existen entre os hábitos, as formas de vida e a saúde.▪ Adquirir a formación básica para participar na toma de decisións en torno a problemas locais e globais que se formularon.	<ul style="list-style-type: none">▪ Todos os da unidade.
Matemática	
<ul style="list-style-type: none">▪ Utilizar a linguaxe matemática para expresar datos e ideas sobre a natureza.	<ul style="list-style-type: none">▪ Coñecer as necesidades nutricionais.▪ Indicar os diferentes tipos de nutrientes e as distintas clases de alimentos.
Tratamento da información e competencia dixital	

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar e producir na aprendizaxe da área esquemas, mapas conceptuais, informes, memorias... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Enumerar as condicións que debe reunir unha dieta equilibrada. ▪ Elaborar dietas equilibradas e algunhas dietas especiais.
Social e cidadá	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender e explicar problemas de interese social desde unha perspectiva científica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer as necesidades nutricionais. ▪ Indicar os diferentes tipos de nutrientes e as distintas clases de alimentos. ▪ Enumerar as condicións que debe reunir unha dieta equilibrada. ▪ Describir as consecuencias dunha alimentación incorrecta. ▪ Explicar as vantaxes e os inconvenientes dos diferentes hábitos alimentarios.
Comunicación lingüística	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar a terminoloxía adecuada na construción de textos e argumentacións con contidos científicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaborar dietas equilibradas e algunhas dietas especiais. ▪ Describir as consecuencias dunha alimentación incorrecta. ▪ Explicar as vantaxes e os inconvenientes dos diferentes hábitos alimentarios.
Aprender a aprender	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Integrar os coñecementos e os procedementos científicos adquiridos para 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer as necesidades nutricionais. ▪ Indicar os diferentes tipos

<p>comprender as informacións provenientes da propia experiencia e dos medios escritos e audiovisuais.</p>	<p>de nutrientes e as distintas clases de alimentos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Enumerar as condicións que debe reunir unha dieta equilibrada. ▪ Elaborar dietas equilibradas e algunhas dietas especiais. ▪ Describir as consecuencias dunha alimentación incorrecta. ▪ Explicar as vantaxes e os inconvenientes dos diferentes hábitos alimentarios.
<p>Autonomía e iniciativa persoal</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolver a capacidade para analizar situacións valorando os factores que incidiron neles e as consecuencias que poden ter. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Enumerar as condicións que debe reunir unha dieta equilibrada. ▪ Elaborar dietas equilibradas e algunhas dietas especiais. ▪ Explicar as vantaxes e os inconvenientes dos diferentes hábitos alimentarios.

UNIDADE DIDÁCTICA NÚM. 3

APARATOS DIXESTIVO E RESPIRATORIO

OBXECTIVOS

1. Coñecer os órganos e os aparatos que interveñen na función da nutrición.
2. Localizar os órganos pertencentes aos aparatos dixestivo e respiratorio.
3. Describir a estrutura anatómica fundamental deses órganos e comprender o seu funcionamento.
4. Comprender a relación que existe entre os diferentes órganos dixestivos para levar a cabo o proceso dixestivo completo.
5. Explicar os procesos que ocorren cos alimentos desde que se inxiren ata que os nutrientes chegan ao sangue.
6. Comprender a interrelación dos órganos implicados no proceso respiratorio.

7. Explicar os mecanismos que permiten a introdución de osíxeno no sangue e a expulsión de dióxido de carbono desta.
8. Coñecer as principais enfermidades que lles afectan aos aparatos dixestivo e respiratorio.
9. Coñecer os hábitos máis importantes para manter en bo estado os órganos dixestivos e respiratorios.

CONTIDOS

Conceptos

- A nutrición humana.
- Aparatos que interveñen na función de nutrición.
- Anatomía do aparato dixestivo e respiratorio.
- A preparación do proceso dixestivo.
- O proceso dixestivo no estómago e no intestino.
- Absorción dos nutrientes.
- Enfermidades que lles afectan ao aparato dixestivo e ao respiratorio.
- Hábitos saudables en relación co aparato dixestivo e respiratorio.
- Transporte e preparación do aire nas vías respiratorias.
- O intercambio gasoso nos pulmóns.
- A ventilación pulmonar.

Procedementos

- Elaboración de modelos que simulan procesos fisiolóxicos dixestivos e respiratorios.
- Realización de pequenas investigacións sobre a ventilación pulmonar.
- Interpretación de gráficas sobre enfermidades causadas polo alcohol e o tabaco.
- Elaboración de esquemas e debuxos dos aparatos dixestivo e respiratorio e estudo anatómico de ambos os dous con láminas e modelos clásticos.
- Proxección de vídeos e diapositivas sobre a fisioloxía de ambos os dous aparatos.
- Investigacións bibliográficas sobre enfermidades que lles afectan aos aparatos dixestivo e respiratorio e a súa relación con determinados hábitos de vida.

Actitudes

- Recoñecemento da importancia do bo funcionamento dos aparatos dixestivo e respiratorio.
- Valoración da necesidade de alimentarse de forma axeitada e de evitar excesos e inxestións de comida demasiado rápidas.
- Observación dunha coidadosa hixiene bucal para manter a dentadura en bo estado.
- Rexeitamento da inxestión de bebidas alcohólicas e do consumo do tabaco.
- Desenvolvemento dunha actitude crítica fronte á publicidade destes produtos.
- Precaución fronte aos ambientes contaminados e/ou con moito po; así

como coidado para evitar arrefriamentos que poden alterar o aparato respiratorio.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Comprender a necesidade da nutrición e coñecer os órganos e os aparatos que interveñen nela.
2. Describir os procesos fundamentais da dixestión e a relación que existe entre a estrutura dos órganos e a súa función.
3. Explicar, paso a paso, os cambios que teñen lugar nos alimentos desde a súa introdución na boca ata que os nutrientes correspondentes aparecen no sangue.
4. Coñecer e describir a constitución do aparato respiratorio, así como a función dos diferentes órganos.
5. Comprender o proceso de intercambio gasoso nos alvéolos pulmonares.
6. Interpretar gráficos e esquemas relacionados cos aparatos dixestivo e respiratorio.
7. Relacionar hábitos saudables co correcto funcionamento destes aparatos.
8. Coñecer as enfermidades máis comúns que lles afectan aos aparatos dixestivo e respiratorio e establecer relacións cos hábitos non saudables.

CONTIDOS TRANSVERSAIS

Educación para a saúde

Nesta unidade ofrécese información acerca da relación que existe entre os órganos dixestivos e respiratorios e a saúde xeral do organismo. Pode facerse mención a enfermidades e alteracións comúns provocadas por problemas concretos destes aparatos, como carie, acidez de estómago, diarreas, gripes e catarros. Así mesmo, poderanse formular actividades baseadas en prácticas de socorrismo, como as medidas que se deben tomar en caso de asfixia ou afogamento e as técnicas de respiración artificial.

Educación do/a consumidor/a

Hai que insistir na importancia dunha alimentación axeitada e lembrar a conveniencia de evitar o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas, a pesar da incitación e a provocación da publicidade e das presións sociais.

Educación ambiental

A contaminación ambiental pode afectar o correcto funcionamento dos procesos dixestivos e respiratorios.

COMPETENCIAS BÁSICAS / CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Na seguinte táboa indícanse, en cada competencia básica que se traballa nesta unidade, as subcompetencias desenvolvidas en cada unha delas e os criterios de avaliación que, no seu conxunto, se relacionan con todas elas.

COMPETENCIAS / SUBCOMPETENCIAS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Coñecemento e interacción co	

mundo físico	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Describir, explicar e predicir fenómenos naturais. ▪ Entender e aplicar o traballo científico. ▪ Recoñecer o propio corpo e as relacións que existen entre os hábitos, as formas de vida e a saúde. ▪ Interpretar probas e conclusións científicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todos os da unidade.
Matemática	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar a linguaxe matemática para cuantificar os fenómenos naturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Interpretar gráficos e esquemas relacionados cos aparatos dixestivo e respiratorio.
Tratamento da información e competencia dixital	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar e producir na aprendizaxe da área esquemas, mapas conceptuais, informes, memorias... ▪ Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para comunicarse, solicitar información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, obter e tratar datos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todos os da unidade.
Social e cidadá	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender e explicar problemas de interese social desde unha perspectiva científica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Relacionar hábitos saudables co correcto funcionamento destes aparatos. ▪ Coñecer as enfermidades

	máis comúns que lles afectan aos aparatos dixestivo e respiratorio e establecer relacións cos hábitos non saudables.
Comunicación lingüística	
▪ Utilizar a terminoloxía adecuada na construción de textos e argumentacións con contidos científicos.	▪ Todos os da unidade.
Aprender a aprender	
▪ Integrar os coñecementos e os procedementos científicos adquiridos para comprender as informacións provenientes da propia experiencia e dos medios escritos e audiovisuais.	▪ Todos os da unidade.
Autonomía e iniciativa persoal	
▪ Desenvolver a capacidade para analizar situacións valorando os factores que incidiron neles e as consecuencias que poden ter.	▪ Relacionar hábitos saudables co correcto funcionamento destes aparatos. ▪ Coñecer as enfermidades máis comúns que lles afectan aos aparatos dixestivo e respiratorio e establecer relacións cos hábitos non saudables.

UNIDADE DIDÁCTICA NÚM. 4

APARATOS CIRCULATORIO E EXCRETOR

OBXECTIVOS

1. **Comprender a importancia do medio interno para o funcionamento xeral de todo o organismo.**

2. Indicar os compoñentes do sangue e da linfa e explicar a función de cada un.
3. Describir a estrutura anatómica dos aparatos circulatorio e excretor.
4. Comprender o funcionamento do corazón.
5. Explicar os procesos da circulación do sangue polas arterias e polas veas.
6. Describir os circuitos circulatorios.
7. Localizar e identificar os órganos excretores.
8. Comprender o proceso de formación da urina.
9. Coñecer as principais enfermidades que lles afectan ao sangue e aos aparatos circulatorio e excretor.
10. Enumerar os hábitos saudables relacionados co sangue e os citados aparatos.

CONTIDOS

Conceptos

- O medio interno.
- O sangue: constitución e condutos polos que se despraza.
- O corazón: estrutura e función.
- A circulación do sangue: mecanismo e circuitos circulatorios.
- A linfa e o sistema linfático.
- Enfermidades que lle afectan ao aparato circulatorio.
- Hábitos saudables relacionados co aparato circulatorio.
- O aparato excretor.
- Estrutura e función do aparato urinario.
- Enfermidades que lle afectan ao aparato excretor.
- Hábitos saudables relacionados co aparato excretor.

Procedementos

- Medida da presión arterial.
- Observación dos ruídos cardíacos.
- Estudo da análise do sangue e da urina.
- Disección dun corazón e dun ril dun año.
- Interpretación de gráficas, esquemas e diagramas sobre a circulación sanguínea.
- Estudo anatómico dos aparatos circulatorio e excretor, con láminas e modelos clásicos.
- Deseño de esquemas sobre os circuitos circulatorios, o latexo cardíaco e a formación da urina.
- Proxección de vídeos e diapositivas sobre o sangue e os aparatos circulatorio e excretor.
- Realización de estudos bibliográficos sobre enfermidades cardiovasculares.

Actitudes

- Valoración do bo funcionamento dos aparatos circulatorio e excretor.
- Reflexión sobre as consecuencias dun mal funcionamento do corazón e dos vasos sanguíneos.

- Recoñecemento da importancia dunha inxestión axeitada de líquidos para evitar problemas renais.
- Interese por seguir unha alimentación axeitada que evite os problemas cardiocirculatorios.
- Realización de exercicio físico de forma habitual para conseguir un bo estado cardiovascular.
- Concienciación sobre a importancia da doazón de sangue.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Definir correctamente o concepto de medio interno e comprender a necesidade da súa existencia nos organismos pluricelulares.
2. Coñecer os compoñentes do sangue e da linfa, así como a función desempeñada por cada un.
3. Comprender o funcionamento do corazón, diferenciando os procesos que teñen lugar en cada fase do latexo cardíaco.
4. Describir o percorrido do sangue polos circuitos circulatorios e localizar as arterias e as veas máis importantes.
5. Explicar o mecanismo de circulación do sangue polos vasos sanguíneos.
6. Enumerar os órganos que interveñen na excreción e sinalar as substancias eliminadas por cada un deles.
7. Describir o aparato urinario, comprender o mecanismo de formación da urina e explicar a función que desempeña cada parte da nefrona.
8. Coñecer as enfermidades máis comúns que lles afectan aos aparatos circulatorio e excretor, así como os hábitos de vida saudables que poden previr a súa aparición.

CONTIDOS TRANSVERSAIS

Educación para a saúde

A unidade resulta moi axeitada para relacionar a influencia de diversos factores presentes habitualmente no noso contorno (tabaco, comidas con exceso de colesterol, falta de exercicio físico, etcétera) na aparición de graves enfermidades.

Educación do/a consumidor/a

Saliéntase a importancia de «saber consumir» -fundamentalmente en relación coas comidas- para manter o sistema cardiovascular en condicións óptimas.

Educación ambiental

Unha vez comprendida a importancia do sangue, formularase a necesidade de que os hospitais dispoñan de bancos de sangue, apuntando que a súa doazón representa un acto altruísta de gran valor. Rebateranse os posibles argumentos en contra, como dor, incomodidade ou debilidade, e explicarse con certo detalle o proceso de extracción. Así mesmo, abordarase a cuestión da doazón de órganos -corazón, riles, etcétera-, necesaria para salvar moitas vidas.

COMPETENCIAS BÁSICAS / CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Na seguinte táboa indícanse, en cada competencia básica que se traballa nesta unidade, as subcompetencias desenvolvidas en cada unha delas e os criterios de avaliación que, no seu conxunto, se relacionan con todas elas.

COMPETENCIAS / SUBCOMPETENCIAS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Coñecemento e interacción co mundo físico	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Descibir, explicar e predicir fenómenos naturais. ▪ Entender e aplicar o traballo científico. ▪ Recoñecer o propio corpo e as relacións que existen entre os hábitos, as formas de vida e a saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todos os da unidade.
Matemática	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar a linguaxe matemática para cuantificar os fenómenos naturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Descibir o aparato urinario, comprender o mecanismo de formación da urina e explicar a función que desempeña cada parte da nefrona. ▪ Coñecer as enfermidades máis comúns que lles afectan aos aparatos circulatorio e excretor, así como os hábitos de vida saudables que poden previr a súa aparición.
Tratamento da información e competencia dixital	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar e producir na aprendizaxe da área esquemas, mapas conceptuais, informes, memorias... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer os compoñentes do sangue e da linfa, así como a función desempeñada por cada un. ▪ Comprender o

	<p>funcionamento do corazón, diferenciando os procesos que teñen lugar en cada fase do latexo cardíaco.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Describir o percorrido do sangue polos circuitos circulatorios e localizar as arterias e as veas máis importantes. ▪ Explicar o mecanismo de circulación do sangue polos vasos sanguíneos. ▪ Describir o aparato urinario, comprender o mecanismo de formación da urina e explicar a función que desempeña cada parte da nefrona.
<p>Social e cidadá</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender e explicar problemas de interese social desde unha perspectiva científica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer as enfermidades máis comúns que lles afectan aos aparatos circulatorio e excretor, así como os hábitos de vida saudables que poden previr a súa aparición.
<p>Comunicación lingüística</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar a terminoloxía adecuada na construción de textos e argumentacións con contidos científicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Definir correctamente o concepto de medio interno e comprender a necesidade da súa existencia nos organismos pluricelulares. ▪ Comprender o funcionamento do corazón e diferenciar os procesos que teñen lugar en cada fase do latexo cardíaco. ▪ Describir o percorrido do

	<p>sangue polos circuítos circulatorios e localizar as arterias e as veas máis importantes.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Explicar o mecanismo de circulación do sangue polos vasos sanguíneos. ▪ Describir o aparato urinario, comprender o mecanismo de formación da urina e explicar a función que desempeña cada parte da nefrona.
<p>Aprender a aprender</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Integrar os coñecementos e os procedementos científicos adquiridos para comprender as informacións provenientes da propia experiencia e dos medios escritos e audiovisuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Definir correctamente o concepto de medio interno e comprender a necesidade da súa existencia nos organismos pluricelulares. ▪ Comprender o funcionamento do corazón e diferenciar os procesos que teñen lugar en cada fase do latexo cardíaco. ▪ Describir o percorrido do sangue polos circuítos circulatorios e localizar as arterias e as veas máis importantes. ▪ Explicar o mecanismo de circulación do sangue polos vasos sanguíneos. ▪ Enumerar os órganos que interveñen na excreción e sinalar as substancias eliminadas por cada un deles. ▪ Describir o aparato urinario, comprender o

	<p>mecanismo de formación da urina e explicar a función que desempeña cada parte da nefrona.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer as enfermidades máis comúns que lles afectan aos aparatos circulatorio e excretor, así como os hábitos de vida saudables que poden previr a súa aparición.
Autonomía e iniciativa persoal	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolver a capacidade para analizar situacións valorando os factores que incidiron neles e as consecuencias que poden ter. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer as enfermidades máis comúns que lles afectan aos aparatos circulatorio e excretor, así como os hábitos de vida saudables que poden previr a súa aparición.

UNIDADE DIDÁCTICA NÚM. 5

SISTEMAS NERVIOSO E ENDÓCRINO

OBXECTIVOS

1. Comprender a necesidade dos sistemas de relación e coordinación, e coñecer os compoñentes que interveñen neles.
2. Describir a estrutura da neurona e establecer a clasificación dos distintos tipos que existen.
3. Enumerar as diferentes partes do sistema nervioso humano.
4. Localizar cada parte do sistema nervioso central e indicar as súas funcións.
5. Describir as funcións do sistema nervioso periférico e do autónomo.
6. Enumerar as glándulas endócrinas, localizalas e sinalar as hormonas producidas por cada unha delas. Coñecer a función das diversas hormonas.
7. Comprender en que consiste a drogadicción e cales son as consecuencias.
8. Coñecer as principais enfermidades que lles afectan aos sistemas nervioso e endócrino.
9. Enumerar os hábitos saudables que permiten previr enfermidades do sistema nervioso e do endócrino.

CONTIDOS

▪ Utilizar a linguaxe matemática para analizar causas e consecuencias.	5 e 9
▪ Utilizar a linguaxe matemática para expresar datos e ideas sobre a natureza.	10
Tratamento da información e competencia dixital	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10
▪ Aplicar as formas específicas que ten o traballo científico para buscar, recoller, seleccionar, procesar e presentar a información.	1, 2, 3, 5, 7 e 8
▪ Utilizar e producir na aprendizaxe da área esquemas, mapas conceptuais, informes, memorias...	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10
▪ Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para comunicarse, recadar información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, obter e tratar datos.	2, 8 e 10
Social e cidadá	2, 3, 5, 6, 7, 8, 9 e 10
▪ Comprender e explicar problemas de interese social desde unha perspectiva científica.	2, 3, 5, 6, 7, 8, 9 e 10
▪ Aplicar o coñecemento sobre algúns debates esenciais para o avance da ciencia, para	2, 6, 7 e 8

comprender como evolucionaron as sociedades e para analizar a sociedade actual.	
<ul style="list-style-type: none"> Recoñecer aquelas implicacións do desenvolvemento tecnocientífico que poden comportar riscos para as persoas ou o ambiente. 	2, 7 e 10
Comunicación lingüística	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10
<ul style="list-style-type: none"> Utilizar a terminoloxía axeitada na construción de textos e argumentacións con contidos científicos. 	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10
<ul style="list-style-type: none"> Comprender e interpretar mensaxes acerca das ciencias da natureza. 	1, 2 e 8
Aprender a aprender	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10
<ul style="list-style-type: none"> Integrar os coñecementos e procedementos científicos adquiridos para comprender as informacións provenientes da súa propia experiencia e dos medios escritos e audiovisuais. 	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10
Autonomía e iniciativa persoal	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10
<ul style="list-style-type: none"> Desenvolver un espírito crítico, enfrontarse a problemas abertos, participar na construción tentativa de solucións. 	6, 7, 9 e 10
<ul style="list-style-type: none"> Desenvolver a capacidade para analizar situacións valorando os factores que se iniciaron neles e as consecuencias que poden ter. 	1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10

ACTIVIDADES

Tal e como se deduce das formulacións metodolóxicas expostas e do tratamento que deben ter as competencias básicas, e como parte fundamental das mesmos, á explicación e desenvolvemento dos distintos contidos seguiralle a realización de diversas actividades de

comprobación de coñecementos, e que son as que se indican no libro de texto do alumno, asociadas aos distintos contidos.

En calquera caso, o afondamento que se pode facer con cada unha delas, sobre todo as que traballan os contidos iniciais da unidade, estará en función dos coñecementos previos que o profesor detectase nos alumnos mediante as actividades/preguntas de diagnóstico inicial, e que parten de aspectos moi xerais pero imprescindibles para regular o afondamento que debe marcar o proceso de aprendizaxe do alumno e para establecer estratexias de ensino. Ao inicio do curso, e para comprobar o punto de partida inicial do alumno, realizarase unha avaliación previa, da mesma forma que haberá unha final que permita valorar integradamente a consecución dos obxectivos xerais de curso.

Ademais das citadas actividades de desenvolvemento dos contidos e de comprobación dos coñecementos —non se poden presentar separadamente os contidos máis conceptuais dos procedimentais—, unhas de vital importancia nesta materia son as de carácter práctico ou procedimental, que se traballan tanto cando se desenvolven os contidos como en seccións específicas do libro de texto do alumno, e que versan en torno á lectura, á busca de información, á aplicación do método científico, á interpretación de datos e información, ao uso coidadoso de materiais e instrumentos, á experimentación no laboratorio..., é dicir, a toda unha serie de procedementos que o alumno debe coñecer en profundidade porque os utilizará permanentemente (e que lle permite formarse nalgunhas das competencias básicas), en suma, o que no currículo figura agrupado no bloque de contidos denominado *comúns*.

Nun proceso de ensino-aprendizaxe baseado na identificación das necesidades do alumno, é fundamental ofrecer a cada un deles cantos recursos educativos sexan necesarios para que a súa formación se axuste ás súas posibilidades, nuns casos porque estas son maiores que as do grupo de clase, noutras porque precisa *reaxustar* o seu ritmo de aprendizaxe. Para atender á diversidade de niveis de coñecemento e de posibilidades de aprendizaxe dos alumnos do grupo, propóñense en cada unidade novas actividades, diferenciadas entre as de ampliación e as de reforzo, que figuran nos materiais didácticos de uso do profesor, e que polo seu propio carácter dependen da aprendizaxe do alumno para decidir cales e en que momento se van desenvolver. O feito de que todos os contidos sexan desenvolvidos mediante actividades facilita que o profesor saiba en cada momento como foron asimilados polo alumno, de forma que poida introducir inmediatamente cantos cambios sexan precisos para corrixir as desviacións producidas no proceso educativo.

Preténdese que a aprendizaxe sexa significativa, é dicir, que parta dos coñecementos previamente adquiridos e da realidade cotiá e intereses próximos ao alumno. É por isto que en todos os casos nos que é posible se parte de realidades e exemplos que lle son coñecidos, de forma que se implique activamente na construción da súa propia aprendizaxe.

É importante destacar que a materia de *Bioloxía e Xeoloxía* incide de forma sistemática na adecuación das actividades cos contidos desenvolvidos, de forma que o alumno comprenda e interiorice o traballo da aula. En todos os materiais utilizados trabállase con diversas fontes de

información: desde documentos de revistas especializadas e prensa diaria a páxinas web e bibliografía (permite o traballo da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora), de forma que o profesor decide entre os materiais máis axeitados para cada estilo de aprendizaxe dos seus alumnos.

CONTIDOS DA MATERIA DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 4º CURSO

Bloque 1. Contidos comúns

- Utilización de estratexias propias do traballo científico, mediante a proposta de problemas e sinxelas investigacións, discusión do seu interese, análise de variables que interveñen, formulación de hipóteses, planificación de experiencias, organización dos datos, interpretación de resultados e comunicación de conclusións.
- Busca, selección e análise crítica de información de carácter científico utilizando as tecnoloxías da comunicación e da información e outras fontes.
- Interpretación de informacións de carácter científico e contraste destas informacións para formar unha opinión propia e expresarse axeitadamente.
- Elaboración de argumentacións e explicacións sobre feitos, observacións ou resultados experimentais, empregando modelos científicos axeitados.
- Valoración das achegas das ciencias da natureza para lles dar resposta ás necesidades dos seres humanos e mellorar as condicións da súa existencia, así como para apreciar e desfrutar da diversidade natural e cultural, participando na súa conservación, protección e mellora.
- Valoración da evolución do pensamento científico ao longo da historia, salientando a importancia que supón para o desenvolvemento científico e tecnolóxico de cada época.
- Utilización comprensiva de protocolos experimentais e respecto polas normas de seguridade.
- Xustificación de decisións persoais verbo de problemas reais do seu contorno que aseguren un desenvolvemento sustentable e da modificación de hábitos de conduta que promovan a saúde persoal e comunitaria.
- Contribución do desenvolvemento científico e tecnolóxico á resolución dos problemas. Importancia da aplicación do principio de precaución e da participación cidadá na toma de decisións.
- Valoración da educación científica da cidadanía como requisito de sociedades democráticas sustentables.
- Consideración da cultura científica como fonte de satisfacción persoal.

Bloque 2. A Terra, un planeta en continuo cambio

A historia da Terra

- Recoñecemento da variable tempo xeolóxico: a súa magnitude, a datación relativa e absoluta.
- Identificación dos principios e procedementos que permiten reconstruír a historia da Terra e utilización do actualismo como método de interpretación.
- Recoñecemento do proceso de fosilización. Identificación dos fósiles máis importantes

en cada etapa. Utilización dos fósiles como indicadores das características dos ambientes e climas do pasado.

- Reconstrución de historias xeolóxicas sinxelas a partir dunha columna estratigráfica.
- Identificación das eras xeolóxicas e situación dos fenómenos xeolóxicos e biolóxicos máis relevantes que aconteceron en cada unha.

A tectónica de placas e as súas manifestacións

- Recoñecemento e análise das probas do desprazamento dos continentes.
- Localización e análise da distribución dos volcáns, terremotos, cordilleiras, dorsais e fosas oceánicas. Coñecemento do fenómeno da expansión do fondo oceánico, a súa relación co volume constante da Terra e co modelo dinámico da estrutura interna da Terra.
- Recoñecemento das placas litosféricas principais e os seus límites.
- Análise das interaccións entre os procesos xeolóxicos internos e externos, a formación das montañas, os seus tipos e os procesos xeolóxicos asociados, magmatismo e metamorfismo, que completan o ciclo das rochas.
- Análise e valoración dos riscos xeolóxicos en función da dinámica interna da Terra á luz da tectónica de placas.
- Constatación da evolución das ideas no eido do pensamento científico partindo dalgunhas teorías oroxénicas vixentes a finais do século XIX, as ideas revolucionarias de Wegener ata a actual teoría da tectónica de placas. Valoración da construción continuada do pensamento científico.

Bloque 3. A vida no planeta

A célula, unidade de vida

- Recoñecemento da teoría celular e a súa importancia nas ciencias da vida.
- Recoñecemento da célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos.
- Caracterización dos diversos tipos de células: procariotas, eucariotas; vexetais e animais. Recoñecemento dos principais orgánulos.
- Utilización do microscopio para a súa observación.
- Identificación do material hereditario no seu contexto celular: cromatina e cromosomas.
- Recoñecemento do ADN como constituínte de cromosomas e cromatina e valoración do papel de James Watson, Francis Crick e Rosalyn Franklin no descubrimento da súa estrutura e as importantes repercusións deste descubrimento.
- Caracterización dos procesos de división celular: mitose e meiose. Relación da mitose co ciclo celular. Relación da meiose coa formación de gametos na reprodución sexual e valoración do papel que desempeña na variabilidade inter e intraespecífica.

A herdanza e a transmisión dos caracteres

- Xenética mendeliana.
 - Recoñecemento e análise das achegas de Mendel e as súas leis da herdanza destacando a extracción de conclusións a partir do tratamento estatístico dos datos.
 - Resolución de problemas sinxelos relacionados coas leis da herdanza

constatando o uso de estratexias e procedementos da metodoloxía científica na súa resolución.

- Valoración das achegas de Mendel no contexto da evolución constante do pensamento científico no eido da xenética.
- Xenética molecular
 - Aproximación ao concepto de xene como unidade portadora da información xenética. Recoñecemento do ADN como constituínte molecular do xene, coñecemento do código xenético e das mutacións e a súa relación coa expresión proteica.
 - Identificación do cromosoma como forma de organización dos xenes e coñecemento do xenoma, o fenotipo e o fenotipo. Análise dun cariotipo.
- Xenética humana.
 - Aproximación á xenética humana, análise da herdanza de caracteres sinxelos.
 - Procura e selección de información dalgunha enfermidade xenética, análise da información, valoración crítica dos posibles tratamentos e comunicación de resultados.
 - Coñecemento e valoración das aplicacións e repercusións da enxeñaría xenética: os alimentos transxénicos, a clonación, o xenoma humano e a terapia xénica.
 - Valoración das implicacións ecolóxicas, sociais e éticas dos avances biotecnolóxicos. Análise da repercusión das noticias desta temática.
- Orixe e evolución dos seres vivos
 - Análise dalgunhas teorías sobre a orixe da vida na Terra e a evolución dos seres vivos: teorías fixistas e evolucionistas.
 - Identificación e análise de datos que apoian a teoría da evolución das especies. Recoñecemento da aparición e a extinción das especies.
 - Comparación entre as teorías de Lamarck e de Darwin. Recoñecemento do gradualismo e o equilibrio puntuado.
 - Procura e selección crítica de información acerca da evolución do home.
 - Valoración da biodiversidade como resultado do proceso evolutivo. O papel da humanidade na extinción das especies.

Bloque 4. As transformacións nos ecosistemas

A dinámica dos ecosistemas

- Construción e identificación de cadeas e redes tróficas no ecosistema como exemplo de dinámica e interacción. Interpretación de pirámides ecolóxicas.
- Análise do ciclo da materia e o fluxo de enerxía nos ecosistemas naturais. Idea de ciclo bioxeoquímico. Análise do ciclo do carbono.
- Recoñecemento e valoración da formación e destrución do solo, do impacto dos incendios forestais, das especies invasoras e a súa relación coa evolución e a sucesión

no ecosistema. Constatación da modificacións dos ambientes polos seres vivos e valoración da intervención humana.

- Investigación dalgún problema ambiental do contorno, e análise crítica a partir das achegas da ciencia. Valoración e comunicación de conclusións.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA MATERIA DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4º CURSO

- 1. Identificar e describir feitos que mostren a Terra como un planeta cambiante e rexistrar algúns dos cambios máis notables da súa longa historia utilizando modelos temporais a escala.**

Preténdese avaliar a capacidade do alumnado para recoñecer a magnitude do tempo xeolóxico mediante a identificación dos acontecementos fundamentais da historia da Terra nunha táboa cronolóxica e, especialmente a través da identificación e situación dos fósiles máis representativos das principais eras xeolóxicas e doutros rexistros xeolóxicos tales como a datación estratigráfica, os tipos de rochas, as cordilleiras e procesos oroxénicos.

- 2. Utilizar o modelo dinámico da estrutura interna da Terra e a teoría da tectónica de placas para estudar os fenómenos xeolóxicos asociados ao movemento da litosfera e relacionalos coa súa situación en mapas terrestres.**

Trátase de avaliar a capacidade do alumnado para aplicar o modelo dinámico da estrutura interna da Terra e a teoría da tectónica de placas na explicación de fenómenos aparentemente non relacionados entre eles, como a formación de cordilleiras, a expansión do fondo oceánico, a coincidencia xeográfica de terremotos e volcáns en moitos lugares da Terra, as coincidencias xeolóxicas e paleontolóxicas en territorios actualmente separados por grandes océanos, etc. Tamén se debe comprobar se é capaz de asociar a distribución de sismos e volcáns aos límites das placas litosféricas en mapas de escala axeitada, e de relacionar todos estes procesos.

- 3. Aplicar os postulados da teoría celular ao estudo de distintos tipos de seres vivos e identificar as estruturas características da célula procariótica, eucariótica vexetal e animal, e relacionar cada un dos elementos celulares coa súa función biolóxica.**

Trátase de comprobar se o alumnado é quen de recoñecer e interpretar, empregando as técnicas axeitadas, a existencia de células en distintos organismos. Trátase de avaliar se é capaz de identificar as estruturas celulares en debuxos e microfotografías, sinalando a función de cada unha delas. Así mesmo, debe entender a necesidade de coordinación das células que compoñen os organismos pluricelulares.

- 4. Recoñecer as características do ciclo celular e describir os procesos de división celular, sinalando as diferenzas principais entre meiose e mitose, así como o significado biolóxico de ambas as dúas.**

Trátase de comprobar que o alumnado recoñece a mitose como un tipo de división celular necesaria na reprodución dos organismos unicelulares e que asegura o

crecemento e reparación do corpo nos organismos pluricelulares. Tamén debe explicar o papel dos gametos e da meiose na reprodución sexual. Trátase de comparar ambos os dous tipos de división celular respecto do tipo de células que a sofren, o seu mecanismo de acción, os resultados obtidos e a importancia biolóxica de ambos os dous procesos.

5. Resolver problemas prácticos de xenética mendeliana, explicar algúns caracteres que presentan este tipo de herdanza nos seres humanos e realizar investigacións sinxelas sobre estes caracteres.

Trátase de avaliar se o alumnado é capaz de diferenciar conceptos básicos da xenética e resolver exercicios sinxelos calculando porcentaxes xenotípicas e fenotípicas dos descendentes, recoñecendo nestes o seu carácter aleatorio. Valorarase tamén a capacidade para aplicar as leis de Mendel en investigacións sobre caracteres humanos con este tipo de herdanza.

6. Coñecer que os xenes están constituídos por ADN e situados nos cromosomas. Interpretar o papel da diversidade xenética e as mutacións a partir do concepto de xene e valorar criticamente as consecuencias dos avances actuais da enxeñaría xenética.

Preténdese comprobar se o alumnado pode explicar que o almacenamento da información xenética está nos cromosomas, interpreta as excepcións ás leis de Mendel mediante a teoría cromosómica da herdanza e coñece o concepto molecular de xene, así como a existencia de mutacións e as súas implicacións na evolución e diversidade dos seres vivos. Valorarase se é capaz de utilizar os seus coñecementos para elaborar un criterio propio sobre as repercusións sanitarias e sociais dos avances no coñecemento do xenoma e analizar, desde unha perspectiva social, científica e ética, as vantaxes e inconvenientes da moderna biotecnoloxía (terapia xénica, alimentos transxénicos, etc.).

7. Expoñer razoadamente os problemas que conduciron a enunciar a teoría da evolución, os principios básicos desta teoría e as controversias científicas, sociais e relixiosas que suscitou.

Preténdese avaliar se o alumnado coñece as controversias entre fixismo e evolucionismo e entre distintas teorías evolucionistas como as de Lamarck e Darwin, así como as teorías evolucionistas actuais máis aceptadas. Trátase de valorar se o alumnado sabe interpretar, á luz da teoría da evolución dos seres vivos, o rexistro paleontolóxico, a anatomía comparada, as semellanzas e diferenzas xenéticas, embriolóxicas e bioquímicas, a distribución bioxeográfica, etc.

8. Relacionar a evolución e distribución dos seres vivos, destacando as súas adaptacións máis importantes, cos mecanismos de selección natural que actúan sobre a variabilidade xenética de cada especie.

Trátase de valorar se o alumnado sabe interpretar, á luz da teoría da evolución, os datos máis relevantes do rexistro paleontolóxico, a anatomía comparada, as

semellanzas e diferenzas xenéticas, embriolóxicas e bioquímicas, a distribución bioxeográfica e outros aspectos relacionados coa evolución dos seres vivos.

9. Explicar como se realiza a transferencia de materia e enerxía nun ecosistema, ao longo dunha cadea ou rede trófica. Explicar os mecanismos de restablecemento do equilibrio ecolóxico e as consecuencias prácticas da xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano.

Trátase de comprobar se o alumnado é capaz de explicar os fundamentos en que se asenta o equilibrio dos ecosistemas, e como pode actuarse sobre eles para obter un fluxo de alimentos para os seres humanos de xeito sustentables. Valorarase tamén a capacidade para explicar as repercusións das actividades humanas no mantemento da biodiversidade nos ecosistemas (desaparición de depredadores, sobreexplotación, introdución de especies exóticas, destrución de hábitats, etc.), o seu recoñecemento no noso territorio e a participación na xestión sustentable.

10. Analizar os problemas e desafíos, estreitamente relacionados, a que se enfrenta a humanidade globalmente, recoñecer a responsabilidade da ciencia e da tecnoloxía e a necesidade da súa implicación para resolvelos e avanzar cara ao logro dun futuro sustentable.

Preténdese comprobar se o alumnado é consciente da situación planetaria caracterizada por toda unha serie de problemas intervenculados: contaminación sen fronteiras, esgotamento de recursos, perda de biodiversidade e diversidade cultural, etc., e se comprende a responsabilidade do desenvolvemento científicotécnico e a súa necesaria contribución ás posibles solucións tendo sempre presente o principio de precaución. Valorarase se é consciente da importancia da educación científica para a súa participación na toma fundamentada de decisións.

PROGRAMACIÓN DAS UNIDADES

A continuación, desenvólvese integramente a programación de cada unha das 10 unidades didácticas nas que foron organizados e secuenciados os contidos deste curso. En cada unha delas indícanse os seus correspondentes obxectivos didácticos, contidos (conceptos, procedementos e actitudes), contidos transversais, criterios de avaliación e competencias básicas asociadas aos criterios de avaliación.

UNIDADE DIDÁCTICA Nº 1

TECTÓNICA DE PLACAS

OBXECTIVOS

1. Saber que o interior da Terra está a altas temperaturas e que a calor almacenada é responsable da súa dinámica interna.
2. Recoñecer a importancia dos métodos sísmicos para o estudo do interior

terrestre.

3. Diferenciar a composición e o estado físico das capas internas da Terra.
4. Coñecer as teorías fixista e mobilista acerca da dinámica terrestre e as súas argumentacións fundamentais.
5. Saber que ao longo da historia da ciencia se produciron auténticas «revolucións científicas», como o xurdimento da teoría da tectónica de placas.
6. Valorar o papel desempeñado polas campañas oceanográficas de estudo dos fondos mariños na formulación da teoría da tectónica de placas.
7. Comprender os principais postulados da tectónica de placas.
8. Prever como evolucionará unha parella de placas se se coñece a dinámica do tipo de bordo que as separa.
9. Coñecer como se propagan as ondas **P e S** para poder interpretar diagramas de ondas sísmicas e a existencia de zonas de sombra.

CONTIDOS

Conceptos

- Composición e estrutura do interior terrestre.
- Métodos de estudo da terra.
- Teorías oroxénicas; a deriva continental.
- Estudo do fondo oceánico.
- Distribución de terremotos e volcáns.
- Tectónica de placas.
- Tipos de placas e os seus límites. Bordos construtivos, destrutivos e pasivos.
- O ciclo de Wilson.
- Probas e motor do movemento de placas. A subducción.

Procedementos

- Localización de discontinuidades e diferenciación de capas; descrición das súas características físicas a partir da análise dunha gráfica de ondas sísmicas.
- Argumentación de posicións mobilistas fronte a posicións fixistas.
- Explicación da distribución anómala actual de determinados tipos de rochas, seres vivos e fósiles aplicando criterios mobilistas.
- Recoñecemento nun mapa de fondos oceánicos dos principais tipos de relevo.
- Cálculo numérico da velocidade de desprazamento das placas.
- Formulación de predicións sobre o desprazamento das placas a partir do coñecemento da súa posición actual e do tipo de bordo que as separa.
- Determinación da magnitude dun terremoto a partir da análise do seu sismograma.

Actitudes

- Recoñecemento de que a ciencia se atopa sometida a un proceso continuo de evolución e maduración: unha teoría amplamente aceptada nunha época pode ser modificada ou substituída máis tarde por outra.

- Valoración crítica dos argumentos que se achegan a favor ou en contra dunha teoría.
- Aceptación do importante papel que algúns científicos, desligados dos prexuízos do seu tempo, desempeñaron na formulación de novas teorías, máis coherentes coa realidade dos feitos.
- Recoñecemento do papel da ciencia na desmitificación da orixe da actividade sísmica e volcánica.
- Valoración da colaboración e do traballo en equipo por parte de expertos de diferentes campos en prol do avance da ciencia.
- Reivindicación do papel da ciencia ao describir realidades tan alleas á nosa percepción cotiá como o interior terrestre, os fondos abisais ou o desprazamento dos continentes.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer algúns dos métodos utilizados para o estudo do interior terrestre, así como os principais signos das capas internas diferenciadas.
- Saber como evolucionaron nos últimos séculos as teorías sobre a dinámica interna do planeta.
- A hipótese da deriva continental de Wegener e comprender algunhas das probas que a apoiaban.
- Describir os principais signos do relevo do fondo oceánico e a súa relación coa distribución de terremotos e volcáns.
- Coñecer os postulados da teoría da tectónica de placas e aplicarlos a situacións reais.
- Identificar as placas tectónicas nun mapa e diferenciar os tipos de límites entre elas, de acordo co seu movemento e os seus procesos xeolóxicos.
- Utilizar con fluidez os termos científicos máis habituais para explicar o ciclo de ruptura e de reunificación dun supercontinente (ciclo de Wilson).
- Coñecer algunhas das forzas implicadas no movemento das placas.
- Utilizar os coñecementos sobre a propagación das ondas P e S para interpretar diagramas de ondas sísmicas e a existencia de zonas de sombra.

CONTIDOS TRANSVERSAIS

Educación ambiental

O mapa de placas tectónicas serve para determinar o risco sísmico e volcánico dunha rexión, así como para lembrar os perigos de situar núcleos de poboación ou grandes obras de enxeñería nestas zonas.

COMPETENCIAS BÁSICAS / CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Na seguinte táboa indícanse, en cada competencia básica que se traballa nesta unidade, as

subcompetencias desenvolvidas en cada unha delas e os criterios de avaliación que, no seu conxunto, se relacionan con todas elas.

COMPETENCIAS / SUBCOMPETENCIAS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Coñecemento e interacción co mundo físico	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Descibir, explicar e predicir fenómenos naturais. ▪ Analizar sistemas complexos nos que interveñen varios factores. ▪ Recoñecer o propio corpo e as relacións que existen entre os hábitos, as formas de vida e a saúde. ▪ Entender e aplicar o traballo científico. ▪ Interpretar probas e conclusións científicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer algúns dos métodos utilizados para o estudo do interior terrestre, así como os principais signos das capas internas diferenciadas. ▪ Saber como evolucionaron nos últimos séculos as teorías sobre a dinámica interna do planeta. ▪ Enunciar a hipótese da deriva continental de Wegener e comprender algunhas das probas que a apoiaban. ▪ Descibir os principais signos do relevo do fondo oceánico e a súa relación coa distribución de terremotos e volcáns. ▪ Coñecer os postulados da teoría da tectónica de placas e aplicarlos a situacións reais. ▪ Coñecer algunhas das forzas implicadas no movemento das placas.
Matemática	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar a linguaxe matemática para cuantificar 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar os coñecementos sobre a propagación das

<p>os fenómenos naturais.</p>	<p>ondas P e S para interpretar diagramas de ondas sísmicas e a existencia de zonas de sombra.</p>
<p>Tratamento da información e competencia dixital</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aplicar as formas específicas que ten o traballo científico para buscar, recoller, seleccionar, procesar e presentar a información. ▪ Utilizar e producir na aprendizaxe da área esquemas, mapas conceptuais, informes, memorias... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer algúns dos métodos utilizados para o estudo do interior terrestre, así como os principais signos das capas internas diferenciadas. ▪ Identificar as placas tectónicas nun mapa e diferenciar os tipos de límites entre elas, de acordo co seu movemento e os seus procesos xeolóxicos. ▪ Utilizar os coñecementos sobre a propagación das ondas P e S para interpretar diagramas de ondas sísmicas e a existencia de zonas de sombra.
<p>Comunicación lingüística</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar a terminoloxía adecuada na construción de textos e argumentacións con contidos científicos. ▪ Comprender e interpretar mensaxes acerca das ciencias da natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Enunciar a hipótese da deriva continental de Wegener e comprender algunhas das probas que a apoiaban. ▪ Describir os principais signos do relevo do fondo oceánico e a súa relación coa distribución de terremotos e volcáns. ▪ Coñecer os postulados da

	<p>teoría da tectónica de placas e aplicalos a situacións reais.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar con fluidez os termos científicos máis habituais para explicar o ciclo de ruptura e de reunificación dun supercontinente (ciclo de Wilson).
<p>Aprender a aprender</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Integrar os coñecementos e os procedementos científicos adquiridos para comprender as informacións provenientes da propia experiencia e dos medios escritos e audiovisuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Saber como evolucionaron nos últimos séculos as teorías sobre a dinámica interna do planeta. ▪ Enunciar a hipótese da deriva continental de Wegener e comprender algunhas das probas que a apoiaban. ▪ Describir os principais signos do relevo do fondo oceánico e a súa relación coa distribución de terremotos e volcáns. ▪ Coñecer os postulados da teoría da tectónica de placas e aplicalos a situacións reais. ▪ Identificar as placas tectónicas nun mapa e diferenciar os tipos de límites entre elas, de acordo co seu movemento e os seus procesos xeolóxicos. ▪ Coñecer algunhas das forzas implicadas no movemento das placas.
<p>Autonomía e iniciativa persoal</p>	

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolver a capacidade para analizar situacións valorando os factores que incidiron neles e as consecuencias que poden ter. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Saber como evolucionaron nos últimos séculos as teorías sobre a dinámica interna do planeta. ▪ Coñecer os postulados da teoría da tectónica de placas e aplicalos a situacións reais.
--	--

UNIDADE DIDÁCTICA Nº 2

A ENERXÍA INTERNA E O RELEVO

OBXECTIVOS

1. Comprender que o comportamento dunha rocha sometida a un esforzo depende da clase de esforzo, da súa duración e das condicións de presión e de temperatura.
2. Localizar os elementos de pregues e de fallas a partir de debuxos e fotos, e expor os criterios para a súa clasificación.
3. Entender que a superficie terrestre está sometida á acción de procesos xeolóxicos internos e externos que xeran e modelan, respectivamente, o relevo.
4. Asimilar o concepto de isostasia.
5. Coñecer os mecanismos polos que se xeran cordilleiras pola tectónica de placas.
6. Valorar os riscos da actividade interna da Terra.
7. Recoñecer que os volcáns, os terremotos, as cordilleiras e as deformacións das rochas constitúen evidencias da dinámica interna do planeta.
8. Tomar conciencia de que o relevo é un accidente xeográfico dinámico e cambiante que depende de numerosos factores, entre os cales salientan o clima e as rochas que o constitúen.
9. Familiarizarse coas formas máis características asociadas aos grandes ámbitos climáticos e recoñecer a acción do axente causante das mesmas.
10. Identificar, a partir de fotos, debuxos ou bloques diagrama, as formas máis distintivas do modelado kárstico, costeiro, glaciar, fluvial e desértico.
11. Valorar o papel crecente do ser humano na modificación directa da paisaxe e na dinámica dos axentes xeolóxicos externos.
12. Saber recoñecer os elementos básicos típicos dos mapas topográficos, aprender a «ler» o relevo neles e a construír perfís sinxelos.

CONTIDOS

Conceptos

- Comportamento dos materiais sometidos a esforzos.
- Deformacións por fractura: diaclasas e fallas.

- Pregues: elementos e clasificación.
- Ciclo das rochas.
- Axentes e procesos xeolóxicos.
- Isostasia.
- Orixe das cordilleiras.
- Risco da actividade interna da Terra: volcáns e terremotos.
- Relevo terrestre.
- Influencia do clima: os sistemas morfoclimáticos.
- Influencia da litoloxía: xeomorfoloxía litolóxica.
- Influencia da estrutura: xeomorfoloxía estrutural.

Procedementos

- Interrelación dos tipos de bordos de placas co esforzo xerado e as estruturas tectónicas asociadas.
- Distinción, a partir de debuxos, dos tipos de fallas e dos seus elementos; dedución da dirección das súas estrías.
- Clasificación e debuxo de pregues segundo varios criterios.
- Resolución de exercicios sobre taxas de erosión e sedimentación.
- Predición do sentido dos movementos verticais coa aplicación da teoría da isostasia.
- Cálculo numérico do gradiente xeotérmico.
- Interrelación da composición dun magma co tipo de erupción, de edificio volcánico e de rochas resultantes.
- Análise de datos sobre riscos sísmicos e volcánicos, e proposta de medidas preventivas.
- Interpretación da xénese dun relevo a partir de fotografías.
- Recoñecemento de formas de relevo comúns producidas por diferentes axentes xeolóxicos externos.
- Interpretación de bloques diagrama sobre distintos tipos de modelado litolóxico, estrutural ou costeiro.
- Manexo e estudo dos elementos dun mapa topográfico.
- Realización de cortes topográficos sinxelos.

Actitudes

- Recoñecemento da importancia do estudo do interior terrestre para previr catástrofes naturais, como terremotos ou erupcións volcánicas.
- Toma de conciencia do grao de risco sísmico e volcánico existente no territorio nacional.
- Valoración dos coñecementos sobre a predición sísmica.
- Toma de conciencia da gran cantidade de enerxía almacenada no planeta polos seus efectos, como a formación de cordilleiras ou o pregamento das rochas.
- Potenciación de actitudes de valoración dos aspectos estéticos e científicos que encerran a paisaxe en xeral e o relevo en particular.

- Toma de conciencia do papel crecente do ser humano como modificador da paisaxe.
- Valoración da influencia dos nosos hábitos de consumo sobre o clima e a dinámica dos axentes xeolóxicos externos.
- Recoñecemento da necesidade de protexer o substrato xeolóxico, en especial os afloramentos de particular relevancia xeomorfolóxica.
- Consideración da paisaxe como unha fonte de goce estético e deportivo, así como un recurso económico máis do medio rural.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Diferenciar os tipos de esforzos e relacionalos coas estruturas de deformación resultantes.
2. Recoñecer e identificar os elementos de pregues e fallas, así como os criterios utilizados na súa clasificación.
3. Coñecer e definir os procesos xeolóxicos implicados no ciclo das rochas.
4. Comprender as situacións nas que existe magmatismo e metamorfismo segundo a tectónica de placas.
5. Aplicar a noción de isostasia á resolución de situacións de desequilibrio de masas na litosfera.
6. Diferenciar entre teorías oroxénicas fixistas e mobilistas, así como entre oróxenos ligados a subdución ou a colisión.
7. Valorar a importancia do risco sísmico e volcánico nunha zona e relacionalos coa súa localización con respecto aos límites de placas.
8. Coñecer os factores e axentes que controlan o relevo terrestre, relacionándoos coas formas de relevo resultantes.
9. Identificar os elementos máis comúns no manexo de mapas topográficos e xeolóxicos sinxelos.

CONTIDOS TRANSVERSAIS

Educación para a paz e a convivencia

Non se debe esquecer que os volcáns e terremotos, ademais de constituír manifestacións da enerxía interna da Terra, son responsables de catástrofes naturais que en ocasións se cobran gran número de vidas humanas e orixinan cuantiosos danos materiais. Neste sentido, débese resaltar a colaboración internacional e a acción das ONG, que contribúen a paliar os efectos destrutivos dos volcáns e terremotos, sobre todo en países con escasos recursos.

Educación ambiental

A paisaxe, ao igual que a flora e a fauna, ás veces é alterada e danada pola acción humana, polo que é necesario espertar actitudes de valoración e defensa do medio físico — en especial nas áreas de maior interese xeolóxico ou xeomorfolóxico— e articular medidas para a súa protección legal.

Educación moral e cívica

Gozar da natureza debe ser compatible co seu respecto e preservación. Tras unha visita ao campo, no se deben deixar abandonados restos que contaminen ou poñan en perigo o medio natural.

COMPETENCIAS BÁSICAS / CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Na seguinte táboa indícanse, en cada competencia básica que se traballa nesta unidade, as subcompetencias desenvolvidas en cada unha delas e os criterios de avaliación que, no seu conxunto, se relacionan con todas elas.

COMPETENCIAS / SUBCOMPETENCIAS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Coñecemento e interacción co mundo físico	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Descibir, explicar e predicir fenómenos naturais. ▪ Analizar sistemas complexos nos que interveñen varios factores. ▪ Entender e aplicar o traballo científico. ▪ Interpretar probas e conclusións científicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todos os da unidade.
Tratamento da información e competencia dixital	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aplicar as formas específicas que ten o traballo científico para buscar, recoller, seleccionar, procesar e presentar a información. ▪ Utilizar e producir na aprendizaxe da área 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Diferenciar os tipos de esforzos e relacionalos coas estruturas de deformación resultantes. ▪ Recoñecer e identificar os elementos de pregues e fallas, así como os criterios utilizados na súa clasificación.

<p>esquemas, mapas conceptuais, informes, memorias...</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para comunicarse, solicitar información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, obter e tratar datos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer e definir os procesos xeolóxicos implicados no ciclo das rochas. ▪ Comprender as situacións nas que existe magmatismo e metamorfismo segundo a tectónica de placas. ▪ Aplicar a noción de isostasia á resolución de situacións de desequilibrio de masas na litosfera. ▪ Diferenciar entre teorías oroxénicas fixistas e mobilistas, así como entre oróxenos ligados a subducción ou a colisión. ▪ Coñecer os factores e axentes que controlan o relevo terrestre, relacionándoos coas formas de relevo resultantes. <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificar os elementos máis comúns no manexo de mapas topográficos e xeolóxicos sinxelos.
<p>Social e cidadá</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender e explicar problemas de interese social desde unha perspectiva científica. ▪ Aplicar o coñecemento sobre algúns debates esenciais para o avance da ciencia, para comprender como evolucionaron as sociedades e para analizar a sociedade actual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Diferenciar entre teorías oroxénicas fixistas e mobilistas, así como entre oróxenos ligados a subducción ou a colisión. ▪ Valorar a importancia do risco sísmico e volcánico nunha zona e relacionalos coa súa localización con respecto aos límites de placas.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñecer aquelas implicacións do desenvolvemento tecnocientífico que poden comportar riscos para as persoas ou para o medio. 	
<p>Comunicación lingüística</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar a terminoloxía adecuada na construción de textos e argumentacións con contidos científicos. ▪ Comprender e interpretar mensaxes acerca das ciencias da natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñecer e identificar os elementos de pregues e fallas, así como os criterios utilizados na súa clasificación. ▪ Coñecer e definir os procesos xeolóxicos implicados no ciclo das rochas. ▪ Comprender as situacións nas que existe magmatismo e metamorfismo segundo a tectónica de placas. ▪ Aplicar a noción de isostasia á resolución de situacións de desequilibrio de masas na litosfera. ▪ Diferenciar entre teorías oroxénicas fixistas e mobilistas, así como entre oróxenos ligados a subdución ou a colisión. ▪ Coñecer os factores e axentes que controlan o relevo terrestre, relacionándoos coas formas de relevo resultantes.
<p>Aprender a aprender</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Integrar os coñecementos e os procedementos científicos adquiridos para 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Diferenciar os tipos de esforzos e relacionalos coas estruturas de deformación

<p>comprender as informacións provenientes da propia experiencia e dos medios escritos e audiovisuais.</p>	<p>resultantes.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer e definir os procesos xeolóxicos implicados no ciclo das rochas. ▪ Comprender as situacións nas que existe magmatismo e metamorfismo segundo a tectónica de placas. ▪ Aplicar a noción de isostasia á resolución de situacións de desequilibrio de masas na litosfera. ▪ Valorar a importancia do risco sísmico e volcánico nunha zona e relacionalos coa súa localización con respecto aos límites de placas. ▪ Coñecer os factores e axentes que controlan o relevo terrestre, relacionándoos coas formas de relevo resultantes.
<p>Autonomía e iniciativa persoal</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolver a capacidade para analizar situacións valorando os factores que incidiron neles e as consecuencias que poden ter. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Diferenciar os tipos de esforzos e relacionalos coas estruturas de deformación resultantes. ▪ Coñecer e definir os procesos xeolóxicos implicados no ciclo das rochas. ▪ Comprender as situacións nas que existe magmatismo e metamorfismo segundo a tectónica de placas. ▪ Aplicar a noción de isostasia á resolución de

situacións de desequilibrio de masas na litosfera.

▪ **Valorar a importancia do risco sísmico e volcánico nunha zona e relacionalos coa súa localización con respecto aos límites de placas.**

UNIDADE DIDÁCTICA Nº 3

A HISTORIA DA TERRA

OBXECTIVOS

1. Tomar conciencia de que a Terra ten un pasado extraordinariamente extenso.
2. Saber que o dilatado lapso de tempo que conforma o pasado da Terra está cheo de acontecementos e de formas de vida distintas ás actuais, é dicir, de cambios.
3. Coñecer os métodos de datación das rochas.
4. Valorar o papel dos fósiles e a paleontoloxía ao reconstruír a historia da Terra.
5. Enunciar e aplicar os principios xeolóxicos fundamentais utilizados no estudo dos estratos.
6. Asimilar as diferentes interpretacións da ciencia sobre os cambios ocorridos no pasado, como o catastrofismo e o gradualismo.
7. Coñecer as principais divisións da historia do planeta, os acontecementos xeolóxicos máis importantes que tiveron lugar e as formas de vida características de cada unha.

CONTIDOS

Conceptos

- Idade da Terra.
- Métodos de datación absoluta e relativa.
- Importancia xeolóxica dos fósiles.
- A Terra, un planeta en continuo cambio. Teorías sobre os cambios.
- Grandes divisións da historia da Terra.
- Formación do sistema solar.
- A Terra no Hádico.
- A Terra no Arcaico e no Proterozoico.
- A Terra na era Primaria.
- A Terra na era Secundaria.
- A Terra na era Terciaria.

Procedementos

- Cálculo da idade dunha rocha a partir da súa relación de isótopos «pai/fillo».
- Aplicación do principio de superposición a cortes xeolóxicos sinxelos.

- Determinación da idade e do medio sedimentario dunha serie de estratos a partir da súa litoloxía e do seu contido fósil.
- Recoñecemento *de visu* dos principais grupos de fósiles, así como dalgúns signos da súa anatomía e do seu modo de vida.
- Inclusión dunha serie de acontecementos dados nunha escala de tempo xeolóxico.

Actitudes

- Valoración do papel da ciencia para ofrecer unha explicación lóxica da realidade.
- Recoñecemento de que, na historia da Xeoloxía, emitíronse distintas hipóteses para explicar as causas dos cambios xeolóxicos.
- Adopción dunha actitude crítica perante diferentes hipóteses e teorías, e formulación de argumentos que as apoiem ou as rexeiten.
- Recoñecemento da importancia do estudo do pasado na análise dos procesos xeolóxicos e da diversidade biolóxica do presente.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Diferenciar unha datación absoluta doutra relativa e coñecer algúns dos métodos utilizados en cada unha.
2. Ter unha idea clara sobre a orixe dos fósiles e a información que subministran.
3. Recoñecer algúns grupos de fósiles característicos mediante fotografías ou coleccións.
4. Entender os principios básicos de superposición e sucesión faunística, e saber aplicalos na resolución de cortes xeolóxicos sinxelos.
5. Ter conciencia de que a Terra se atopa sometida a cambios de todo tipo e de que a ciencia achegou diferentes hipóteses para explicalos.
6. Coñecer as divisións máis importantes do tempo xeolóxico e os criterios utilizados no seu establecemento.
7. Explicar, empregando a linguaxe científica axeitada, as ideas actuais sobre a orixe do sistema solar e da Terra segundo a teoría nebular.
8. Coñecer os acontecementos xeolóxicos máis relevantes da historia da Terra, a súa evolución climática e os seres vivos que sucesivamente foron aparecendo en escena.

CONTIDOS TRANSVERSAIS

Educación ambiental

Algúns problemas ambientais que lle afectan ao planeta na actualidade, como o cambio climático, a extinción de especies, a introdución de especies foráneas, etc., terán consecuencias futuras que hoxe non podemos prever na súa xusta medida. O estudo das

repercusións que situacións parecidas produciron ao longo da historia pode proporcionarnos información sobre as mesmas, así como novos argumentos que apoian a adopción de medidas para previlas e erradicadas.

Neste sentido, o estudo das extincións masivas, as glaciacións, as oscilacións climáticas de orixe natural, as migracións de organismos, os cambios de nivel do mar, etc., posúe unha importancia extraordinaria.

Igualmente útil resulta, por exemplo, o estudo das burbullas de ar atrapadas e os xeos da Antártida, que permitiu facer un seguimento dos cambios que se produciron na atmosfera en canto á súa composición, temperatura e cantidade de ozono, así como da actividade tormentosa e volcánica que se produce no noso planeta nas últimas decenas de miles de anos.

Por outra parte, a enorme importancia dos xacementos paleontolóxicos na reconstrución do pasado esixe o noso coidado e protección. Deben fomentarse, así, actitudes de respecto para evitar o coleccionismo, por encima duns límites, e o espolio dos xacementos.

COMPETENCIAS BÁSICAS / CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Na seguinte táboa indícanse, en cada competencia básica que se traballa nesta unidade, as subcompetencias desenvolvidas en cada unha delas e os criterios de avaliación que, no seu conxunto, se relacionan con todas elas.

COMPETENCIAS / SUBCOMPETENCIAS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Coñecemento e interacción co mundo físico	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Describir, explicar e predicir fenómenos naturais. ▪ Entender e aplicar o traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Diferenciar unha datación absoluta doutra relativa e coñecer algúns dos métodos utilizados en cada unha. ▪ Entender os principios básicos de superposición e sucesión faunística, e saber aplicalos na resolución de cortes xeolóxicos sinxelos. ▪ Ter conciencia de que a Terra se atopa sometida a cambios de todo tipo e de que a ciencia achegou diferentes

	<p>hipóteses para explicalos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Explicar, empregando a linguaxe científica axeitada, as ideas actuais sobre a orixe do sistema solar e da Terra segundo a teoría nebular. ▪ Coñecer os acontecementos xeolóxicos máis relevantes da historia da Terra, a súa evolución climática e os seres vivos que sucesivamente foron aparecendo en escena.
<p>Matemática</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar a linguaxe matemática para cuantificar os fenómenos naturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Diferenciar unha datación absoluta doutra relativa e coñecer algúns dos métodos utilizados en cada unha.
<p>Tratamento da información e competencia dixital</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aplicar as formas específicas que ten o traballo científico para buscar, recoller, seleccionar, procesar e presentar a información. ▪ Utilizar e producir na aprendizaxe da área esquemas, mapas conceptuais, informes, memorias... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Diferenciar unha datación absoluta doutra relativa e coñecer algúns dos métodos utilizados en cada unha. ▪ Ter unha idea clara sobre a orixe dos fósiles e a información que subministran. ▪ Recoñecer algúns grupos de fósiles característicos mediante fotografías ou coleccións. ▪ Entender os principios básicos de superposición e sucesión faunística, e saber aplicalos na resolución de

	<p>cortes xeolóxicos sinxelos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Ter conciencia de que a Terra se atopa sometida a cambios de todo tipo e de que a ciencia achegou diferentes hipóteses para explicalos. ▪ Coñecer as divisións máis importantes do tempo xeolóxico e os criterios utilizados no seu establecemento.
Social e cidadá	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender e explicar problemas de interese social desde unha perspectiva científica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ter conciencia de que a Terra se atopa sometida a cambios de todo tipo e de que a ciencia achegou diferentes hipóteses para explicalos.
Comunicación lingüística	
CONTIDOS TRANSVERSAIS

Educación ambiental

A explosión demográfica (co conseguinte aumento do consumo de enerxía), as interaccións

co medio (que implican unha utilización non controlada dos recursos) e os vertidos incontrolados ao medio (que non respectan os seus ciclos naturais) poden axudar o alumnado a entender que calquera acción local pode ter un efecto global no planeta.

Educación para a saúde

O axeitado coñecemento do medio que nos rodea e das relacións que se establecen entre os seus compoñentes permitiralles aos alumnos valorar na súa xusta medida a intervención do ser humano na natureza e as consecuencias que pode carrexar para a súa saúde unha xestión inadecuada.

COMPETENCIAS BÁSICAS / CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Na seguinte táboa indícanse, en cada competencia básica que se traballa nesta unidade, as subcompetencias desenvolvidas en cada unha delas e os criterios de avaliación que, no seu conxunto, se relacionan con todas elas.

COMPETENCIAS / SUBCOMPETENCIAS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Coñecemento e interacción co mundo físico	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Descibir, explicar e predicir fenómenos naturais. ▪ Analizar sistemas complexos nos que interveñen varios factores. ▪ Entender e aplicar o traballo científico. ▪ Descibir as implicacións que a actividade humana e a actividade científica e tecnolóxica teñen no medio. ▪ Identificar os grandes problemas cos que se enfronta hoxe a humanidade e as solucións que se están a buscar para resolvelos e para avanzar nun desenvolvemento sostible. ▪ Adquirir a formación básica para participar na toma de decisións en torno a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Todos os da unidade.

problemas locais e globais formulados.	
Matemática	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar a linguaxe matemática para cuantificar os fenómenos naturais. ▪ Utilizar a linguaxe matemática para analizar causas e consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer a curva de crecemento dunha poboación, diferenciando as súas distintas etapas. ▪ Comprender o significado das pirámides de idade e a súa utilidade no estudo do crecemento das poboacións.
Tratamento da información e competencia dixital	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar e producir na aprendizaxe da área esquemas, mapas conceptuais, informes, memorias... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender a importancia das poboacións e enumerar as vantaxes e os inconvenientes con respecto a un individuo illado. ▪ Coñecer a curva de crecemento dunha poboación, diferenciando as súas distintas etapas. ▪ Comprender o significado das pirámides de idade e a súa utilidade no estudo do crecemento das poboacións.
Social e cidadá	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender e explicar problemas de interese social desde unha perspectiva científica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Valorar a importancia do solo e as causas que provocan a súa destrución, e enumerar as medidas que a evitan.
Comunicación lingüística	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar a terminoloxía 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Explicar as adaptacións de

<p>adecuada na construción de textos e argumentacións con contidos científicos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender e interpretar mensaxes acerca das ciencias da natureza. 	<p>animais e plantas aos factores cambiantes do ambiente.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Describir algunhas modificacións do ambiente realizadas polos seres vivos. ▪ Diferenciar as estratexias de crecemento das poboacións. ▪ Definir conceptos relativos ás comunidades como ecotono, biodiversidade e sucesión. ▪ Describir os procesos que ocorren nunha sucesión primaria. ▪ Coñecer os compoñentes do solo e os cambios que van ocorrendo durante a súa evolución. ▪ Valorar a importancia do solo e as causas que provocan a súa destrución, e enumerar as medidas que a evitan. ▪ Explicar as diferentes relacións interespecíficas que existen nunha comunidade.
<p>Aprender a aprender</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Integrar os coñecementos e os procedementos científicos adquiridos para comprender as informacións provenientes da propia experiencia e dos medios escritos e audiovisuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Explicar as adaptacións de animais e plantas aos factores cambiantes do ambiente. ▪ Describir algunhas modificacións do ambiente realizadas polos seres vivos. ▪ Comprender a importancia das poboacións e enumerar as

	<p>vantaxes e os inconvenientes con respecto a un individuo illado.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Diferenciar as estratexias de crecemento das poboacións. ▪ Comprender o significado das pirámides de idade e a súa utilidade no estudo do crecemento das poboacións. ▪ Valorar a importancia do solo e as causas que provocan a súa destrución, e enumerar as medidas que a evitan.
<p>Autonomía e iniciativa persoal</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolver un espírito crítico, enfrontarse con problemas abertos, participar na construción tentativa de solucións. ▪ Desenvolver a capacidade para analizar situacións valorando os factores que incidiron neles e as consecuencias que poden ter. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Explicar as adaptacións de animais e plantas aos factores cambiantes do ambiente. ▪ Describir algunhas modificacións do ambiente realizadas polos seres vivos. ▪ Comprender a importancia das poboacións e enumerar as vantaxes e os inconvenientes con respecto a un individuo illado. ▪ Comprender o significado das pirámides de idade e a súa utilidade no estudo do crecemento das poboacións. ▪ Describir os procesos que ocorren nunha sucesión primaria. ▪ Coñecer os compoñentes do solo e os cambios que van

	<p>ocorrendo durante a súa evolución.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Valorar a importancia do solo e as causas que provocan a súa destrución, e enumerar as medidas que a
--	--

UNIDADE DIDÁCTICA Nº 10

OS ECOSISTEMAS

OBXECTIVOS

1. Coñecer a composición dun ecosistema.
2. Entender a diferenza entre a circulación da materia e da enerxía nos ecosistemas.
3. Coñecer os niveis tróficos existentes nun ecosistema.
4. Comprender os esquemas das redes tróficas.
5. Asimilar a importancia da produción dun ecosistema e coñecer os seus diferentes tipos.
6. Valorar a importancia das pirámides tróficas no estudo dos ecosistemas.
7. Coñecer a existencia dos ciclos bioxeoquímicos.
8. Identificar as características máis importantes dos ecosistemas españois.
9. Coñecer os biomas terrestres e mariños.
10. Comprender a importancia das pragas na alteración dos ecosistemas.
11. Valorar os efectos que provoca o ser humano nas súas relacións cos ecosistemas.

CONTIDOS

Conceptos

- Ecosistemas: circulación da materia e a enerxía.
- Niveis tróficos.
- Produción dos ecosistemas. Pirámides tróficas.
- Ciclos bioxeoquímicos.
- Ecosistemas terrestres e acuáticos españois.
- Biomas.
- Invasión dos ecosistemas. Pragas.
- Acción humana sobre os ecosistemas.

Procedementos

- Elaboración de cadeas e redes tróficas.
- Cálculo dalgúns parámetros tróficos.

- Estudo e interpretación de pirámides tróficas.
- Interpretación de esquemas dos ciclos bioxeoquímicos.
- Predición e prevención das consecuencias dunha acción humana sobre un ecosistema.
- Localización en mapas dos diversos ecosistemas españois, así como dos grandes biomas terrestres.
- Planificación de accións encamiñadas a evitar a invasión dos ecosistemas por pragas.
- Lectura e interpretación de noticias de prensa sobre alteracións ambientais provocadas polo ser humano.

Actitudes

- Recoñecemento da complexidade das relacións que se establecen entre os compoñentes dos ecosistemas.
- Respetto por todos os compoñentes das cadeas tróficas, que permiten o mantemento dos ecosistemas.
- Valoración da necesidade de evitar os incendios forestais.
- Recoñecemento do impacto negativo que teñen algunhas actividades do ser humano.
- Valoración da actitude propia que se mantén perante o ambiente.
- Concienciación da necesidade do coidado e do respecto polos compoñentes dos ecosistemas.
- Respetto por todas as persoas que contribúen co seu traballo á conservación dos ecosistemas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Comprender o ecosistema como un concepto dinámico e complexo.
2. Comprender os ciclos da materia e da enerxía nos ecosistemas.
3. Enumerar os niveis tróficos presentes nun ecosistema e indicar o papel que desempeña cada un.
4. Definir os parámetros tróficos principais.
5. Coñecer o significado de cadeas, redes e pirámides tróficas e sinalar o interese de cada unha.
6. Describir de maneira sinxela os ciclos bioxeoquímicos.
7. Coñecer os principais ecosistemas españois e indicar as súas características identificativas.
8. Definir o concepto bioma, diferenciando os biomas que existen tanto no medio terrestre como no mariño.
9. Coñecer as causas das pragas e a forma de combatelas.

10. Explicar os efectos da acción humana nos ecosistemas e a creación de ecosistemas novos.

CONTIDOS TRANSVERSAIS

Educación ambiental

Coñecer as relacións entre os seres vivos e o medio permitirá comprender que calquera acción efectuada nun ecosistema pode alterar o seu equilibrio dinámico. Así mesmo, recoñecer que a reserva xenética da poboación mundial de seres vivos depende da biodiversidade é fundamental para entender a necesidade de preservar esta e aproveitar os ecosistemas de maneira sostible.

Por outra parte, o coñecemento da circulación cíclica da materia na natureza permitirá comprender que calquera acción local pode ter un efecto global no planeta. Comprender a relación entre a produción dun ecosistema, o seu grao de madurez e a súa biomasa tamén é fundamental para poder valorar a explotación do medio pola especie humana.

COMPETENCIAS BÁSICAS / CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Na seguinte táboa indícanse, en cada competencia básica que se traballa nesta unidade, as subcompetencias desenvolvidas en cada unha delas e os criterios de avaliación que, no seu conxunto, se relacionan con todas elas.

COMPETENCIAS / SUBCOMPETENCIAS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Coñecemento e interacción co mundo físico	
<ul style="list-style-type: none">▪ Describir, explicar e predicir fenómenos naturais.▪ Analizar sistemas complexos nos que interveñen varios factores.▪ Describir as implicacións que a actividade humana e a actividade científica e tecnolóxica teñen no medio.▪ Identificar os grandes problemas cos que se enfronta hoxe a humanidade e as solucións que se están a buscar para resolvelos e para avanzar nun desenvolvemento sostible.	<ul style="list-style-type: none">▪ Comprender o ecosistema como un concepto dinámico e complexo.▪ Comprender os ciclos da materia e da enerxía nos ecosistemas.▪ Enumerar os niveis tróficos presentes nun ecosistema e indicar o papel que desempeña cada un.▪ Describir de maneira sinxela os ciclos bioxeoquímicos.▪ Coñecer os principais

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Adquirir a formación básica para participar na toma de decisións en torno a problemas locais e globais formulados. 	<p>ecosistemas españois e indicar as súas características identificativas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Definir o concepto bioma, diferenciando os biomas que existen tanto no medio terrestre como no mariño. ▪ Explicar os efectos da acción humana nos ecosistemas e a creación de ecosistemas novos.
<p>Matemática</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar a linguaxe matemática para cuantificar os fenómenos naturais. ▪ Utilizar a linguaxe matemática para analizar causas e consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Definir os parámetros tróficos principais. ▪ Coñecer o significado de cadeas, redes e pirámides tróficas e sinalar o interese de cada unha.
<p>Tratamento da información e competencia dixital</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar e producir na aprendizaxe da área esquemas, mapas conceptuais, informes, memorias... ▪ Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para comunicarse, solicitar información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, obter e tratar datos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender o ecosistema como un concepto dinámico e complexo. ▪ Comprender os ciclos da materia e da enerxía nos ecosistemas. ▪ Enumerar os niveis tróficos presentes nun ecosistema e indicar o papel que desempeña cada un. ▪ Definir os parámetros tróficos principais. ▪ Coñecer o significado de cadeas, redes e pirámides

	<p>tróficas e sinalar o interese de cada unha.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Descrivir de maneira sinxela os ciclos bioxeoquímicos.
Social e cidadá	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender e explicar problemas de interese social desde unha perspectiva científica. ▪ Recoñecer aquelas implicacións do desenvolvemento tecnocientífico que poden comportar riscos para as persoas ou para o medio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender o ecosistema como un concepto dinámico e complexo. ▪ Definir o concepto bioma, diferenciando os biomas que existen tanto no medio terrestre como no mariño. ▪ Explicar os efectos da acción humana nos ecosistemas e a creación de ecosistemas novos.
Comunicación lingüística	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar a terminoloxía adecuada na construción de textos e argumentacións con contidos científicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender o ecosistema como un concepto dinámico e complexo. ▪ Comprender os ciclos da materia e da enerxía nos ecosistemas. ▪ Enumerar os niveis tróficos presentes nun ecosistema e indicar o papel que desempeña cada un. ▪ Definir os parámetros tróficos principais. ▪ Descrivir de maneira sinxela os ciclos bioxeoquímicos. ▪ Coñecer os principais

	ecosistemas españois e indicar as súas características identificativas.
Aprender a aprender	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Integrar os coñecementos e os procedementos científicos adquiridos para comprender as informacións provenientes da propia experiencia e dos medios escritos e audiovisuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender o ecosistema como un concepto dinámico e complexo. ▪ Comprender os ciclos da materia e da enerxía nos ecosistemas. ▪ Describir de maneira sinxela os ciclos bioxeoquímicos.
Autonomía e iniciativa persoal	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolver un espírito crítico, afrontarse con problemas abertos, participar na construción tentativa de solucións. ▪ Desenvolver a capacidade para analizar situacións valorando os factores que incidiron neles e as consecuencias que poden ter. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender o ecosistema como un concepto dinámico e complexo. ▪ Definir o concepto bioma, diferenciando os biomas que existen tanto no medio terrestre como no mariño. ▪ Explicar os efectos da acción humana nos ecosistemas e a creación de ecosistemas novos.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Tratándose dunha área eminentemente experimental, haberá que deseñar uns métodos, unhas actividades e uns instrumentos de avaliación acordes coa metodoloxía que se seguiu ó longo do proceso de aprendizaxe.

Os tres tipos de contidos esixen distintas formas e instrumentos de avaliación. Combinaranse, por tanto, diferentes técnicas para conseguir unha información o máis completa posible. Entre os instrumentos que se poden utilizar están:

* Probas de diagnóstico inicial.

- * Probas abertas.
- * Probas obxectivas.
- * Cadernos de clase.
- * Traballos individuais e de grupo.
- * Informes de experiencias.
- * Debates.

Elaboraranse fichas de seguimento para recoller sistematicamente os datos sobre os seguintes aspectos: preconceptos, conceptos, presentación dos traballos, vocabulario, destrezas científicas (observación, experimentación, resolución de problemas, etc.), participación, integración, atención/ esforzo, iniciativa, etc.

RECURSOS DIDÁCTICOS.

Utilizarase, dentro do posible, unha variada gama de recursos que aporten información e faciliten o aprendizaxe:

- * Realización de murais.
- * Laboratorio.
- * Recursos multimedia: vídeo, ordenador, diapositivas, diaporamas,...
- * Saídas ó entorno.
- * Buscar información en internet, revistas, prensa, libros de texto, biblioteca, etc.
- * Postas en común, debates, etc.
- * Construción de instrumentos, maquetas ou aparatos.
- * Visitas a museos, fábricas, etc.

PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR ÁMBITO CIENTÍFICO DE 3º E 4º DE ESO

INTRODUCCIÓN

O ámbito científico configúrase con contidos nucleares das áreas de Matemáticas, Física, Química, Bioloxía e Xeoloxía do currículo de Educación Secundaria.

A opción por un ámbito integrado, responde á necesidade de integrar os diferentes contidos, a través de áreas máis globalizadas, para darlles así maior funcionalidade.

O alumnado ao que van dirixidos os programas de Diversificación Curricular ten frecuentemente dificultades académicas nas áreas incluídas neste ámbito, así como dificultades de expresión e comprensión. A estas características específicas do alumnado hai que engadir as características xerais, falta de motivación, desinterese, etc. Optouse por organizar os contidos partindo dun enfoque globalizador. Estes centros de interese permítenlles aos alumnos/as traballar os contidos de forma global a partir de situacións problemáticas do seu interese, o que favorecerá o desenvolvemento de actitudes positivas cara ás aprendizaxes.

A busca de solucións a problemas que xorden dos centros de interese propicia a necesidade de traballar en equipo. Isto facilita a aprendizaxe do respecto aos demais, a valoración de opinións distintas das propias, etc. Non obstante, o traballo individual é necesario para a adquisición de determinadas destrezas.

A duración deste programa será de dous cursos: 2012-2013 e 2013-2014. A elaboración do Proxecto Curricular é unha necesidade, pois ten que servir de guía no proceso de ensino-aprendizaxe. Para que este proceso conclúa con resultados satisfactorios, é necesario que se especifiquen previamente os obxectivos, e se organicen dunha forma sistemática e estruturada. Para iso é necesario atender aos seguintes aspectos: os contidos que deben aprender os alumnos, a metodoloxía que se vai aplicar e os materiais cos que se conta para conseguir os obxectivos expostos. Ademais destes elementos, tamén se terán en conta as medidas de atención á diversidade do alumnado, así como o desenvolvemento das competencias básicas e os criterios de avaliación, co fin de configurar un Proxecto Curricular que se axuste ás necesidades e á meta educativa que perseguimos.

COMPETENCIAS BÁSICAS

A incorporación de competencias básicas vai permitir poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles, desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. A adquisición destas competencias básicas, que debe ter desenvolvidas un alumno/a ao finalizar o ensino obrigatorio, capacitarano para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de maneira satisfactoria e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

As áreas de Ciencias da Natureza (Bioloxía, Xeoloxía, Física, Química) e Matemáticas van contribuír ao desenvolvemento das diferentes competencias; cada unha das competencias básicas acadarase como consecuencia, en parte, do traballo nesta área, que debe complementarse con diversas medidas organizativas e funcionais, imprescindibles para o seu desenvolvemento. A organización e o funcionamento dos centros e as aulas, a participación do alumnado, as normas de réxime interno, o uso de determinadas metodoloxías e recursos didácticos, ou a concepción, organización e funcionamento da biblioteca escolar, entre outros aspectos, poden favorecer ou dificultar o desenvolvemento de competencias asociadas á comunicación, a análise do contorno físico, a creación, a convivencia e a cidadanía, ou a alfabetización dixital. Igualmente, a acción titorial permanente pode contribuír de modo determinante á adquisición de competencias relacionadas coa regulación das aprendizaxes, o desenvolvemento emocional ou as habilidades sociais.

A planificación das actividades complementarias e extraescolares pode reforzar o desenvolvemento do conxunto das competencias básicas.

contribución da materia á adquisición das competencias básicas

Ciencias da Natureza

Coñecemento e a interacción co mundo físico

A maior parte dos contidos de Ciencias da natureza teñen unha incidencia directa na adquisición da competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico. Precisamente o mellor coñecemento do mundo físico require a aprendizaxe dos conceptos e procedementos esenciais de cada unha das ciencias da natureza e o manexo das relacións entre eles: de causalidade ou de influencia, cualitativas ou cuantitativas, e require así mesmo a habilidade para analizar sistemas complexos, nos que interveñen varios factores. Pero esta competencia

tamén require as aprendizaxes relativas ao modo de xerar o coñecemento sobre os fenómenos naturais. É necesario para iso lograr a familiarización co traballo científico, para o tratamento de situacións de interese, e co seu carácter tentativo e creativo: desde a discusión acerca do interese das situacións propostas e a análise cualitativa, significativo das mesmas, que axude a comprender e a coutar as situacións expostas, pasando pola formulación de conxecturas e a elaboración de estratexias para obter conclusións, incluíndo, se é o caso, deseños experimentais, ata a análise dos resultados.

Algúns aspectos desta competencia requiren, ademais, unha atención precisa. É o caso, por exemplo, do coñecemento do propio corpo e as relacións entre os hábitos e as formas de vida e a saúde. Tamén as implicacións que a actividade humana e, en particular, determinados hábitos sociais e a actividade científica e tecnolóxica teñen no medio ambiente. Neste sentido é necesario evitar caer en actitudes simplistas de exaltación ou de rexeitamento do papel da tecnociencia, favorecendo o coñecemento dos grandes problemas aos que se enfronta hoxe a humanidade, a busca de solucións para avanzar cara o logro dun desenvolvemento sostible e a formación básica para participar, fundamentadamente, na necesaria toma de decisións en torno aos problemas locais e globais expostos.

Competencia matemática

A competencia matemática está intimamente asociada ás aprendizaxes das Ciencias da natureza. A utilización da linguaxe matemática para cuantificar os fenómenos naturais, para analizar causas e consecuencias, e para expresar datos e ideas sobre a natureza, proporciona contextos numerosos e variados para poñer en xogo os contidos asociados a esta competencia e, con iso, dá sentido a esas aprendizaxes. Contribúese desde as Ciencias da natureza á competencia matemática na medida que se insista na utilización axeitada das ferramentas matemáticas e na súa utilidade, na oportunidade do seu uso e na elección precisa dos procedementos e formas de expresión acordes co contexto, coa precisión requirida e coa finalidade que se persiga. Por outra parte no traballo científico preséntanse a miúdo situacións de resolución de problemas de formulación e solución máis ou menos abertas, que esixen poñer en xogo estratexias asociadas a esta competencia.

Tratamento da información e competencia dixital

O traballo científico ten tamén formas específicas para a busca, recollida, selección, procesamento e presentación da información que se utiliza ademais en moi diferentes formas: verbal, numérica, simbólica ou gráfica. A incorporación de contidos relacionados con todo iso fai posible a contribución destas materias ao desenvolvemento da competencia no tratamento da información e competencia dixital. Favorece a adquisición desta competencia a mellora nas destrezas asociadas á utilización de recursos frecuentes nas materias como son os esquemas, mapas conceptuais, etc., así como a produción e presentación de memorias, textos, etc. Por outra parte, na faceta de competencia dixital, tamén se contribúe a través da utilización das tecnoloxías da información e a comunicación na aprendizaxe das ciencias para comunicarse, conseguir información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc. Trátase dun recurso útil no campo das ciencias da natureza e que

contribúe a mostrar unha visión actualizada da actividade científica.

Competencia social e cidadá

A contribución das Ciencias da natureza á competencia social e cidadá está ligada, en primeiro lugar, ao papel da ciencia na preparación de futuros cidadáns dunha sociedade democrática para a súa participación activa na toma fundamentada de decisións; e iso polo papel que xoga a natureza social do coñecemento científico. A alfabetización científica permite a concepción e tratamento de problemas de interese, a consideración das implicacións e perspectivas abertas polas investigacións realizadas e a toma fundamentada de decisións colectivas nun ámbito de crecente importancia no debate social

En segundo lugar, o coñecemento de como se produciron determinados debates que foron esenciais para o avance da ciencia, contribúe a entender mellor cuestións que son importantes para comprender a evolución da sociedade en épocas pasadas e analizar a sociedade actual. A historia da ciencia presenta sombras que non deben ser ignoradas, o mellor da mesma contribuíu á liberdade do pensamento e á extensión dos dereitos humanos. A alfabetización científica constitúe unha dimensión fundamental da cultura cidadá, garantía, de aplicación do principio de precaución, que se apoia nunha crecente sensibilidade social fronte ás implicacións do desenvolvemento tecnocientífico que poidan comportar riscos para as persoas ou o medioambiente.

Competencia en comunicación lingüística

A contribución desta materia á competencia en comunicación lingüística realízase a través de dúas vías. Por unha parte, a configuración e a transmisión das ideas e informacións sobre a natureza poñen en xogo un modo específico de construción do discurso, dirixido a argumentar ou a facer explícitas as relacións, que só se logran adquirir desde as aprendizaxes destas materias. O coidado na precisión dos termos utilizados, no encadenamiento adecuado das ideas ou na expresión verbal das relacións fará efectiva esta contribución. Por outra parte, a adquisición da terminoloxía específica sobre os seres vivos, os obxectos e os fenómenos naturais fai posible comunicar axeitadamente unha parte moi relevante das experiencia humana e comprender suficientemente o que outros expresan sobre ela.

Competencia para aprender a aprender

Os contidos asociados á forma de construír e transmitir o coñecemento científico constitúen unha oportunidade para o desenvolvemento da competencia para aprender a aprender. A aprendizaxe ao longo da vida, no caso do coñecemento da natureza, vaise producindo pola incorporación de informacións provenientes nunhas ocasións da propia experiencia e noutras de medios escritos ou audiovisuais. A integración desta información na estrutura de coñecemento de cada persoa prodúcese se se teñen adquiridos en primeiro lugar os conceptos esenciais ligados ao noso coñecemento do mundo natural e, en segundo lugar, os procedementos de análise de causas e consecuencias que son habituais nas ciencias da natureza, así como as destrezas ligadas ao desenvolvemento do carácter tentativo e creativo

do traballo científico, a integración de coñecementos e busca de coherencia global, e a auto e interregulación dos procesos mentais.

Autonomía e iniciativa persoal

A énfase na formación dun espírito crítico, capaz de cuestionar dogmas e desafiar prexuízos, permite contribuír ao desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal. É importante, neste sentido, sinalar o papel da ciencia como potenciadora do espírito crítico nun sentido máis profundo: a aventura que supón se afrontar a problemas abertos, participar na construción tentativa de solucións, en definitiva, a aventura de facer ciencia. No que respecta á faceta desta competencia relacionada coa habilidade para iniciar e levar a cabo proxectos, poderase contribuír a través do desenvolvemento da capacidade de analizar situacións valorando os factores que incidiron nelas e as consecuencias que poden ter. O pensamento hipotético propio do facer científico pódese, así, transferir a outras situacións.

Matemáticas

Competencia matemática

Pode entenderse que todo o currículo da materia contribúe á adquisición da competencia matemática, posto que a capacidade para utilizar distintas formas de pensamento matemático, co obxecto de interpretar e describir a realidade e actuar sobre ela, forma parte do propio obxecto de aprendizaxe. Todos os bloques de contidos están orientados a aplicar aquelas destrezas e actitudes que permiten razoar matematicamente, comprender unha argumentación matemática e expresarse e comunicarse na linguaxe matemático, utilizando as ferramentas axeitadas e integrando o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento para obter conclusións, reducir a incertidume e para se afrontar a situacións cotiás de diferente grao de complexidade.

Non todas as formas de ensinar matemáticas contribúen por igual á adquisición da competencia matemática: a énfase na funcionalidade das aprendizaxes, a súa utilidade para comprender o mundo que nos rodea ou a mesma selección de estratexias para a resolución dun problema, determinan a posibilidade real de aplicar as matemáticas a diferentes campos de coñecemento ou a distintas situacións da vida cotiá.

Coñecemento e a interacción co mundo físico

A discriminación de formas, relacións e estruturas xeométricas, especialmente co desenvolvemento da visión espacial e a capacidade para transferir formas e representacións entre o plano e o espazo, contribúe a profundar a competencia en coñecemento e interacción co mundo físico. A modelización constitúe outro referente nesta mesmo enderezo. Elaborar modelos esixe identificar e seleccionar as características relevantes dunha situación real, representala simbolicamente e determinar pautas de comportamento, regularidades e invariantes a partir das que poder facer prediccións sobre a evolución, a precisión e as limitacións do modelo.

Tratamento da información e competencia dixital

A incorporación de ferramentas tecnolóxicas como recurso didáctico para a aprendizaxe e para a resolución de problemas contribúe a mellorar a competencia en tratamento da

información e competencia dixital dos estudantes, do mesmo modo que a utilización das linguaxes gráfico e estatístico axudan a interpretar mellor a realidade expresada polos medios de comunicación. Non menos importante resulta a interacción entre os distintos tipos de linguaxe: natural, numérico, gráfico, xeométrico e alxébrico como forma de ligar o tratamento da información coa experiencia dos alumnos.

Competencia en comunicación lingüística

As matemáticas contribúen á competencia en comunicación lingüística xa que son concibidas como unha área de expresión que utiliza continuamente a expresión oral e escrita na formulación e expresión das ideas. Xa que logo, en todas as relacións de ensino e aprendizaxe das matemáticas e en particular na resolución de problemas, adquire especial importancia a expresión tanto oral como escrita dos procesos realizados e dos razoamentos seguidos, posto que axudan a formalizar o pensamento. O propio linguaxe matemático é, en si mesmo, un vehículo de comunicación de ideas que salienta pola precisión nos seus termos e polo seu gran capacidade para transmitir conxecturas grazas a un léxico propio de carácter sintético, simbólico e abstracto.

Competencia cultural e artística

As matemáticas contribúen á competencia en expresión cultural e artística porque o mesmo coñecemento matemático é expresión universal da cultura, sendo, en particular, a xeometría parte integral da expresión artística da humanidade ao ofrecer medios para describir e comprender o mundo que nos rodea e apreciar a beleza das estruturas que creou. Cultivar a sensibilidade e a creatividade, o pensamento diverxente, a autonomía e o apasionamiento estético son obxectivos desta materia.

Autonomía e iniciativa persoal

Os propios procesos de resolución de problemas contribúen de forma especial a fomentar a autonomía e iniciativa persoal porque se utilizan para planificar estratexias, asumir retos e contribúen a convivir coa incertidume controlando ao mesmo tempo os procesos de toma de decisións.

Competencia para aprender a aprender

As técnicas heurísticas que desenvolve constitúen modelos xerais de tratamento da información e de razoamento e consolida a adquisición de destrezas involucradas na competencia de aprender a aprender tales como a autonomía, a perseveranza, a sistematización, a reflexión crítica e a habilidade para comunicar con eficacia os resultados do propio traballo.

Competencia social e cidadá

A achega á competencia social e cidadá desde a consideración da utilización das matemáticas para describir fenómenos sociais. As matemáticas, fundamentalmente a través da análise funcional e da estatística, achegan criterios científicos para predicir e tomar decisións. Tamén se contribúe a esta competencia enfocando os erros cometidos nos procesos de resolución de problemas con espírito construtivo, o que permite de paso valorar os puntos de vista alleos en plano de igualdade cos propios como formas alternativas de abordar unha

situación

OBXECTIVOS

Os obxectivos enténdense como o conxunto de capacidades que os alumnos deben desenvolver ao longo do programa de diversificación. Partindo dunha metodoloxía axeitada e uns contidos adaptados ás características do alumnado, ten como finalidade que o alumno/a acade os obxectivos xerais, e poidan obter o título de graduado en Ensino Secundario.

Obxectivos xerais da etapa

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitirán acadar os seguintes obxectivos xerais de etapa:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade de aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, na lingua galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais

relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA ÁREA

Os Obxectivos Xerais de Etapa desenvólvense, nun segundo nivel de concreción, a través dos obxectivos específicos das distintas áreas

1. Comprender e utilizar as estratexias e os conceptos básicos das ciencias da natureza para interpretar os fenómenos naturais, así como para analizar e valorar as repercusións do desenvolvemento científico e as súas aplicacións tecnolóxicas.

2. Mellorar a capacidade de pensamento reflexivo e incorporar á linguaxe e modos de argumentación as formas de expresión e razoamento matemático, tanto nos procesos matemáticos ou científicos como nos distintos ámbitos da actividade humana.

3. Recoñecer e expoñer situacións susceptibles de ser formuladas en termos matemáticos, aplicando, na resolución de problemas, estratexias coherentes cos procedementos das matemáticas e as ciencias: elaboración de hipóteses e estratexias de resolución, deseños experimentais, a análise de resultados, a consideración de aplicacións e repercusións do estudo realizado e a busca de coherencia global.

4. Comprender e expresar mensaxes con contido científico utilizando diferentes linguaxes como oral, escrita, gráfica, multimedia, etc. con propiedade, así como comunicar a outras argumentacións e explicacións empregando os coñecementos científicos.

5. Cuantificar aqueles aspectos da realidade que permitan interpretala mellor: utilizar técnicas de recollida da información e procedementos de medida, realizar a análise dos datos mediante o uso de distintas clases de números e a selección dos cálculos apropiados a cada situación.

6. Obter información sobre temas científicos, utilizando distintas fontes, incluídas as tecnoloxías da información e a comunicación, e empregala, valorando o seu contido, para fundamentar e orientar traballos sobre temas científicos.

7. Identificar os elementos matemáticos e científicos presentes nos medios de comunicación, Internet, publicidade ou outras fontes de información e adoptar actitudes críticas fundamentadas no coñecemento para analizar, individualmente ou en grupo, estes elementos.

8. Utilizar de forma axeitada os distintos medios tecnolóxicos (calculadoras, ordenadores, etc.) tanto para realizar cálculos como para buscar, tratar e representar informacións de índole diversa e tamén como axuda na aprendizaxe.

9. Desenvolver actitudes e hábitos favorables á promoción da saúde persoal e comunitaria, facilitando estratexias que permitan facer fronte aos riscos da sociedade actual en aspectos relacionados coa alimentación, o consumo, as drogodependencias e a sexualidade.

10. Coñecer e valorar as interaccións da ciencia e a tecnoloxía coa sociedade e o medio ambiente, con atención particular aos problemas aos que se enfronta hoxe a humanidade e a necesidade de busca e aplicación de solucións, suxeitas ao principio de precaución.

11. Elaborar estratexias persoais para a análise de situacións concretas e a identificación e resolución de problemas, utilizando distintos recursos e instrumentos e valorando a conveniencia das estratexias utilizadas en función da análise dos resultados e do seu carácter exacto ou aproximado.

12. Integrar os coñecementos matemáticos e científicos no conxunto de saberes que se van adquirindo desde as distintas áreas de modo que poidan empregarse de forma creativa, analítica e crítica.

13. Aprender a traballar en equipo, respectando as achegas alleas e asumindo as tarefas propias con responsabilidade, valorando este tipo de traballo como un elemento fundamental do traballo científico e de investigación.

CONTIDOS

Diversificación 3º ESO

1. Números reais

- Números enteiros
- Números racionais
- Números reais
- Erro absoluto e relativo
- Magnitudes físicas
- Unidades de medida

2. Organización da vida, estatística e probabilidade

- Como se organiza a vida?
- Obtención de enerxía
- Multiplicación das células
- Como se organizan os seres pluricelulares?
- Virus
- Variables estatísticas
- Representacións gráficas
- Medidas de centralización
- Medidas de dispersión
- O azar. Definicións

3. Ecuacións, sucesións e informática básica

- A linguaxe alxébrica, polinomios e ecuacións
- Identidades notables
- Resolución de ecuacións de primeiro grao
- Resolución de problemas
- Sistemas de ecuacións
- Sucesións
- Progresións aritméticas e xeométricas
- Hardware e software
- Redes informáticas

4. Nutrición e alimentación

- Os nutrientes
- Os alimentos
- Que debemos comer?
- Cálculos nutricionais
- O aparello dixestivo
- O aparello respiratorio
- O aparello circulatorio
- A excreción e o aparello urinario
- Doenzas

5. Percepción, comunicación e movemento

- Células do sistema nervioso
- Receptores
- Anatomía do sistema nervioso
- Actos reflexos e voluntarios
- Sistema hormonal
- Glándulas endócrinas e hormonas que producen
- Doenzas do sistema nervioso
- Doenzas do sistema hormonal
- O aparello locomotor
- Doenzas do aparello locomotor

6. Reprodución, inmunidade e saúde

- O aparello reproductor feminino
- O ciclo menstrual feminino
- O aparello reproductor masculino
- Fecundación e desenvolvemento embrionario
- Crecemento e desenvolvemento
- Planificación da natalidade
- Doenzas de transmisión sexual (ETS)
- Saúde e doenza
- Defensas contra as infeccións
- Respostas inmunolóxicas non desexables
- Como podemos axudar ao noso sistema inmune?

7. Corpos xeométricos

- Polígonos
- Cuadriláteros
- Poliedros
- A circunferencia e o círculo
- Corpos de revolución
- A xeometría no noso contorno

- Fusos horarios
- 8.** Transformacións xeométricas e debuxo técnico
 - O plano
 - Transformacións xeométricas
 - Traslaciones e xiros
 - Simetrías
 - Semellanzas
 - Escalas
 - Debuxo técnico. Sistemas de representación
 - Vistas dun obxecto. Acotación
 - Deseño gráfico por ordenador
- 9.** Enerxía e materiais
 - A enerxía
 - Leis da conservación da materia e a enerxía
 - Fontes de enerxía
 - Enerxías renovables
 - Enerxías non renovables
 - Como utilizamos a enerxía?
 - Materiais
- 10.** Materia, electricidade e funcións matemáticas
 - A materia
 - Estados da materia: a teoría cinética
 - Funcións
 - Funcións afíns
 - Cambios de estado
 - Fenómenos electrostáticos
 - Electricidade
 - Corrente eléctrica
 - O circuío eléctrico
 - A enerxía eléctrica

Diversificación 4º ESO

- 1.** Números reais e proporcionalidade
 - Os números reais
 - Potencias de expoñente enteiro
 - Notación científica e unidades de medida
 - Proporcionalidade
 - Porcentaxes
 - Radicais
 - A recta real
- 2.** Átomos, elementos e compostos

- Substancias puras e mesturas e separación de mesturas
- Modelos atómicos
- A estrutura do átomo
- Moléculas, elementos e compostos
- Ligazón química
- Formulación e nomenclatura dos compostos químicos segundo a IUPAC

3. Ecuacións e proxectos tecnolóxicos

- Ecuacións de segundo grao
- Solucións dunha ecuación de segundo grao. Problemas
- Sistemas de ecuacións
- O aula taller de tecnoloxía
- Elaboración dun proxecto de tecnoloxía

4. A Terra, a enerxía externa e sucesos aleatorios

- O Sol: fonte de luz e enerxía
- A Terra
- Dinámica atmosférica
- Técnicas de relato
- Probabilidade: conceptos básicos
- Sucesos compostos
- Axentes xeolóxicos internos
- Modelado do relevo
- Axentes xeolóxicos externos. Meteorización

5. Axentes xeolóxicos externos e rochas sedimentarias

- Axentes xeolóxicos externos
- Acción xeolóxica das augas superficiais
- Acción xeolóxica das augas subterráneas
- Acción xeolóxica do xeo
- Acción xeolóxica do vento
- Acción xeolóxica do mar
- Rochas sedimentarias

6. Funcións alxebraicas e movemento

- O movemento
- Velocidade
- Funcións
- Ecuación do movemento rectilíneo uniforme
- Aceleración. Movemento rectilíneo uniformemente acelerado
- Funcións cuadráticas
- Representación gráfica do MRUA
- Taxa de variación media
- Caída libre

- Representación gráfica de funcións no ordenador
- 7.** Ecoloxía, recursos e funcións exponenciais
- Ecoloxía
 - Ecosistemas
 - Fluxo de enerxía e materia nos ecosistemas
 - Recursos naturais
 - A función exponencial
- 8.** Cambios químicos e medio ambiente
- Reaccións químicas
 - Axustamento de reaccións químicas
 - Tipos de reaccións químicas
 - Contaminación e impacto ambiental
 - A química do noso contorno
- 9.** Semellanzas de triángulos e forzas
- Triángulos semellantes
 - As razóns trigonométricas
 - Resolución de triángulos
 - As leis de Newton
 - A lei da gravitación universal
 - Que forzas actúan sobre un corpo?
 - Descomposición de forzas
 - Forzas en fluidos
- 10.** Electricidade e magnetismo
- Asociación de resistencias en paralelo
 - Corrente eléctrica
 - Circuitos de corrente continua
 - Código de cores das resistencias
 - Efecto Joule
 - Magnetismo
 - Aplicacións da electricidade e o magnetismo
 - A electricidade no fogar

METODOLOXÍA

O ámbito científico-técnico incluírá, as materias de Matemáticas e Ciencias da natureza (Física, Química, Bioloxía e Xeoloxía).

Hai que lembrar que os alumnos de diversificación presentan importantes carencias nos coñecementos básicos; partírase de contidos mínimos que possibiliten ao alumno o desenvolvemento de capacidades instrumentais, facilitándolle a construción de aprendizaxes significativos, fundamentais para o seu futuro escolar e profesional; en consecuencia, destácanse os contidos procedimentais e actitudinais sobre os conceptuais.

A pesar de que os grupos de diversificación están formados por un número reducido de

alumnos, hai que ter en conta a heteroxeneidade do alumnado no que respecta aos seus coñecementos, habilidades, actitudes, aptitudes, intereses e realidades sociais.

O profesor debe planificar e poñer en práctica unha serie de estratexias de ensino e aprendizaxe para atender axeitadamente aos alumnos. incluíndo unha serie de medidas que dean resposta educativa á totalidade dos alumnos.

Entre os **recursos materiais** pódense citar:

- Materiais de apoio
- Uso de distintas fontes de información: periódicos, revistas, libros, Internet, etc.; xa que o alumno debe desenvolver a capacidade de aprender a aprender.
- Aula de Informática, onde o profesor ensinará estratexias tanto de busca como de procesamento da información.
- Biblioteca do Centro, onde o alumno poida estudar e atopar, nos libros desta, información para a resolución de actividades.
- Diferentes enciclopedias virtuais ou en CD como a enciclopedia Encarta.
- Vídeos, CDS didácticos e películas relacionadas coas diferentes Unidades.
- Laboratorio de Física /Química e de Bioloxía /Xeoloxía onde os alumnos poidan realizar diferentes prácticas
- Tamén se pode utilizar o aula de audiovisuais, para ver un vídeo didáctico ou unha película relacionada coa Unidade correspondente.

METODOLOXÍA DOCENTE

Dentro deste apartado podemos distinguir:

1. Atención individualizada, que pode realizarse debido ao número reducido de alumnos, e que permite:

- A adecuación dos ritmos de aprendizaxe ás capacidades do alumno.
- A revisión do traballo diario do alumno.
- Fomentar o rendemento máximo.
- Aumento da motivación do alumno diante da aprendizaxe para obter unha maior autonomía.
- A reflexión do alumno sobre o seu propio aprendizaxe, facéndolle partícipe do seu desenvolvemento, detectando os seus logros e dificultades.
- Respetar os distintos ritmos e niveis de aprendizaxe.
- Non fixar só contidos conceptuais, pois hai alumnos que desenvolven as capacidades a través de contidos procedimentales.
- Relacionar os contidos novos cos coñecementos previos dos alumnos.
- O repaso dos contidos anteriores antes de presentar os novos.
- A relación dos contidos con situacións da vida cotiá.
- O traballo das unidades con diferentes niveis de aprofundamento, para atender aos alumnos máis avantaxados e aos máis rezagados.

2. Traballo cooperativo

Polas características dos grupos de Diversificación, considérase fundamental que o alumno

traballe en grupo e desenvolva actitudes de respecto e colaboración cos seus compañeiros. A este respecto resulta eficaz:

- Que os grupos sexan heteroxéneos no que se refire ao rendemento, sexo, orixe cultural, capacidades, necesidades educativas, ritmos de aprendizaxe, etc.
- Dependendo das actividades propostas, tamén se poden formar outro tipo de agrupacións: en parellas, de grupo xeral ou individual. Con isto conseguimos dar resposta aos diferentes estilos de aprendizaxe dos alumnos.
- É importante implicar aos alumnos en traballos de investigación e exposición posterior dalgúns temas relacionados cos contidos da Unidade que estean estudando.
- Utilización deste modelo de grupos a través de presentacións, proxectos e talleres.

3. Os contidos das Unidades desenvolveranse seguindo os seguintes criterios:

- Variada gama de actividades graduadas en dificultade e en profundidade respecto aos contidos.
- Todas as actividades teñen como finalidade fixar os conceptos básicos, así como desenvolver e aplicar as distintas habilidades á hora de resolvelas.
- Conscientes do tipo de alumnado diversidade das actividades, graduadas de menor a maior dificultade.
- A relación entre as distintas áreas que compoñen o ámbito permite ao alumno comprender que as disciplinas científicas están estreitamente relacionadas entre si, sendo necesario manexar unhas para comprender outras.
- Os alumnos realizarán unha avaliación inicial, para que o profesor averigüe os distintos niveis dos seus alumnos.
